



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros Manuel González Moreira e Oliva Eva López González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos do goberno municipal:

A actual crise económica internacional está a causar un forte incremento do desemprego. Para paliar esta situación o Goberno de España elaborou entre outros un plan de investimento extraordinario a través dos concellos. Dentro do devandito plan correspóndenlle ao noso un total de douscentos trinta e tres mil setecentos vinte e oito euros (233.728,00 €).

Analizadas as máis urxentes necesidades do concello, buscando realizar investimentos que xeren o maior número de empregos posibles, propoñemos ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar a inclusión no Fondo Estatal para o emprego e a Sostibilidade Local financiado de acordo co disposto no Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro (B.O.E. 259/2009 do 27 de outubro) da obra de "mellora da rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas" por un importe total de douscentos tinta mil euros (230.000,00€) de acordo co detalle que se indica:

Concepto	Sen I.V.E.	I.V.E.	Total
Proxecto	6.000,00	960,00	6.960,00
Execución da obra	186.275,86	29.804,14	216.080,00
Dirección de obra	6.000,00	960,00	6.960,00
Total	198.275,86	31.724,14	230.000,00

2.- Aprobar a memoria explicativa valorada da obra indicada.

A concelleira delegada de medio ambiente expón os motivos polos que se inclúe esta obra xa que compre mellora-la depuración de augas residuais e separalas das augas pluviais. En principio se fai unha depuradora nova e se arranxa a outra, separando as augas pluviais na Avda. de Outeiro, na da Feira e na zona entre os dous ríos.

O portavoz do grupo popular pregunta se as instalacións irán polo centro da calzada, se non se inclúen máis obras no plan e se a Deputación non paga os proxectos.

O alcalde responde que o proxecto vai con cargo ao plan este ano, que non se inclúen máis obras xa que a cantidade dispoñible non chega para rematar esta, e que as canalizacións discurrirán polas veirúas.

O portavoz popular fai consta-lo seu malestar porque se convoque un pleno extraordinario a estas horas e a só dous días do remate do prazo cando o do PlanE xa era previsible. Di que estas horas non favorecen a asistencia dos concelleiros que teñen outros traballos e non se dedican en exclusiva ao concello.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.

O alcalde anuncia que este asunto se retira da orde do día por haber sido incluído por un erro administrativo.

O portavoz popular di que deben evitarse estas situacións e se pregunta que sucedería se chegase a facerse unha proposta de nomeamento.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e oito de xaneiro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRES DE MARZO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día tres de marzo de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2010 e que figura a seguir, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- *Incluír no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal para 2010 a obra que se indica e co financiamento que se sinala:*

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón	27.422,04	13.711,02	13.711,02	54.844,08

2.- Comprometerse en nome do Concello a achegar con cargo ó Orzamento Xeral de 2010 a cantidade que se sinala como achega municipal.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- APROBACIÓN PROXECTO TÉCNICO E PREGOS CONDICIÓNS OBRA PLANE.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde:

Visto o proxecto técnico e os pregos de condicións para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra que se indica, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto técnico da obra de “Mellora da rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas” na Pobra do Brollón.

2.- Aproba-lo prego de condicións para a contratación da indicada obra por procedemento negociado sen publicidade que figuran a seguir.

Prego de cláusulas administrativas particulares para contratos de obras.

Procedemento negociado sen publicidade.

1. *Obxecto do contrato.*

O contrato terá por obxecto a execución das seguintes obras:

<i>Título do proxecto</i>	<i>CNAE</i>
<i>Mellora da Rede de Saneamento e de infraestruturas de depuración de augas</i>	

Os proxectos reúnen os requisitos dos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e a Sostentabilidade Local

2. *Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.*

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se satisfarán as necesidades de saneamento e infraestruturas do concello.

3. *Presuposto base de licitación.*

O presuposto base de licitación ten un importe que se indica no cadro que sigue:

<i>Título do proxecto</i>	<i>Orzamento</i>	<i>I.V.E.</i>	<i>Total</i>
<i>Mellora da Rede de Saneamento e de infraestruturas de depuración de augas</i>	<i>198.275,86€</i>	<i>31.724,14€</i>	<i>230.000.€</i>

Da cantidade anterior, corresponde en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido o que se indica.

4. *Anualidades en que se distribúe.*

O pagamento das cantidades correspondentes ao presuposto do contrato aboarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2010

5. *Aplicación orzamentaria.*

O proxecto finánciase con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostentabilidade Local creado polo Real Decreto Lei 13/2009 de 26 de outubro.

6. *Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.*

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

Real Decreto Lei 13/2009 por o que se crea o Fondo Estatal para o emprego e a Sostentabilidade local .

Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 de 30 outubro de contratos do sector público.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 30/2007.

Resolución da Secretaría do Estado de Cooperación Territorial de 2 de novembro de 2009

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

O prego de prescricións técnicas.

Os planos.

A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 de Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.

Os cadros de prezos.

O documento no que se formalice o contrato.

7. Prazo de execución.

O prazo de execución do contrato será o que se indica no cadro seguinte meses a contar dende a comprobación do reformulo da obra e concluír antes do día 31 de decembro de 2010. (En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 16 do Real Decreto- Lei 13/2009 de 26 de outubro).

<i>Título do proxecto</i>	<i>Prazo de execución</i>
<i>Mellora da Rede de Saneamento e de infraestruturas de depuración de augas</i>	<i>Cinco meses</i>

8. Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase polo procedemento negociado sen publicidade posto que o contrato se atopa incluído no suposto previsto no artigo 161.2 da Lei de Contratos do Sector Público e o seu presuposto base de licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, non supera o límite dos 200.000,00€. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lei 13/2009 de 26 de outubro aplicarase o trámite de urxencia regulado nos artigos 96 e 128 da Lei.

9. Gastos a aboar en caso de renuncia ou desistimento.

En caso de renuncia ou desistimiento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese. Iso non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite do 6% do tipo de licitación.

10. Clasificación esixible.

Non se esixe clasificación.

11. Garantías esixibles.

Provisional: non se esixe.

Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

Complementaria: En caso de baixa temeraria ou desproporcionada que non supoña o rexeitamento da proposición, ademais da garantía definitiva indicada no parágrafo anterior deberá constituírse unha garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación do contrato, sen incluír o IVE. Para a declaración como temeraria dunha baixa se estará ó previsto no artigo 86 do Regulamento xeral

da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

12. Presentación de ofertas.

A documentación para as licitacións presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, indicando así mesmo teléfono, fax e correo electrónico. No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentaranse nas dependencias ou oficinas designadas no anuncio do contrato, dando ao presentador como acreditación recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

13. Forma en que deben presentarse as ofertas.

As ofertas presentaranse en dous sobres numerados correlativamente.

O SOBRE NÚMERO 1. Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 130 da Lei 30/2008, do 30 de Outubro, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

1º) Documentos xustificativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos por que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda ademais de copia do N.I.F. da empresa.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea xustificárase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán xustificar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quen subscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados. Ó poder deberá xuntárselle documento que acredite que é bastante asinado por licenciado en dereito.

3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresárase a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación. (non obrigatorio).

5º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluíra a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta.

6º) Acreditación da solvencia. De presentar documento de clasificación, no será necesaria.

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, por un ou varios dos medios seguintes:

- Solvencia financeira:

A solvencia técnica e profesional acreditarase por un dos seguintes medios.

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa.

- Solvencia técnica e profesional:

A solvencia técnica e profesional acreditarase por un dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

7º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeira. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

8º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

9º) Empresas que teñan no seu equipo persoas con incapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán xuntar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, ten no seu equipo un número de traballadores con incapacidade superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.

B) O SOBRE Nº 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica presentarse conforme ao modelo que se incorpora como anexo I.

Así mesmo se incluírá declaración das empresas sobre o número de persoas a ocupar con ocasión da execución do contrato, con indicación de se son xa da empresa ou contratos novos e do número de homes e mulleres e o número estimado de xornadas laborais necesarias.

14. Prazo de presentación das ofertas e demais os seus requisitos.

O órgano de contratación deberá invitar polo menos tres empresas con capacidade e solvencia para executar o contrato para que concorran á licitación. Estas deberán presentar as súas ofertas dentro do prazo que rematará o día quince de marzo de dous mil dez.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á súa apertura en público destas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

15. Criterios para a adxudicación do contrato.

A baixa ofertada se valorará a razón de 1 punto por cada 100,00 euros (I.V.E. excluído) de baixa.

As melloras de obra ofertadas se valorarán a razón de 10 puntos por cada 100,00 euros (I.V.E. excluído) de mellora.

O volume de man de obra ocupada se valorará a razón de:

- Por cada traballador desempleado asignado para a realización das obras a razón de 25 puntos por cada un.
- Por cada traballador desempleado da Pobra do Brollón asignado para a realización das obras a razón de 50 puntos cada un.

O licitador deberá declarar ao inicio das obras os traballadores asignados á obra, aportando o contrato de traballo ou documento equivalente ou outro documento equivalente.

En todo momento, salvo xustificación por causas de forza maior, deberán estar nas obras polo menos o 75% dos traballadores asignados, podendo ser obxecto de inspección por parte da entidade contratante.

En caso do non cumprimento co expresado nestes pregos se imporá unha sanción administrativa ou calquera outra penalización que acorde o órgano de contratación.

16. Variantes

Os licitadores non poderán propoñer variantes ou melloras ao proxecto.

17. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados ou que as melloras de obra ofertadas superen o 10% de dita media.

18. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, do 30 de Outubro relativas á publicidade da adjudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidencias. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

19. Revisión de Prezos:

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei en relación coa cláusula 7 non existe revisión de prezos.

20. Apertura da documentación e das ofertas.

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, a mesa de contratación estará formada por:

- Tres membros da corporación, un por cada grupo político.*
- O secretario do concello.*
- O técnico municipal.*

Será presidida polo membro do concello da maior rango dos asistentes. Formará parte da mesa como secretario, con voz pero sen voto, un traballador dos servizos administrativos do concello.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público, efectuarase pola mesa de contratación constituída ao efecto. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunícase verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia Mesa de contratación.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse admitidos á licitación aos licitadores que acreditaran o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Realizadas estas actuacións, abranse os sobres de oferta económica e se procederá á súa valoración.

21. Adxudicación provisional e definitiva.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato e publicarase conforme ao establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende aquel no que se abran os sobres de oferta económica.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cando se esixa expresamente con arranxo ao disposto no artigo 53.2 desta Lei, a documentación acreditativa de que o adxudicatario dispón de medios materiais e persoais que especificamente deberá adscribir a execución do contrato.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo establecido no artigo 17.1 b) do Real Decreto- Lei 13/2009 de 26 de outubro.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Igualmente cando se esixa ao adxudicatario que concerte algún tipo de seguro antes da formalización do contrato deberá aportarse a póliza correspondente.

22. Responsable do contrato, dirección da obra e delegado da obra.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

23. Comprobación do reformulo e programa de traballos.

No prazo de quince días naturais como máximo, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse o reformulo e estenderse a acta relativa a este.

O adxudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de contratación. O devandito programa deberá presentarse en prazo non superior a quince días naturais dende a formalización do contrato e desenvolverá o presentado coa súa proposición, que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais. Á vista deste, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ao contrato.

24. Plan de seguridade e saúde no traballo.

No prazo de quince días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao Órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre a procedencia da súa aprobación.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes dende a sinatura do contrato. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no pará-

grafo anterior, non fose posible empezar as obras ao recibir autorización para o seu inicio, non poderá reclamar ampliación ningunha de prazo por este motivo.

25. Prazos.

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se establecesen, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do reformulo.

26. Réxime de pagamentos.

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aborarán de conformidade co establecido nos artigo 200 e 215 da Lei de Contratos do Sector Público e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 9.5 do Real Decreto- Lei 9/2008, do 28 de Novembro, o concello terá a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección das obras, existisen razóns para consideralo inconveniente. As certificacións así expedidas só devengarán intereses por demora dende a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da Lei de Contratos do Sector Público e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, esixiráselle a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

27. Condicións especiais de execución.

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución de obras se atope en situación de desemprego.

28. Penalidades.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de

Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

b) *Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:*

- *Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.*

- *Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.*

- *En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá o contratista da obriga que legalmente incúmbele en canto á reparación dos defectos.*

c) *Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:*

- *Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.*

- *Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.*

- *Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.*

d) *Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total coma cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.*

29. Subcontratación.

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata un límite do 50%.

A subcontratación rexerase polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público (arts. 210 e 211) e na Lei 32/2006, do 18 de Outubro, Reguladora da subcontratación no sector da construción.

En todo caso, e de conformidade co que dispón o artigo 9.5 do Real Decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro, os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións a realización das cales lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- *Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.*

- *Como regra xeral, a súa contía será unha 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.*

30. Cumprimento do contrato.

A recepción do contrato rexeráse polo establecido no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

O rexeitamento final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

O cumprimento non defectuoso do contrato

O cumprimento dos criterios de adxudicación.

O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

31. Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da devandita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerarase causa de resolución de contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 28 no seu primeiro parágrafo cando este se deba considerar como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 29.1 no seu último parágrafo.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da Lei.

32. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de un ano e comezará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a custa daquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

33. Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior procederase á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

34. Xurisdición.

As cuestións que poidan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a xurisdición contencioso- administrativa.

O portavoz do grupo popular di que se debe incentivar a participación de empresas locais que contraten traballadores da zona. Pregunta así mesmo por onde discorrerá a rede de sumidoiros da avenida de Outeiro.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de marzo de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día trinta de marzo de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de outubro de dous mil nove.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil nove.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dez.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día tres de marzo de dous mil dez.

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aprobar a inclusión no Fondo Estatal para o emprego e a Sostibilidade Local financiado de acordo co disposto no Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro (B.O.E. 259/2009

do 27 de outubro) do servizo de “mellora dos servizos sociais de concello” por un importe total de tres mil setecentos vinte e oito euros (3.728,00€) de acordo co detalle que se indica:

Concepto	Sen I.V.E.	I.V.E.	Total
Execución do servizo	3.213,79	514,21	3.728,00
Total	3.213,79	514,21	3.728,00

2.- Aprobar a memoria explicativa valorada do servizo indicado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día oito de febreiro de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-la memoria da obra de “renovación de instalacións de iluminación exterior no concello” cun orzamento total sen I.V.E. de vinte e sete mil cincocentos oitenta e oito euros con oitenta e tres céntimos (27.588,83€).

2.- Solicitar da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia unha achega para dita inversión ao abeiro da Resolución de 21 de outubro de 2009.

3.- Comprometerse, en caso de obte-la achega á execución da inversión sinalada.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- ADXUDICACIÓN DE OBRA DO PLANE 2010.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra que se indica e a proposta da mesa de contratación, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar a obra de “mellora da rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas” a D. Manuel Casanova Castro (Excavaciones Casanova) con D.N.I. número 34.256.711-M no prezo ofertado de douscentos trinta mil euros co seguinte desagregamento:

2.- O prazo de execución da obra é de 5 meses.

Prezo sen I.V.E.	I.V.E.	Prezo total
186.275,86	29.804,14	216.080,00

3.- Na obra traballarán 2 persoas xa integradas na empresa e 5 contratadas novas en desemprego.

4.- O contratista deberá facer as obras adicionais sen cargo para o concello que se lle indiquen polo director de obra ou polo representante do concello por un valor, a prezos de proxecto de corenta e tres mil seiscientos vinte euros con sesenta e oito céntimos (43.620,68€).

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- ADJUDICACIÓN DE OBRA DEL PLANE 2010.

Se da cuenta de la siguiente propuesta de la primera teniente de alcalde dictaminada favorablemente por la Comisión Informativa y Especial de Cuentas

Visto el expediente de contratación por procedimiento negociado sin publicidad de la obra que se indica y a propuesta de la mesa de contratación, propongo al pleno que adopte el acuerdo siguiente:

1.- Adjudicar la obra de “mejora de la red de saneamiento y de infraestructuras de depuración de aguas” a la D. Manuel Casanova Castro (Exca-

Precio sin I.V.A.	I.V.A.	Precio total
186.275,86	29.804,14	216.080,00

vaciones Casanova) con D.N.I. número 34.256.711-M en el precio ofertado de doscientos treinta mil euros con el siguiente desglose:

2.- El plazo de ejecución de la obra es de 5 meses.

3.- En la obra trabajarán 2 personas ya integradas en la empresa y 5 contratadas nuevas en desempleo.

Sometida a votación la anterior propuesta, por unanimidad se acuerda su aprobación.

1.04º.- PREGO DE CONDICIÓN E PROXECTO DA OBRA DO POLIDEPORTIVO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o expediente de contratación da obra que se indica, propono ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto técnico da obra de “rehabilitación do polideportivo municipal”.

2.- Aproba-los pregos de condicións económico administrativas para a contratación de dita obra por procedemento negociado con publicidade co texto que se indica a seguir.

3.- Proceder á licitación da obra.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do Contrato

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes en Rehabilitación do Polideportivo Municipal, de acordo co proxecto técnico redactado polo arquitecto Xosé Lois López Otero.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras tal e como establece o artigo 6 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de rehabilitación do polideportivo municipal será o procedemento negociado con publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles de acordo co artigo 153.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

De acordo co previsto no artigo 126 da Lei citada a licitación publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Para a negociación das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios aspectos directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula duodécima deste Prego.

Á vista do importe do contrato que ascende a 452.271,81 euros IVE engadido, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, será o Pleno posto que dito importe supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.pobradobrollon.es.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 452.271,81 euros. IVE vixente no momento

da facturación engadido.

O importe abonarase con cargo á partida 340.622 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas 452.271,81€ que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato de obras de rehabilitación de polideportivo municipal será de seis meses, como máximo

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replánteo no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato.

Non poderá prorrogarse o prazo de execución salvo causa de forza maior.

CLÁUSULA SEXTA. Solicitudes de Participación e Criterios para a Selección

Solicitudes de Participación

O órgano de contratación dispoñerá a correspondente publicación do anuncio de licitación para a presentación de solicitudes de participación, no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no Perfil de contratante.

As solicitudes de participación presentaranse no Concello en Avda de Galicia nº 50 en horario de atención ao público no prazo de 15 días dende o anuncio de licitación.

As solicitudes de participación presentaranse en sobre pechado, asinado polo solicitante e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Solicitud para Participar na contratación de Rehabilitación do polideportivo municipal ».

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas dos documentos seguintes:

1) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación e así como a **capacidade de obrar** dos empresarios, que se acreditará:

a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. **Dos demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2) A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público poderán realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderán ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderán tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3) Os que acrediten os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

4) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

Criterios de selección:

Os criterios obxectivos de solvencia, de acordo aos cales serán invitados a presentar propostas, serán os seguintes:

A solvencia económica e financeira do empresario poderán acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do referido volume de negocios.

A **solvencia técnica** ou profesional dos empresarios poderán acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, os certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do Contratista

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 25.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aínda en vigor tal e como establece a Disposición Transitoria Quinta da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, para contratar será requisito indispensable que o empresario dispoña da seguinte clasificación:

Grupo: C Subgrupos: 2, 4, 6 e 9 Categoría: D

CLÁUSULA OITAVA. Invitacións

O órgano de contratación, a proposta da Mesa e unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará aos que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas ofertas, nun prazo de 10 días, contados desde a data de envío da invitación.

O número mínimo de empresarios aos que se invitará a participar no procedemento será de tres, sempre que sexa posible.

O número de candidatos invitados a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo fixado previamente. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non solicitasen participar no mesmo, ou a candidatos que non posúan esas condicións.

As invitacións conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción das proposicións, a dirección á que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, si se admite algunha outra ademais do castelán, e os aspectos de negociación do contrato.

A invitación aos candidatos conterá copia do Prego e da documentación complementaria, ou as indicacións necesarias para o acceso a estes documentos.

As ofertas presentaranse no Concello Avda. de Galicia nº 50, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

CLÁUSULA NOVENA. Forma de Presentación da Documentación

A documentación poderá presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da mesma mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato. A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuárase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación.

En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a oferta, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na Disposición Adicional Décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro.

CLÁUSULA DÉCIMA. Ofertas

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o ha fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dos sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para licitar á contratación das obras de Rehabilitación Polideportivo Municipal».

A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»: Documentación Técnica e Garantías**

— **Sobre «B»: Oferta Económica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» Documentación Técnica e Garantías

Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe do tres por cento do orzamento do contrato

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as ofertas segundo os aspectos de negociación, que figuran nas cláusulas sexta e sétima deste prego

SOBRE «B» Oferta Económica

a) Oferta económica

Presentarase conforme ao modelo que figura como anexo:

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Garantía Provisional

Os candidatos deberán constituír unha garantía provisional por importe do 3% do orzamento do contrato que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuxo caso a garantía provisional cancelarase simultaneamente á constitución da definitiva.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación:

- *Importe das obras complementarias e equipamentos que o licitador oferte realizar sen custo para o concello e valoradas a prezo do proxecto ou mediante acta de prezos contradictorios tomando como referencia a última edición publicada polo instituto tecnolóxico de Galicia.*
- *Prazo de execución.*
- *Controles de calidade adicionais sobre os contemplados no proxecto.*

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, catro vogais, entre os cales estará o Secretario e o Técnico do concello, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. Rafael Castillo Reboiro, Vogal (Secretario da Corporación).
- D. Xosé Lois López Otero, Vogal (Técnico do concello).
- D. José Antonio García Pérez, Vogal.
- D. Adoración Fernández González, Vogal.
- D. José Luís Maceda Vilariño, Vogal
- D. Alberto Fraga González,, que actuará como Secretario da Mesa.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Apertura das Solicitudes de Participación

A Mesa de Contratación constituirase o oitavo día hábil tras a finalización do prazo de presentación das solicitudes, ás _____ horas. Cualificará as solicitudes de participación e documentación administrativa.

A Mesa poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

A Mesa de contratación unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, propoñerá ao órgano de contratación a selección dos que deben ser invitados a presentar ofertas e pasar á seguinte fase.

O órgano de contratación invitará por escrito aos participantes a presentar as ofertas nun prazo de 10 días desde a data de envío da invitación.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Apertura de Ofertas e Adjudicación Provisional

Nos procedementos negociados a adjudicación provisional concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

A Mesa de Contratación constituirase o oitavo día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás _____ horas. Cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

E posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B» e comezará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, realizará proposta de adjudicación provisional ao órgano de contratación.

A adjudicación provisional do contrato deberá efectuarse no prazo de _____ desde a apertura das ofertas; debendo notificarse a mesma aos candidatos e publicándose no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de contratante.

A proposta de adjudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adjudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Garantía Definitiva

Os que resulten adjudicatarios provisionais dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre el Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase en función do que establece a Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Elevación a Definitiva da Adjudicación Provisional

O órgano de contratación previo os informes técnicos que considere oportunos, valorará no seu conxunto as distintas ofertas e previa negociación dos aspectos económicos e técnicos, no seu caso, adjudicará o contrato motivadamente.

Se o órgano de contratación adxudica a persoa diferente ao proposto pola mesa deberá **motivar** a elección.

Durante o prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que se publique a resolución de adxudicación provisional nun diario oficial ou no perfil de contratante, o empresario proposto como adxudicatario que non presentase estes documentos conxuntamente coa oferta, deberá presentar as certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei 30/2007, que lle reclame o órgano de contratación, así como constituír a garantía que, no seu caso, sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cosa nestes pregos.

Realizada a adxudicación do contrato, procederase a devolución da garantía provisional prestada polos candidatos excepto a correspondente ao adxudicatario, que quedará retida ata a constitución da garantía definitiva.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación definitiva; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

A) Abonos ao contratista.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o Director de obra. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supoñendo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por abastos de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, a tal efecto, determinan o artigo 215 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

B) Obrigacións do contratista.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 53.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos en o artigo 210 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación.

- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto en dita zona como nos seus lindes e inmediacións.

- A subcontratación das obras límitase ao 75% do prezo.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.

Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

En dito Plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o Contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudo.

O Plan será aprobado polo Pleno Concello, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde ou da Dirección facultativa da Obra, se non fose preceptivo designar Coordinador, e comunicarse á Autoridade Laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de reformulación e inicio da obra.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Revisión de Prezos

O prezo deste contrato non poderá ser obxecto de revisión tendo en conta o prazo de execución previsto.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Recepción e Prazo de Garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, si se nomease, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Si se encontran as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de un ano a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportu-

nas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Execución do Contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación de replanteo e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación da reformulación feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

As obras executaranse con estricta suxeición ás estipulacións contidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste desen ao contratista o Director facultativo das obras, e no seu caso, o responsable do contrato, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Modificación do Contrato

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Hai que ter en conta que en ningún caso poderán afectar ás condicións esenciais do contrato.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do mesmo ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 155.b) da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Neste sentido, poderán adxudicarse os contratos de obras por procedemento negociado, cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, ou no proxecto de concesión e o seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ao contratista da obra principal ou ao concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contradictoriamente, sempre que as obras non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes á Administración ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50% do prezo primitivo do contrato. As demais obras complementarias que non reúnan os requisitos sinalados deberán ser obxecto de contratación independente.

Non obstante, serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras, que sendo conforme co parágrafo primeiro, produzan aumento, redución ou supresión de unidades de obra

ou substitución dunha clase de fábrica por outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Penalidades por Incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de **2,00** euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais ofertados de acordo co nivel de incumprimento previo informe do director da obra ata un límite do 10% do prezo do contrato

Cando se supere o nivel máximo de subcontratación impórse unha penalidade do 10% do importe do exceso de obra subcontratada.

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 206 a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativa será a competente para resolver as controversias que Xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE PRÉSTAMO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Á vista da situación económica do concello propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Solicitar do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. unha prórroga dun ano no período de carencia do préstamo número 43746785.

2.- Aprobar o anexo a dito contrato co texto que figura a seguir.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura de dito anexo.

1. O BANCO DE CRÉDITO LOCAL DE ESPAÑA S.A. (hoxe BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARÍA S.A.) entregou un préstamo de 766.469,45 euros ao CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN, cuxas condicións de devolución se pactaron en contrato de préstamo de data 17 de xuño de 2.004.

2. O capital pendente de devolución por razón do citado préstamo, despois da amortización efectuada, é de 718.565,11 euros.

3. Con data de 15 de maio de 2007, formalizouse un anexo de modificación de prazo acordando que o capital pendente de devolución se devolvería en 15 anos a partir do 15 de maio de 2010, sendo a primeira amortización o 15 de maio de 2.011 e as sucesivas, o mesmo día de maio dos anos naturais seguintes ata o seu vencemento, o 15 de maio de 2.025.

4. O CONCELLO ten solicitado ao Banco a prórroga do prazo de carencia do préstamo e este accedeu nos termos do presente ANEXO.

En consecuencia ACORDAN:

1. O Capital pendente de devolución devolverase en 14 anos a partir do 15 de maio de 2.011, mediante 14 cotas anuais nos mesmos días dos anos sucesivos, comprensivas cada unha delas dunha décimo cuarta parte do capital pendente de devolución máis os intereses percibidos.

2. A primeira cota de amortización será o 15 de maio de 2.012 e as sucesivas o mesmo día de maio dos anos naturais sucesivos. Ata entón, o Concello pagará unicamente dúas cotas de intereses nos seguintes vencementos: 15 de maio de 2.010 e 15 de maio de 2.011, é dicir, engádese un ano máis ao período de carencia ata o 15 de maio de 2.011.

3. Esta prórroga percibe unha comisión de modificación do 0,10% sobre o capital pendentes de devolución, que será satisfeita unha vez modificado o prazo de carencia.

4. Ambas as dúas partes manteñen na súa integridade o resto de condicións e cláusulas pactadas no contrato de préstamo do 17 de xuño de 2004.

O concelleiro delegado de Facenda explica ás causas polas que se fai dita proposta, especialmente a situación de crise que hai neste momento e a necesidade de que o concello siga a prestar os servizos básicos aos cidadáns.

O portavoz popular di que o goberno anterior tiña vontade de ir rebaixando a débeda e amortizaron uns 47.000€. que este goberno non fixo amortizacións en períodos de bonanza. Que xa se opuxeron á anterior prórroga do período de carencia e o farán agora novamente pois esto supón que nos catro anos non se amortice ren. Remata dicindo que o actual goberno deixará, ao fin do seu mandato, esta débeda intacta ademais do endebedamento novo que orixinou nestes anos. Pregunta se xa está amortizada a póliza de 120.000€.

A portavoz socialista di que esta débeda é herdada e que o que o actual goberno está a facer é unha serie de cambios que permitan aforrar para logo poder facer fronte aos créditos. Sinala como exemplo a modificación na captación de augas que permitirá aforrar o importante gasto en bombeo.

O portavoz popular di que se hai vontade de aforrar o que hai que facer é paga-la débeda como fixeron eles e precisamente nun ano electoral no que dispor destes cartos para facer obras pudo supoñer que o P.P. ganase.

O alcalde di que como o portavoz popular recoñeceu, este é un préstamo herdado, pero que non foi utilizado no seu día para gasto produtivo, se non para gasto corrente. Sinala que no período de crise se perciben menos ingresos do Estado polo que o Banco fixo esta oferta aos concellos en espera da próxima recuperación económica, iniciativa que agradece. Engade que non se amortizaron os préstamos pero que tiveron que facer fronte a moitas facturas non pagadas da etapa anterior e para as que non existía orzamento. Remata dicindo que o grupo popular tivo moitos máis anos para rebaixar a débeda.

O portavoz popular di que o gasto no centro de día foi debido a un erro no proxecto, e que o da liña de Loureiro foi debido a una sentenza xudicial, pero que aínda pode acabar custando máis. Di que no mandato do seu partido se fixeron moitas infraestruturas.

Sometida a votación a proposta se aproba con seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista e os cinco en contra do grupo popular.

1.06º.- DESAFECTACIÓN PARCIAL DO EDIFICIO DO C.E.I.P..

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o escrito do C.E.I.P. da Pobra do Brollón, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Solicitar da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia a desafectación da ala norte do edificio do C.E.I.P. da Pobra do Brollón e dos terreos situados ao norte do mesmo e a súa cesión ao concello.

2.- Comprometerse a realización dunha entrada independente para a parte desafectada fora do recinto escolar.

O portavoz popular pregunta se é unha proposta do grupo de goberno do concello ou do claustro e o consello escolar. A proposta supón un aforro para o colexio pero un gasto para o concello. Haberá que facer unha entrada, pode que un peche, separación de circuítos eléctricos e calefacción.

A tenente de alcalde di que a Consellería vai facer a reforma. Que só hai que facer unha entrada e que os custos de mantemento xa os paga o concello.

O portavoz popular di que a tendencia é a que eses gastos os asuma a Consellería. Pregunta a que fin destinaría o concello a parte desafectada. Di que xa dende o anterior mandato está pedida a desafectación das vivendas e aínda non se acadou.

A tenente de alcalde responde que se destinará entre outras cousas á escola de música. Que a desafectación das escolas está pendente de envío de documentación polo concello.

O portavoz popular pide que se retire a proposta e se deixe para un mellor estudio consensuado do uso do edificio ou noutro caso anuncia que votarán en contra.

A tenente de alcalde di que xa hai un uso previsto para a escola de música que precisa tres aulas e que actualmente utiliza o concello. Que non quere renunciar a que se faga un centro acolledor e axeitado para os alumnos.

O portavoz popular di que tamén queren un espazo acolledor para os alumnos e que para eso estaba a casa da cultura para a escola de música.

A tenente de alcalde aclara que a consellaría non autorizou a escola de música na casa da cultura por non reunir os requisitos necesarios.

O alcalde di que discrepa da proposta dos seus compañeiros de goberno. Di que as reformas do colexio non están condicionadas á desafectación segundo lle dixo o Xefe Territorial da Consellaría. Que o concello non ten capacidade económica para asumir máis edificios. Propón que se aplace o acordo e se reflexione sobre a necesidade da desafectación.

A tenente alcalde di que non ten inconveniente sempre que se garanta que as obras no colexio se realizarán este verán.

O alcalde di que o seu grupo presenta unha emenda de substitución á proposta e que se acorde:

- Manter unha reunión co Xefe Territorial da Consellaría para acadar que a escola de música que tamén depende dela poda seguir funcionando no colexio e que se leven a cambio as reformas sen necesidade da desafectación parcial do edificio.

Sometida a votación esta emenda se aproba por unanimidade pasando a ser, polo tanto, o acordo do concello.

1.07º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Dende hai uns anos, o Concello está prestando ós veciños o servizo de axuda a domicilio. Este servizo hai que mantelo durante o presente e mesmo ampliálo xa que logo estanse producindo novas solicitudes por parte de persoas necesitadas del. Por outra parte as necesidades do servizo aumentan por mor da aplicación da Lei de Dependencia.

Así mesmo preténdese continuar co programa de emerxencia social que tendan a permitir o aproveitamento dunha calidade mínima de vida polos máis necesitados.

Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo programa do Plan Concertado para a prestación dos Servizos Sociais para 2010 cun orzamento total de douscentos trinta e dous mil cento cincuenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (232.155,39 €) coa seguinte distribución:

	Orzamento	Achegas	
		Xunta	Concello
1.- Persoal	52.372,84	29.661,82	22.711,02
1.1.- Traballador/a social	28.578,50	15.802,73	12.775,77
1.2.- Educación familiar(Técnico de Grao Medio)	16.086,50	7.528,26	8.558,24
1.3.- Auxiliar administrativo (media xornada)	7.707,84	6.330,83	1.377,01
2.- Mantemento (Km e formación)(<u>Incluído Remanente incorporado do exercicio 2009</u>)	1.892,32	892,32	1.000,00
3.- Xestión de programas:	2.688,00	2.000	688.00
3.1.- Intervención con sectores con problemáticas específicas	1344.00	1.000,00	344.00
3.2.- Dinamización comunitaria	1344.00	1.000,00	344.00
4.- Axuda no fogar	175.202,23	149.264,84	25.937,39
4.1.- Prestación Básica	71.090,23	45.152,84	25.937,39
4.2.- Dependencia (Auxiliares, formación, material, Km, Servizo Podoloxía, Fisioterapia,etc...)	104.112,00	104.112,00	0.00
Total	232.155,39	181.818,98	50.336,41

2.- Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 19 de febreiro de 2010 (D.O.G. 40/2010 de 1 de marzo) unha achega por importe de cento oitenta e un mil oitocentos dezaioito euros con noventa e oito céntimos (181.818,98€) para o financiamento de dito programa, aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e nas que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- En todo caso garántese a continuidade do servizo nas mesmas condicións que anos anteriores, tratando de mellorar as condicións de cobertura e calidade.

O concelleiro delegado explica o contido do plan dando prioridade á atención á dependencia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde:

Vistas as necesidades de prestación de servizos do Concello, e a liña de subvención establecida pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo proxecto de servizos a incluír no Programa de Cooperación para dous mil dez co resume que se indica:

Servizo	Nº.	Achegas		Total
		Xunta	Concello	
Prevención na dependencia	1	14.915,88	247,82	15.163,70
Control/xestión augas e residuos	1	25.768,56	415,55	26.184,11
Organización actividades e eventos deportivos	1	24.824,16	415,55	25.239,71
Organización actividades de ocio lúdico/culturais	1	24.824,16	415,55	25.239,71
Auxiliar administrativo.	1	15.299,40	257,37	15.556,77
Brigada obras/servizos 2010	4	69.282,36	1.127,86	70.410,22
Brigada servizos múltiples	8	135.522,36	2.217,34	137.744,74
Total	17	310.436,88	5.097,04	315.533,92

2.- Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 19 de febreiro de 2010 (D.O.G. número 40/2010 de 1 de marzo) unha achega por un total de trescentos dez mil catrocentos trinta e seis euros con oitenta e oito céntimos (310.436,88€) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Comprometerse a financiar os custos dos servizos non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.

A primeira tenente de alcalde explica o contido do plan.

O portavoz popular di que non foron consultados e que farían maior fincapé na prevención da dependencia. Algunhas actividades que se están a facer non se corresponden coas necesidades do concello. Entende que a distribución dos fondos non é a máis correcta.

Sometida a votación a anterior proposta, é aprobada coas cinco abstencións do grupo popular e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O aforro enerxético repercute favorablemente nas arcas municipais e ademais beneficia ao medio ambiente e a economía do país. Vaise levar a cabo a mellora do pavillón polideportivo, que pola súa proximidade permite, instalando paneis solares sobre a súa cuberta, abastece-las necesidades de propio

pavillón como do colexio e o centro de día. Consonte co anterior propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la inversión no proxecto de “instalación de paneis solares na cuberta do polideportivo municipal”.

2.- Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da resolución de 15 de decembro de 2009 (D.O.G. 250/2009 de 24 de decembro unha achega de trinta e sete mil setecentos sesenta e sete euros con corenta e sete céntimos (37.767,47€) para dita actuación aceptando integramente as condicións establecidas na citada resolución.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.08º.- CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Para dinamizar o sector turístico da Ribeira Sacra compre contar con dinamizadores. A tal fin se pretende asinar un convenio coa universidade de Vigo. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre o concello da Pobra do Brollón e a Universidade de Vigo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRA

A Universidade de Vigo comprométese a continuar coas actividades incluídas no proxecto de investigación de referencia 08tur001300PR que ten como investigador principal a Don Xavier Simón Fernández, Profesor Titular da Universidade de Vigo, pertencente ao Departamento de Economía, sendo necesario para isto a contratación dunha persoa por un período dun ano.

SEGUNDA

Para poder realizar a contratación de persoal mencionada na cláusula primeira, Concello da Pobra do Brollón comprométese a financiar a devandita contratación mediante unha achega de 2.666 €.

O Orzamento da citada cantidade impútase ó PROXECTO 08tur001300PR

O pagamento efectuarase do seguinte modo : á finalización do contrato de traballo realizado, a Universidade de Vigo solicitará o aboamento do custe imputable a este contrato. Para iso, achegará certificación, por parte dos servizos competentes da Universidade de Vigo, de realización do mesmo que será conformado polo Concello da Pobra do Brollón. Para atender esta certificación deberá engadirse unha memoria de servizos desenvolvidos durante o período, e copia das nóminas e seguros sociais da persoa contratada aboados durante o período da certificación.

TERCEIRA

As abrigas que se desprenden deste documento serán efectivas desde o asinamento do mesmo, sempre que se manteña a actividade de referencia na Universidade de Vigo.

Se por calquera motivo, esta actividade de investigación sufrirá algún tipo de modificación persoal, material ou xeográfica, esta circunstancia será comunicada necesariamente ao Concello da Pobra do Brollón que poderá resolve-lo presente convenio sen dar lugar a compensación e/ou indemnización ningunha a favor da Universidade. De igual xeito, se a variación das actuais circunstancias se producirá sen ser comunicada á Deputación, esta Institución quedará liberada do aboamento da cantidade á que se compromete no presente convenio.

CUARTA

O incumprimento de calquera das abrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos sobre o obxecto do convenio.

QUINTA

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel e quedando sometido á xurisdición contencioso administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

O portavoz popular di que o seu grupo lamenta que se tarde máis en dinamizar nos despachos o convenio (3 anos) que na propia dinamización turística á que se dedicará un ano.

A portavoz socialista di que na actual situación económica non lle parece unha actividade prioritaria, e xa se está a dinamizar dende o consorcio polo que se van a abster.

O alcalde di que é un proxecto interesante e que hai que manter a solidariedade coa comarca, que no rural o turismo é unha saída económica necesaria.

O portavoz popular di que aínda que á Pobra seguramente solo lle favoreza na festa do oso de Salcedo, está de acordo co alcalde de que a dinamización ten que ser en conxunto para a comarca.

Sometida a votación a proposta se aproba cos oito votos a favor dos grupos nacionalista e popular e as tres abstencións do grupo socialista.

1.09º.- CONVENIO CON HIDRÁULICA DE LOUREIRO ENORSA S.L..

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A captación de auga para o abastecemento a varias parroquias se fai na mesma presa que a minicentral de Loureiro. Para proceder a limpeza de dita presa compre un acordo coa empresa para facer os traballos de xeito conxunto e coordinado. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e Hidráulica de Loureiro Enorsa S.L. de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

Hidráulica do Loureiro Enorsa S.L. realizará traballos preventivos na presa do aproveitamento hidroeléctrico, de forma que se minimicen os problemas que neste ocasionan os arrastres de sucidade polo río. Estes traballos terán por obxecto manter no mellor estado posible tanto a toma do aproveitamento hidroeléctrico como a toma de auga para o Concello.

Hidráulica do Loureiro Enorsa S.L. realizará limpeza periódicas de conservación no vaso da citada presa, tanto na parte da súa toma de auga coma na zona da captación para abastecemento de auga do Concello. Os custos destes traballos serán asumidos nun 50% por Hidráulica de Loureiro Enorsa S.L. e no 50% restante polo Concello da Pobra do Brollón.

O Concello da Pobra do Brollón e Hidráulica de Loureiro Enorsa S.L., mediante o presente documento, recoñecen a dificultade de execución dos traballos de limpeza, así como o risco de problemas ambientais derivados destes. Polo presente documento ambas as dúas partes aceptan e recoñecen asumir solidariamente a execución dos traballos de limpeza.

Representantes de Hidráulica do Loureiro Enorsa S.L. e do Concello da Pobra do Brollón celebrarán polo menos unha reunión anual para facer unha valoración do estado da presa, e decidir de forma conxunta as actuacións a realizar. Ambas as dúas partes realizarán en estreita colaboración as actuacións necesarias tanto para a obtención de permisos coma para a xestión dos traballos de limpeza da presa.

O portavoz do grupo popular se mostra a favor deste convenio para manter unha boa relación coa empresa e proceder á limpeza da presa.

A portavoz socialista pide que se aclare se nas sancións tamén terá o concello que aportar o 50%.

O alcalde responde que non, que é solo nos traballos de limpeza.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.10º.- ÁREA SANITARIA DE MONFORTE.

Dáse conta da seguinte proposta da Plataforma Cidadá en Defensa da Sanidade Pública de Monforte ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai meses, distintos medios de comunicación informaron da intención da Consellería de Sanidade de crear unha área sanitaria única para toda a provincia, quedando centralizada en Lugo.

Posteriormente houbo outras declaracións nas que os responsables de sanidade se desdixían afirmando que se mantiña a Área Sanitaria de Monforte pero que se crearía unha xerencia única en Lugo para unha xestión Integrada.

Ante esta situación de declaracións e desmentidos confusos, é lóxica a preocupación da veciñanza da comarca, aproximadamente 49.000 persoas distribuídas en 11 concellos, que temen que o Hospital de Monforte perda competencias e diminúa a súa actividade, tendo como consecuencia que unha parte importante da atención que agora se realiza en Monforte pase a realizarse en Lugo.

As áreas sanitarias son as estruturas fundamentais do sistema de saúde.

Afirma a Lei Xeral de Sanidade de 1986 que son estruturas territoriais que se delimitarán tendo en conta criterios xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, culturais, climatolóxicos, e de dotacións de vías e medios de comunicación.

A área sanitaria de Monforte ten unhas peculiaridades propias que para poder atendelas precisa planificar e xestionar os recursos en base as necesidades de saúde da poboación.

Segundo o modelo estratéxico do SERGAS, as Áreas Sanitarias, son as responsables de prestar os servizos sanitarios con calidade e eficiencia, para isto disporán de recursos técnicos, humanos e económicos, e capacidade para planificar na área, dispoñer, distribuír e xestionar os recursos.

Por estas razóns creouse a Área Sanitaria de Monforte, hai xa ben anos, e non queremos perdela nin que se baleire de contido, de pouco nos vale un área sanitaria ser recursos propios nin capacidade de xestión. Querémola íntegra.

Queremos un Hospital en mellora continua, que manteña e aumente a actividade e a carteira de servizos. Negámonos a que se deixe morrer lentamente.

Por isto, solicitamos se someta á consideración do Pleno do Concello de Pobra de Brollón a seguinte proposta de *acordo*:

- Instar á Xunta de Galicia a manter a Área Sanitaria de Monforte de Lemos con plenas competencias, sen reducir servizos, que non se baleire de contido e que en caso de crear unha Área de Xestión Integrada para atención primaria e especializada, teña a súa xerencia en Monforte de Lemos e non en Lugo, e mellorar e aumentar a atención no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos en función das características e necesidades da poboación do seu ámbito.

De acordo co previsto no artigo 51.1 do Regulamento Orgánico Municipal, o alcalde da a palabra a un representante da citada plataforma quen expón o seguinte:

Sr. Alcalde, membros da corporación, veciños e veciñas.

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Monforte agradécelle ao Sr. Alcalde que nos permita utilizar o Regulamento de Participación Cidadá para poñer en valor e exercer o que é a democracia participativa.

Vimos co obxectivo de que os veciños e as veciñas de Pobra de Brollón e comarca participen de forma efectiva no deseño de todos aqueles proxectos que atinxen á súa saúde e, ao mesmo tempo, promover un debate na opinión pública nun tema tan importante como é o dereito a unha sanidade pública. Sanidade Pública entendida como a mellor maneira de garantir unha atención de calidade e que chegue a todos os cidadáns independentemente do seu poder económico.

A Plataforma é unha asociación plural e independente que non ten vinculación con ningún partido político e que está aberta a calquera persoa a título individual, sexa cal for a súa simpatía ou militancia política, sempre que estea de acordo cos puntos que defendemos no noso Manifesto.

Desde a asemblea veciñal do pasado 28 de xaneiro na Casa da Cultura, de Monforte de Lemos os membros desta Plataforma queren facer súas as palabras do Sr. Gaspar Llamazares: *“La gente se ha dado cuenta de que los políticos somos marionetas que braceamos y sobreactuamos, pero no tenemos la importancia que podríamos tener en su vidas.”*.

Imos ver, se hoxe, vostedes, como representantes políticos, son capaces de ter importancia para as nosas vidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Convén, en primeiro lugar, preguntarnos de quen e de que imos falar.

Imos falar, vostedes van falar, da vida da veciñanza de Monforte, Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Caurel, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, Saviñao, Sober e Pobra do Brollón.

Imos falar, vostedes van falar, dunha poboación con dereito a prestación sanitaria de 62.000 persoas.

Imos falar, vostedes terán que falar de que hai unha media de 72 persoas maiores (con 65 e máis anos) de cada 100 habitantes e que sobresaen por ter a poboación máis envellecida: Sober con 99 persoas de cada 100 e Pantón con 91 de cada 100 e no caso de Pobra do Brollón 88 de cada 100.

Imos falar, vostedes terán que falar de que temos na nosa zona unha media de 21 habitantes por km². Pobra do Brollón e Quiroga teñen 12 habitantes por km².

Imos falar, vostedes terán que falar de que a distancia media a Lugo é de 75 quilómetros. Desde Folgoso do Caurel son 100 kms., desde Quiroga son 86 kms. , desde Ribas de Sil son 82 kms e dende Pobra do Brollón son 65 kms.

Ante esta difícil situación, como cren vostedes que se organizan as prestacións sanitarias nestas poboacións?

A resposta atopámola na Lei Xeral de Sanidade de 1986. Esta lei creou as Áreas de Saúde. A vontade do lexislador era, e debe ser, que as áreas de saúde teñan dúas funcións básicas:

- Ofrecer todas as prestacións e garantir os dereitos propios do sistema sanitario
- E, a proximidade dos servizos sanitarios.

Pero as cousas mudaron.

A finais de xullo de 2009 un grupo de deputados presentan no Parlamento de Galicia a seguinte Proposición Non de Lei: *“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar a Modalidade de Xestión de Área Integrada no SERGAS, para favorecer a coordinación entre Atención Primaria e Atención Especializada.”*.

Aquilo foi a escusa perfecta para ir, pouco a pouco, implantando na poboación unha nova fe ou filosofía de organización da Área Sanitaria de Monforte e de todas as áreas sanitarias de Galicia.

Na reunión de Santiago, o pasado 3 de febreiro, a Consellería de Sanidade, negoulles aos representantes desta Plataforma o borrador do novo Decreto.

Foi a nula política de comunicación da Consellería de Sanidade con visita de media hora, saúdos e biquiños da súa responsable quen motivou as dúbidas e inquedanzas dos membros desta Plataforma. Non foron tampouco as fotos que se prodigaron naquela reunión senón as propostas e liñas de actuación que a conselleira dixo ter dado para a elaboración do Decreto e que non se atreveu a expoñer.

Todo o contrario, as declaracións nos medios de comunicación da conselleira e os xerentes do SERGAS foron, moi ao seu pesar, trazando as liñas xerais do seu proxecto de Área de Xestión Integrada. Esa nova Área tería catro puntos clave:

1. Un xerente único para toda a provincia.
2. Un hospital de referencia que sería o novo Hospital de Lugo e varios hospitais exercendo de satélites como o Hospital Comarcal de Monforte.
3. Se falta persoal sanitario no hospital de Lugo poderá optarse por persoal do Hospital Comarcal de Monforte. Monforte quedaríase sen o seu persoal o que ocasiona un aumento das listas de espera ou os pacientes teremos que ir a Lugo, producindo a perda de servizos en Monforte e o seu lento desmantelamento.
4. O SERGAS propúxose aforrar tamén na sanidade pública poñendo como desculpa o déficit e a crise económica do señor Zapatero. Indirectamente estannos a dicir que centralizarán servizos no hospital de Lugo e haberá recortes nos servizos non rendibles economicamente que ofrece o hospital de Monforte.

O Acordo de Xestión 2010 firmado o martes de Entroido entre a Consellería de Sanidade e os directivos do SERGAS corrobora este último punto porque segundo o Presidente da Xunta o texto busca:

“reducir o gasto, aumentar a competitividade e a eficacia.”.

Deberían pitarlles os oídos aos nosos representantes políticos. A sanidade pública, señoras e señores, mídese exclusivamente polo seu beneficio e rendibilidade SOCIAL.

Así pois, lembren, pasamos de ter unhas Áreas Sanitarias da Lei 1986 que deben ofrecer as maiores prestacións sanitarias, o máis próximas á poboación, a ter unha nova Área Sanitaria que agrupa as prestacións do sistema sanitario con criterios de rendibilidade económica. Os médicos e hospitais son provedores. Tal cal como cando imos ao supermercado.

No pensen por un momento que os nosos gobernantes inventaron algo novo. Esta remodelación da Área Sanitaria xa está prevista na Comunidade de Madrid co nome de **“Agencias Sanitarias y Red Sanitaria Única de Utilización Pública”**.

Destacamos aquí as súas características para anticipar a realidade á que podemos vernos abocados se o Decreto, que dorme en Santiago, esperta un día publicado no Diario Oficial de Galicia:

1ª. Distribúe á poboación entre centros públicos ou privados. Os mesmos centros privados que xa utiliza o xerente do hospital de Monforte ou o xerente do Xeral-Calde de Lugo cando alugan con cartos públicos quirófanos en centros privados. Os centros privados loitarán por evitar os procesos non rendibles e captar os rendibles porque niso van os seus beneficios, as perdas e, en definitiva, a súa existencia. E a esta situación veranse arrastrados tamén os hospitais públicos.

2ª. A administración sanitaria non se preocupa de prover de medios os hospitais senón tan só de que o paciente estea asegurado.

O futuro da Área Sanitaria de Monforte é incerto, por moito que se empeñen determinados representantes políticos en dicir o contrario. Está inmerso nun ambiente desfavorable á sanidade pública. Algúns políticos deixaron que a economía a manexen outros.

A Xunta defende estes últimos meses a entrada de capital privado na construción e ampliación dos hospitais como o de Vigo e de Pontevedra a cambio de que a empresa privada se faga cargo de parcelas que antes realizaban traballadores con emprego fixo, dereitos e salario digno. A Xunta así endebedase

por 20 ou máis anos, reduce a súa capacidade de investimento e condiciona os orzamentos durante moitos anos. Os hospitais, coma o noso, verán reducidos os seus orzamentos.

Á vista de todo isto e como no podía ser doutra forma, a Plataforma pola Sanidade Pública de Monforte trae a este Pleno os seguintes puntos:

1. A defensa dunha sanidade pública.
2. A defensa do Área Sanitaria de Monforte que de acordo coa Lei Xeral de Sanidade de 1986 e a Lei de Saúde de Galicia de 2008 ten unhas peculiaridades e precisa poder planificar e xestionar os recursos en base ás necesidades da súa poboación.

Segundo o modelo estratéxico do SERGAS estas áreas son as responsables de prestar servizos sanitarios con calidade e eficiencia. Para iso disporán de recursos técnicos, humanos e económicos e capacidade para planificar, dispoñer, distribuír e xestionar os recursos.

Por estas razóns creouse a Área Sanitaria de Monforte e non queremos perdela nin que se baleire de contido, de pouco nos vale unha Área Sanitaria sen recursos propios nin capacidade de xestión. Queremos a Área Sanitaria de Monforte íntegra.

Aceptamos un modelo de área que aproxime a Atención Primaria e a Especializada, a saúde mental, a saúde pública e os servizos sociosanitarios. Estaríamos de acordo, pero sempre que se implante a nivel da Área Sanitaria de Monforte e non que se centralice en Lugo, porque unha área de xestión integrada única e centralizada en Lugo sería, de feito, baleirar de contido atribucións a Área Sanitaria de Monforte.

3. A defensa do Hospital de Monforte:
 - a. Queremos manter e mellorar a carteira dos seus servizos. Queremos unha mellora continua do Hospital. Non queremos que diminúa a actividade e que se deixe morrer lentamente.
 - b. Queremos potenciar a sanidade pública non derivando a pacientes a centros ou hospitais privados mentres o hospital de Monforte ten eses mesmos servizos.
 - c. Queremos a redución urxente das listas de espera. Os veciños e veciñas de Monforte e a comarca non nos resignamos a padecer o seu incremento. Rexeitamos unha xestión das mesmas orientada ao cambio constante das citas confirmadas.
 - d. Non queremos os recortes de persoal nin os “contratos lixo”. Non á xestión con criterios exclusivamente económicos por riba das necesidades asistenciais. Reclamamos a cobertura das baixas do persoal que pola súa importancia estratéxica poden levar a unha paralización da actividade e o desvío de pacientes a outros centros privados ou públicos. Unha boa sanidade precisa de traballadores ben remunerados pero tamén motivados e comprometidos co hospital.
 - e. Queremos a posta en marcha da Unidade de Coidados Intensivos (UCI) que existe fisicamente pero está sen dotación de persoal, baixo a forma de unidade mixta de reanimación/UCI atendida por anestesistas e ucistas.
 - f. Queremos unha dotación e mellora de material e tecnoloxía que se necesitan, sen recortes nas inversións previstas na Fase II do Plan Director para o período 2008-2013.
4. Reclamamos a posta en funcionamento do Consello de Saúde de Área como instrumento que asegura a participación de todos os cidadáns na súa área sanitaria.

A Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública de Monforte, os veciños e veciñas de Monforte e a súa comarca desexan e agardan que todos os membros que forman esta corporación do concello da Pobra de Brollón apoiem este acordo para o mantemento e mellora da Área Sanitaria de Monforte e do Hospital Comarcal de Monforte.

O alcalde abre un turno para que os grupos políticos poidan formular preguntas ou pedir aclaracións ao representante da plataforma.

O portavoz popular di que a plataforma tivo reunións cos representantes da consellería. Di que el tivo algunha e lle quedou claro que o hospital de Monforte se ía manter.

A representante da plataforma di que non se dubida que se manteña o hospital, pero si que hai un cese paulatino de actividade nel que o fai acabar por si só. Pero o que está en perigo é a área sanitaria de Monforte. Isto fará perder autonomía de xestión e capacidade de decidir en Monforte sobre as necesidades e servizos sanitarios da comarca. Non se está en contra da xestión integrada, pero para iso non hai que cambiar as áreas sanitarias.

A portavoz socialista di que a sanidade, coma a educación son dereitos e servizos básicos que nunca se deberían recortar, se non aumentar e mellorar.

O alcalde pregunta se hai xa coñecemento do borrador do decreto e que tipo de xestión vai quedar en Monforte. E se teñen coñecemento sobre se o alcalde de Monforte foi recibido pola conselleira de sanidade.

A representante da plataforma di que na reunión coa conselleira o que tratou foi convencelos das vantaxes da xestión provincial o que amosa un posicionamento político claro nese senso. Di que cree que o alcalde de Monforte aínda non foi recibido.

Rematada a participación da representante da plataforma propoñente, comeza a deliberación do Pleno. O alcalde lle di ao portavoz popular que xa que teñen presentada unha proposta para estudar fora da orde do día pode, se queren, presentala como emenda a esta proposta.

O portavoz popular rexeita esta opción. Di que eles queren que se manteña a área de Monforte e aumentar o catálogo de servizos da área e integrar nela os centros de atención primaria. Di que o P.P. non esconde nada, que presentou un programa político que foi votado polos galegos. Di que na sanidade e na educación conviven a pública e a privada como tamén o ministerio de Infraestruturas fai autopistas cos cartos dos cidadáns pídeselles aos bancos e aos que fan as autopistas e logo se lles concede a súa explotación. Di que non se vai a quitar a sanidade pública pero que hai que controlar o gasto. De lo que se está falando é de xestión de áreas non sanitarias. Hai un debate entre sanidade pública e sanidade compartida que é a opción do partido popular. Di que como médico, como usuario do servizo e como portavoz do grupo popular avoga porque se manteña a área sanitaria de Monforte.

A portavoz do grupo socialista di que apostan polo servizo público e de calidade con independencia de que haxa sanidade privada. Están reducindo os orzamentos tanto na medicina como na ensinanza pública. Di que cree que se debe manter a área sanitaria sin que se recorte ou desprace persoal. A calidade do servizo pasa pola estabilidade.

Polo grupo nacionalista o alcalde di que é tamén militante do partido da saúde. Que son partidarios da xestión integrada na área de Monforte. Aportan pola sanidade pública e non por unha visión mercantilista da sanidade como se aplica en Madrid ou Valencia. Non se piden imposibles, non servizos que non teñen lóxica para a dimensión de Monforte, pero si que se melloren os servizos básicos, que se deixen de maquillar as listas de espera coas axendas pechadas. Di que isto se solucionaría se a conselleira fixese público o contido do decreto e se reunise cos alcaldes da comarca xa que o alcalde de Monforte tenlle solicitada unha entrevista hai meses, e non o recibiu, pero si se reuniu cos alcaldes o portavoces do P.P., o que é unha falta de respecto ás institucións. Di que non se pode enganar á xente coa situación do hospital. Pode ser unha situación herdada, pero é o P.P. quen ten a responsabilidade de gobernar e a situación se está a agravar, xa que, a pesar do peche de axendas, se aumentaron as listas de espera.

O portavoz popular lle di á do grupo socialista que o partido popular tamén quere optimiza-los servizos. Di que os desprazamentos para determinadas probas ou intervencións se veñen realizando dende sempre e que é un mal menor que se podan facer así. Dille ao alcalde que igual que se pide que o xerente de Monforte teña a mesma categoría que o de Lugo ou da Coruña, que non lle gusta que se considere ao alcalde da Pobra como inferior ao de Monforte e que defenderá a morte que isto sexa así xa que se sente orgulloso de que sexa un gran alcalde deste concello coa mesma categoría ca o de Monforte. Respecto ao das listas pechadas di que cando el chegou a Pobra dende aquí se podía pedir vez para os espe-

cialistas, pero co bipartito deixouse de facer. O das listas pechadas non é algo novo. Reprochalle que non fixese a mesma queixa cando o goberno bipartito da Xunta.

A portavoz do grupo socialista di que está de acordo en optimiza-los recursos, pero non do xeito que se está a facer. Que se hai unha U.C.I. ten que ter a dotación necesaria para que funcione, e non se deixe perder. Que o persoal do hospital ten que ser estable. Que non se pode permitir o peche dos servizos en Monforte.

Polo grupo nacionalista o alcalde agradece ao portavoz popular a defensa que fixo del e lle pide que esixa ese mesmo respecto á conselleira. Di que como cidadán defende a área de Monforte, e como político aposta pola sanidade pública. Di que falar do pasado non ten sentido. Que é posible que se cometesen erros, pero o que toca agora é resolver un problema que xera alarma social. Todos somos conscientes de que o hospital non funciona ben, pero a responsabilidade de resolvelo é da Xunta. Di que o P.P. nega a existencia dos problemas, e que sen un bo diagnóstico non se pode atalla-la enfermidade que padece o sistema.

O portavoz popular di que todos están a falar do mesmo. Di que no colexio da Pobra hai persoal que ven doutros centros e non hai unha estabilidade no claustro. Que pensa que con tal de que os cidadáns reciban bos servizos non lle importa que se desprace o persoal. Di que non é mirar hacia atrás, pero que hai que ver desde cando existe o problema.

A portavoz socialista aclara que o persoal de fora que ven ao colexio da Pobra ven por un ano, non por temporadas curtas. Que non lle parece mal que veñan médicos de fora, pero que ten que haber estabilidade e continuidade no contrato.

Polo grupo nacionalista o alcalde di que apostan pola sanidade pública e a área sanitaria de Monforte. Pide que a conselleira aclare dunha vez cal é o seu modelo porque existe a sospeita fundada de que sexa como o de Madrid ou Valencia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Rematado o estudio da orde do día se declaran por unanimidade urxentes as seguintes propostas que se pasan a debater.

1.11º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA O MANTEMENTO E REFORZO DA ÁREA SANITARIA DE MONFORTE.

Dáse conta da seguinte moción do grupo popular:

Nos días e vimos asistindo a un intento de engano masivo aos veciños do sur lucense. As forzas integrantes do malogrado bipartito -PSOE e BNG- pretenden xerar un falso debate en relación co de xestión da sanidade pública. Asistimos a un gravísimo episodio de manipulación e distorsión da realidade, que obedece tan so a intereses políticos, e polo que se pretende confundir á cidadanía e aos profesionais do sistema sanitario xerando alarma social e empregando para elo un tema tan sensible como é o da saúde, que debería ser alleo a este tipo de estratexias.

O novo Goberno de Galicia e o PP de G so ten un obxectivo na súa liña de acción política: Isto é a mellora da calidade asistencial para o usuario e máis posibilidades para os profesionais e traballadores do SERGAS.

Cando se falou dun cambio no modelo de xestión, outros quixeron facernos crer que se trataba da centralización nas prestacións, nos servizos que se lles prestan aos veciños e o traslado forzoso de doentes ata outros hospitais distintos do sito en Monforte. Nunca foi esta a intención da Xunta do PP de G. Simplemente artellar as fórmulas de xestión precisas e modernas para mellorar o sistema absolutamente colapsado que herdamos e que mesmo tiña fallas importantes na cobertura de determinadas especialidades.

A herdanza envelenada do bipartito son:

- Interminables listas de espera.
- Un enorme número de pacientes na sombra, ocultos pola administración de socialistas e nacionalistas, á espera de acceder a operacións e consultas.

- Demoras que incluso que se estaban a producir cando precisábamnos ser atendidos polos médicos de cabeceira ou na prescrición de receitas.

Combater estes cancros no sistema público de saúde sempre será a prioridade dun Goberno presidido polo PP de G. Neste sentido, os populares, como expresión maioritaria da vontade dos veciños das comarcas do sur lucense, reiteramos o compromiso de potenciar e seguir mellorando os servizos existentes no Hospital de Monforte en beneficio dos cidadáns desta comarca.

A mellora da sanidade pública é a nosa prioridade básica.

Propónse a aprobación do seguinte texto:

O Pleno da Corporación Municipal insta á Xunta de Galicia a:

1.- Manter o mapa sanitario de Galicia no que atinxe a área sanitaria de Monforte, conservando esta área con todas as competencias que ten na actualidade, aplicando a Lei 8/2008 de saúde de Galicia

2.- Ampliar o catálogo de servizos que se ofrecen na área sanitaria desde o Monforte.

3.- Integrar na área sanitaria de Monforte de xeito coordinado os distintos centros de atención primaria.

4.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, a Conselleira de Sanidade, á Dirección Provincial do SERGAS e á Deputación Provincial así como aos grupos políticos con representación na cámara galega.

A portavoz do grupo socialista di que non están de acordo coa moción e sobre todo coa súa exposición de motivos, e que a apoiarían se se retira a exposición de motivos. Di que o bipartito reduxo as listas de espera e agora volven a aumentar. Di que emendarían a proposta para que se incluíse expresamente que a área sanitaria permaneza en Monforte.

Polo grupo nacionalista o alcalde di que tampouco poden vota-la moción xa que non comparten a súa exposición de motivos e que pensa que pode que nin o propio portavoz popular, como profesional da sanidade, a comparta integramente. Di que na postura do P.P. hai certa incongruencia xa que por un lado din que non hai problemas, e por outro presentan unha moción para mellora-lo sistema. Vota de menos unha referencia á área sanitaria de Monforte e á defensa da sanidade pública.

O portavoz popular di que está de acordo coa moción e que de non ser así non a presentaría.

Sometida a votación a moción do grupo popular é rexeitada con cinco votos a favor do grupo popular e seis en contra dos grupos socialista e nacionalista.

1.12º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Para seguir potenciando o uso do galego no noso concello, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre o concello e a Mesa pola Normalización Lingüística coas cláusulas que figuran a seguir.

2 Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRO

O Concello da Pobra do Brollón faise socio-colaborador da Mesa pola Normalización Lingüística, e comprométese a:

Utilizar o galego de xeito habitual e como primeira opción.

Manter o acordo de colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística até o 20 de outubro de 2010.

Ingresar na conta bancaria que A Mesa pola Normalización Lingüística indique, a cantidade de 300 euros.

SEGUNDO

Por ser socio-colaborador o Concello terá os seguintes descontos:

Descontos na contratación de publicidade en *LongaLingua*, publicación divulgativa a toda cor sobre lingua e sociedade da que se editan 5.000 exemplares cada mes. Pode ser de grande utilidade para bibliotecas municipais, centros de ensino, salas de agarda institucionais, etc.

Descontos nas subscricións de *LongaLingua* (os concellos socio-colaboradores reciben 5 exemplares cada mes, mais os que desexen recibir máis terán un desconto dun 10%);

Descontos na contratación de conferencias da Mesa pola Normalización Lingüística (O galego e a empresa, funcionarios, etc);

Descontos do 10% no material de venda da Mesa (camisetas e chapas, para agasallos en certames, premios, etc; bolígrafos e lapis co lema "Úsame en galego", que poden ser materiais útiles para os traballadores municipais ou para outras campañas de sensibilización, CD Os soños na gaiola, de poemas infantís de Manuel María musicados por Suso Vaamonde; augaforte de Xosé Monxardín, para decorar diferentes estancias do Concello).

Descontos de 10% para as actividades que organiza A Mesa.

TERCEIRO

A Mesa pola Normalización Lingüística comprométese a:

Manter unha comunicación permanente entre o colectivo e o concello. Asesorar ao concello en cuestións puntuais sobre dinámicas sociais da lingua Estabelecer e por en marcha proxectos colectivos entre diferentes axentes: información sobre actividades que están a desenvolver outros concellos, etc. Potenciar a figura dos Servizos de Normalización Lingüística. Potenciar actividades destinadas aos concellos socio-colaboradores, tendo en conta a súa realidade sociolingüística.

En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan este acordo en dous exemplares e no lugar e data sinalados ao principio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.13º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POPULAR E NACIONALISTA DE ADHESIÓN AO MANIFESTO "GALICIA TEN DEREITO".

Dáse conta da seguinte moción conxunta dos grupos municipais popular e nacionalista:

As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentan, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuír a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.

O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.1.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009, do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación lexislativa das caixas de aforros de Galicia.

A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colócalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e máis os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto "Galicia ten dereito" sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que se sumen todos aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.

Por todo iso, os grupos municipais popular e nacionalista someten para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

- O Pleno do concello da Pobra do Brollón acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito", dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.

O texto de dito manifesto é o seguinte:

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Fronte a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galeguidade das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.

O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colócalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego.

Que non nos deán tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa vasca, a cántala ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impul-

sar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e preto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galiza debe defender o seu. Ten dereito.

O portavoz popular di que Galicia necesita unha Caixa forte lonxe de localismos. Invita ao grupo socialista a sumarse ao manifesto.

A portavoz socialista anuncia que votará en contra xa que creen que a fusión debe facerse por iniciativa das caixas sen imposicións e tendo en conta criterios de solvencia.

Polo grupo nacionalista o alcalde di que coinciden co dito polo grupo popular. Hai uns meses se aprobou a lei de caixas que permitía por os aforros dos galegos a prol da economía produtiva do país, renova-los seus órganos directivos e democratizar a súa representación. Ía permitir provoca-la fusión. Dita lei foi recorrida polo goberno do Estado. O P.S. de G.- P.S.O.E. cae nun localismo con posturas diferentes de cada alcalde e está quedando só. Pide ao estado que retire o recurso e invita aos socialistas de Pobra a sumarse á moción.

O portavoz popular di que coincide co B.N.G.. Di que se as caixas queren fusionarse non o van a impoñer, e que quere una caixa para tódolos galegos e para Galicia.

A portavoz socialista di que a súa postura e que a fusión se faga sen presións. Manifesta a súa alegría porque a fusión avance e cree que a capacidade de intervención dos gobernos ten que estar limitada.

O alcalde en nome do seu grupo di que nas caixas ten que haber representación parlamentaria e control público, non chegar á súa bancarización.

Sometida a votación a proposta se aproba cos oito votos a favor dos grupos nacionalista e popular e os tres en contra do grupo socialista.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
30/12/2009	Adxudicación contrato obras Implantación rutas turísticas BTT a empresa COMENA S.L.
30/12/2009	Adxudicación contrato actividades ocio dirixidas a colectivo mulleres a empresa Palacios Bus S.L.
30/12/2009	Adxudicación contrato actividades ocio dirixidas ao colectivo 3º idade a empresa Mirian Palmón
30/12/2009	Adxudicación contrato actividades ocio dirixidas ao colectivo mulleres á empresa Mirian Palmón
30/12/2009	Adxudicación contrato de servizos redacción proxecto básico e estudo de seguridade de rehabilitación polideportivo a Xosé Lois López Otero
27/01/2010	Orden pagamento facturas
28/01/2010	Autorización uso local pranta baixa casa cultura a guimaro Motor para xantar de confraternidade
01/02/2010	Concesión SAF Avelino Vide González
01/02/2010	Concesión SAF Dictina Sánchez Vila
01/02/2010	Concesión SAF Filomena Chaos Pombo

01/02/2010	Concesión SAF José Somoza Casas
04/02/2010	Subscrición Xornal de Galicia ano 2010
08/02/2010	Aprobación liquidación exercicio 2009
09/02/2010	Concesión SAF M ^a Luísa Armesto Gayoso
22/03/2010	Contratación auxiliares dependencia por acumulación tarefas
22/03/2010	Requirimento e invitación a representante plataforma e defensa da Sanidade Pública para asistir a pleno para defensa proposta
22/03/2010	Concesión tarxeta accesibilidade a Delia Fuentes Besteiro
23/03/2010	Adxudicación execución contrato servizos MPE servizo de prevención de riscos laborais
21/04/2010	Concesión SAF a José Macía e Manuela Souto
21/04/2010	Concesión SAF a Dolores Díaz Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Antonio Emilio Díaz Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Nemesio Armesto Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Amable Torres San Martín

2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-01/10

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Chegaron os cartos do PlanE? Nese caso, amortizouse a póliza de crédito?

+ O concelleiro delegado deixa a resposta pendente para o próximo Pleno:

* R-01/10

- Rogo oral que formula a concelleira do grupo popular Vázquez Salgado:

En Eixón hai varios puntos de luz que non funcionan correctamente. Rogo que se arranxen.

* P-02/10

- Pregunta oral que formula a concelleira do grupo popular Páez Figueiras:

Se fixo unha cementación no lugar de Arribas. Por mor dela hai unha adega e un patio anegados xa que o rexistro quedou máis alto. Que se pensa facer?

+ O segundo tenente de alcalde responde:

Ao propietario da adega se lle ofreceu conectarse ao saneamento e rexeitou dita opción. En canto ao patio, se se refire o da propia concelleira se lle formulou o problema que ía a haber e que ela respondeu que ía levanta-lo patio.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e tres horas e cincuenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e sete de abril de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día nove de xullo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día nove de xullo de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a Concelleira Adoración Fernández González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudo da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día trinta de marzo de dous mil dez.

1.02.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e nove de abril de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Elaborar un Plan Especial de Protección do núcleo de Parada dos Montes.

2.- Solicitar da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 2 de marzo de 2010 (D.O.G. 47/2010 de 10 de marzo) unha achega do 100% para a elaboración do citado Plan aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na citada orde.

3.- Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e nove de abril de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-la actuación de “rehabilitación da praza da Condesa e o seu entorno” cun orzamento total de cento seis mil catrocentos sesenta e nove euros con corenta e catro céntimos (106.469,44€).

2.- Solicitar da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 29 de marzo de 2010 (D.O.G. 64/2010 de 7 de abril) unha achega do 80%, isto é, oitenta e cinco mil cento setenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (85.175,55€) para a execución da citada obra aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na citada orde e demais requisitos establecidos na mesma.

3.- Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día trece de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba lo investimento en equipamento deportivo do concello por importe de tres mil euros (3.000,00€).

2.- Solicitar de Deputación Provincial de Lugo unha achega de tres mil euros (3.000,00€) para dito investimento, aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na convocatoria.

3.- Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día trece de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba lo proxecto de organización de eventos deportivos do concello por importe de tres mil euros (3.000,00€).

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo unha achega de dous mil cincocentos euros (2.500,00€) para dito investimento, aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na convocatoria.

3.- Facultar ao concelleiro delegado de cultura e deportes para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día trece de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba lo proxecto de organización da II edición da festa dos 70/80 do concello por importe de dous mil euros (2.000,00€).

2.- Solicitar de Deputación Provincial de Lugo unha achega de dous mil euros (2.000,00€) para dito investimento, aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na convocatoria.

3.- Facultar ao concelleiro delegado de cultura e deportes para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día trece de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba lo investimento en equipamento da escola de música do concello por importe de tres mil euros (2.901,16€).

2.- Solicitar de Deputación Provincial de Lugo unha achega de dous mil novecentos euros (2.900,00€) para dito investimento, aceptando integramente as condicións de financiamento que se establecen na convocatoria.

3.- Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-lo orzamento do mantemento do centro de día e do servizo de xantar na casa por importe total de oito mil setecentos setenta e oito euros con setenta e nove céntimos (8.778,79€).

2.- Solicitar da Deputación de Lugo unha achega por importe de seis mil cento corenta e cinco euros con quince céntimos (6.145,15€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo orzamento do fomento e continuidade do servizo de axuda no fogar por importe total de setenta e nove mil seiscentos sesenta e catro euros con trece céntimos (79.664,13€).*

2.- *Solicitar da Deputación de Lugo unha achega por importe de trinta e oito mil douscentos noventa e nove euros con trinta céntimos (38.299,30€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo orzamento do promoción e mellora do uso do tempo libre na infancia por importe total de setenta e catro mil setecentos dezasete euros con corenta e cinco céntimos (4.717,45€).*

2.- *Solicitar da Deputación de Lugo unha achega por importe de tres mil trescentos dous euros con vinte e dous céntimos (3.302,22€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo orzamento das actividades dirixidas a poboación infantil e xuvenil para favorecer-la coeducación, e prevención sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade por importe total de mil seiscentos euros (1.600,00€).*

2.- *Solicitar da Secretaría Xeral da Igualdade da xunta de Galicia, ao abeiro da resolución de 23 de abril de 2010 (D.O.G. número 80/2010 de 29 de abril unha achega por importe de mil catrocentos euros (1.400,00€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na indicada resolución.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo programa de actividades destinadas á xuventude para 2010 que se indican cun orzamento total de vinte e oito mil cincocentos euros (28.500,00€) segundo se detalla:*

Programa	Concepto	Gastos	Ingresos
O.M.I.X.	Persoal	11.000,00€	
	Seguridade Social	3.700,00€	
	Material de oficina	1.800,00€	

	<i>Auga, luz, tfno., calefacción</i>	<i>3.500,00€</i>	
	<i>Campañas en radio, tv, etc.</i>	<i>2.000,00€</i>	
	<i>X Encontro entre entidades prestadoras de servizos a xuventude e asociacións xuvenís do Concello</i>	<i>0,00€</i>	
	<i>Viaxes o Parque Acuático de Cerceda</i>	<i>1.200,00€</i>	
	<i>Campamentos Urbáns</i>	<i>1.500,00€</i>	
	<i>Curso de maquillaxe</i>	<i>400,00€</i>	
	<i>Curso de creación de un blog</i>	<i>480,00€</i>	
	<i>Curso de fotografía dixital e photoshop</i>	<i>960,00€</i>	
	<i>Curso de skype</i>	<i>480,00€</i>	
	<i>Curso de Google eart</i>	<i>180,00€</i>	
	<i>Curso de iniciación a Dj`s</i>	<i>900,00€</i>	
	<i>Certame letras galegas</i>	<i>100,00€</i>	
	<i>Encontro cun escritor galego</i>	<i>0,00€</i>	
	<i>Servizo permanente de xogos</i>	<i>0,00€</i>	
	<i>Conferencias (alimentación e hábitos saudables, técnicas de estudo e expresión oral...)</i>	<i>300,00€</i>	
	<i>Obradoiros para xoves</i>	<i>0,00€</i>	
	<i>Achegas do Concello</i>		<i>7.125,00€</i>
	<i>Achegas da Consellería de Traballo e Benestar</i>		<i>21.375,00€</i>
	<i>Totais</i>	<i>28.500,00€</i>	<i>28.500,00€</i>

2.- Solicitar da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 22 de abril de 2010 (D.O.G. número 84/2010 de 5 de maio) unha achega total de vinte e un mil trescentos setenta e cinco euros (21.375,00€) equivalente ó 75,00% do orzamento total aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada orde a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte de maio de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba la inclusión no PDRS 2009 da obra que se indica:*

- *Accesos en Vilachá, acceso ao viñado de Eivedo cun orzamento aproximado de seis mil seiscientos trece euros con corenta céntimos (6.613,40€).*

2.-*Por a disposición, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.*

3.- *Renunciar expresamente a reter da achega deste concello calquera tipo de tributo por mor das obras de referencia.*

4.- Asumir, unha vez recibidas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

5.- Comprometerse expresamente a que as obras non se someterán a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72 p1 do Regulamento (C.E.) 1.698/2005 do 20 de setembro que impide modificacións nos cinco anos seguintes:

5.1.- Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución.

5.2.- Que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade da infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

6.- Asumir todas cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

7.- Comprometerse a acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos e demais requisitos esixibles pola normativa que regula a contratación administrativa antes da adxudicación definitiva.

8.- Facultar ao Alcalde D. José Luís Maceda Vilariño para tódolos tramites precisos no cumprimento deste acordo e expresamente para asinar o correspondente convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día dezoito de xuño de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1º.- Modificar o punto 1 do acordo adoptado polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil dez relativo á aprobación do Plan Concertado para a prestación dos Servizos Sociais para 2010, que onde di:

	Orzamento	Achegas	
		Xunta	Concello
4.2 Dependencia (Auxiliares, formación, material, Km.) Servizo Podoloxía, Fisioterapeuta	104.112,00	104.112,00	00,00
Total	232.155,39	181.818,98	50.336,41

Debe dicir:

	Orzamento	Achegas	
		Xunta	Concello
4.2 Dependencia (Auxiliares, formación, material, Km.) Servizo Podoloxía, Fisioterapeuta	110.855,49	104.112,00	6.743,49
Total	238.898,88	181.818,98	57.079,90

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- ORDENANZAS FISCAIS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Ao fin de adecua-la ordenanza fiscal que se indica aos criterios establecidos pola Xunta de Galicia, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar os puntos 4 e 5 do artigo 5º da ordenanza fiscal número 17 reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio, que queda redactada como sigue:

4.- Para o resto dos supostos regularase de acordo coa seguinte táboa:

Ingresos IPREM	Taxa de achega do usuario
Ata 100%	Servizo gratuíto
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 150% e o 250%	15%
Entre o 250% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	28%
Entre o 350% e o 400%	37%
Entre o 400% e o 450%	45%
Entre o 450% e o 500%	60%
Máis do 500%	65%

5.- O prezo da hora para o ano 2010 fíxase en 12,10€. A dito prezo se lle aplicará cada día un de xaneiro o incremento experimentado polo I.P.C. anual do ano anterior ou indicador que no seu caso o substitúa.

2.- Modificar a disposición final da citada ordenanza que queda redactado como sigue:

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Facer público este acordo por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Ao fin de adecua-la ordenanza fiscal que se indica ao custo real do servizo, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 5º da ordenanza fiscal número 25 reguladora do prezo público polo funcionamento da escola de música, danza e artes escénicas Samoeiro que queda redactado como sigue:

ARTIGO 5º.- PREZO DO SERVIZO

Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata:

Concepto	Prezo anual
Matrícula individual durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas "Samoeiro", incluíndo unha materia,	70,00€
Matrícula durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas	60,00€

<i>“Samoeiro” cando se inscriban máis dun membro da mesma unidade familiar de convivencia, incluíndo unha materia,</i>	
<i>Por cada materia adicional,</i>	<i>10,00€</i>

Para os efectos desta ordenanza se entende por unidade familiar de convivencia a formada exclusivamente por unha parella e os fillos de calquera deles que figuren empadroados no mesmo domicilio.

2.- Modificar a disposición final da citada ordenanza que queda redactado como sigue:

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Facer público este acordo por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Ao fin de por en marcha o servizo de aluguer de bicicletas (B.T.T.) compre dispor da ordenanza fiscal que regule o prezo público a establecer. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Establecer o prezo público polo servizo de aluguer de bicicletas (B.T.T.).

2.- Aproba-la ordenanza fiscal reguladora da prezo público polo servizo de aluguer de bicicletas (B.T.T.), que queda redactada como sigue:

Artigo 1º.- Obxecto do servizo.

É obxecto do servizo do aluguer de bicicletas para o seu uso polos interesados, o cal ten un carácter exclusivamente lúdico e o do fomento do uso de este vehículo.

Artigo 2º.- Lugar e prazo de aluguer do servizo.

O servizo de aluguer de bicicletas ofrécese no lugar que o concello determine.

Artigo 3º.- Solicitude do uso do servizo.

1º.- O que solicita o servizo de aluguer terá que cubrir unha folla de inscrición con tódolos datos do usuario.

2º.- Os usuarios deberán ser maiores de idade.

Artigo 4º.- Uso do servizo.

1º.- A bicicleta poderá alugarse en dous períodos:

- período de ½ día.*
- período de día completo.*

2º.- O horario do servizo en media xornada será de 9:00 a 15:00 polas mañás e de 16:00 a 19:00 polas tardes. En xornada completa será de 9:00 a 19:00.

3º.- O concello está eximido dos danos que o usuario poda sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabiliza dos danos o prexuízos producidos polo uso da mesma, nin os causados a terceiros polo usuario de esta.

Artigo 5º.- Cota do prezo público.

Se establecen para o servizo regulado os seguintes prezos:

- ½ día: 6,00€.
- día completo: 10,00€.
- A cota sinalada terá, en caso de aluguer de varias bicicletas por unha unidade familiar, unha redución do 25% para o segundo membro e do 50% para o terceiro e seguintes.

Para os efectos desta ordenanza se entende por unidade familiar de convivencia a formada exclusivamente por unha parella e os fillos de calquera deles que figuren empadroados no mesmo domicilio.

Artigo 6º.- Reintegro dos danos.

1º.- En caso de non devolución da bicicleta ao fin do período alugado, se practicará unha liquidación de 15,00€ por cada día ou fracción que transcorra ata a súa devolución. De non producirse esta, será esixible o abono do valor de restitución da bicicleta (500€), sen prexuízo da interposición da correspondente denuncia perante a Garda Civil ou o Xulgado competente.

2º.- Os danos producidos nas bicicletas que impidan o seu funcionamento e que non sexan debidos o uso ordinario das mesmas, en canto excedan da contía de 30,00€, deberán ser abonados por los responsables dos mesmos, entendendo por tal o último usuario da mesma.

3º.- Os gastos recollidos no presente artigo serán esixibles en vía administrativa a través dos procedementos establecidos en Regulamento Xeral de Recadación. O impago dos mesmos levará, ademais das costas e gastos recollidos na normativa aplicable, a imposibilidade de utilización do servizo.

Artigo 7º.- Roubo.

En caso de roubo da bicicleta, o usuario deberá comunicarllo ó Concello e realizar a posterior denuncia ante a Garda Civil.

Artigo 8º.- Infraccións.

As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Considérase infracción leve, o retraso de ata unha hora na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas, sen previo aviso tanto ao Concello como aos encargados do aluguer.

2.- Considérase infracción grave:

- Retraso de máis de unha hora na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas.
- Non deixar a bicicleta debidamente colocada no seu aparcadoiro.
- Prestar a bicicleta a terceiras persoas.
- Producir danos na bicicleta por uso incorrecto da mesma.

3.- Considérase infracción moi grave:

- Retraso de máis de ½ día na entrega da bicicleta non debida a causas xustificadas.
- Abandono inxustificado da bicicleta.
- Utilizar a bicicleta con fines lucrativos estando prohibidos expresamente o seu aluguer e/ou venta e a súa utilización para fins comerciais.

Artigo 9º.- Sancións.

1.- Para as infraccións leves, unha semana se poder acceder ao servizo.

2.- Para as infraccións graves, un mes se poder acceder ao servizo.

3.- Para as infraccións leves, un ano se poder acceder ao servizo.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Facer público este acordo por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- CONTA XERAL DE 2009.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do Concello:

A Conta Xeral do Orzamento de 2009 foi ditaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión do día 25 de marzo de 2010 e exposta ó público regulamentariamente para os efectos de exame e reclamacións, sen que se presentara ningunha. Procede pois a súa aprobación para remitila ó Consello de Contas.

Dita Conta Xeral presenta como resultado un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de cento dezanove mil cento noventa e seis euros con corenta e cinco céntimos (-119.196,45€). Este resultado supón un -8.11% sobre os dereitos liquidados por ingresos .

Consonte co anterior e á vista do expediente e da documentación que obra no mesmo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-la Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2009, na que resulta un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de cento dezanove mil cento noventa e seis euros con corenta e cinco céntimos (-119.196,45€).

2.- Remitir dita conta coa correspondente documentación complementaria ó Consello de Contas de Galicia ós efectos previstos na lexislación vixente.

O portavoz popular pregunta pola existencia dunha póliza de crédito e a súa relación con este remanente negativo. Asemade pregunta pola influencia no déficit do retraso na certificación do PlanE.

O concelleiro delegado de facenda explica os datos máis importantes da conta. Indica que hai un déficit, relativamente importante, aínda que dentro dun límite e provocado pola actual crise. Sinala, que a situación provoca ao mesmo tempo un déficit de tesourería, motivo polo que hai vixente na actualidade unha póliza de crédito de 120.000€. engade que a subida de taxas e impostos que se comezou a aplicar este ano non será efectiva para o concello ata 2011, xa que a Deputación fai os ingresos a conta en función do recadado o ano anterior.

Sometida a votación a anterior proposta, acórdase a súa aprobación co voto en contra da concelleira do grupo popular Páez Figueiras e os nove votos a favor dos restantes concelleiros de dito grupo, e os dos grupos nacionalista e socialista.

1.05º.- ORZAMENTO XERAL PARA 2010.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Elaborado o proxecto de orzamento xeral para 2010 que non presenta déficit inicial e que cumpre tódalas prescricións legalmente establecidas, a atende suficientemente as necesidades dos servizos do

concello, e vistos os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio de 2010 que ascende tanto en gastos como en ingresos a un millón setecentos setenta mil cincocentos trinta e catro euros con vinte e cinco céntimos (1.770.534,25€) do que o resume por capítulos se detalla a continuación:*

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	617.599,17	Impostos directos	261.500,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	428.050,50	Impostos indirectos	15000,00
III	Gastos financeiros	16.000,00	Taxas e outros ingresos	209.346,00
IV	Transferencias correntes	28.051,00	Transferencias correntes	656.688,31
V	---		Ingresos patrimoniais	500,00
	<i>Total gastos correntes</i>	<i>1.089.760,67</i>	<i>Total ingresos correntes</i>	<i>1.143.014,31</i>
VI	Inversións reais	673.773,58	Alleamento de inversións reais	1,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	627.514,94
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	2,00
IX	Variación de pasivos financeiros	7.000,00	Variación de pasivos financeiros	2,00
	<i>Total gastos de capital</i>	<i>680.773,58</i>	<i>Total ingresos de capital</i>	<i>627.519,94</i>
	<i>Total estado de gastos</i>	<i>1.770.534,25</i>	<i>Total estado de ingresos</i>	<i>1.770.534,25</i>

2.- *Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento Municipal que figuran como anexo I deste acordo e o cadro de persoal que figura como anexo II do mesmo.*

3.- *Expoñelo ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exame, reclamacións e suxestións, consonte ao artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.*

4.- *Que no suposto de no presentarse reclamacións no prazo indicado, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xunto co cadro de persoal, segundo se dispón na lexislación vixente.*

5.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

ANEXO I. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA 2010.

Base 1ª.- Orzamentos que abarcan.

Constitúe o Orzamento Xeral referido o propio deste Concello, ascendendo o seu importe ás cantidades que se indican:

Base 2ª.- Limitación dos gastos.

Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos Estados de Gastos, que deberán destinarse de xeito exclusivo aos fins que cada un ten asignados.

Establécese a vinculación a nivel de capítulos e grupos de función.

Base 3ª.- Modificación de créditos.

Estado	Importe
Gastos	1.770.534,25€
Ingresos	1.770.534,25€

1. *Tratándose do orzamento municipal, cando haxa que realizar algún gasto que non se poda adiar ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no orzamento vixente ou sexan insuficientes ou non ampliables as dotacións previstas no mesmo, poderanse acordar, logo da incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos ou de ámbalas dúas cousas á vez, debéndose atende-lo seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:*
 - a) *Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible no intre da tramitación do expediente se o houber.*
 - b) *Con novos e maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente.*
 - c) *Por medio de anulacións ou minoracións de crédito non comprometido doutras partidas, das que se estimen as súas dotacións que se poidan reducir sen alteración do respectivo servizo.*
- 2.- *Para a tramitación dos referidos expedientes cumprirán os seguintes requisitos:*
 - a) *Segundo os casos:*
 - *Certificación da existencia e dispoñibilidade de Remanente Líquido de Tesourería.*
 - *Certificación dos maiores ingresos recadados e da normal recadación dos demais ingresos correntes.*
 - *Informe dos responsables dos servizos correspondentes sobre a posibilidade de transferencias de créditos sen que supoñan prexuízo para o correspondente servizo.*
 - b) *Informe de Intervención municipal.*
 - c) *Ditame da Comisión Informativa e Especial de Contas*
 - d) *Aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 169 do mencionado texto refundido.*
- 3.- *Nas transferencias de crédito serán de aplicación as limitacións referidas no artigo 179 do mencionado texto refundido. A súa aprobación correspóndelle ao Pleno da Corporación seguíndose o procedemento sinalado no punto anterior.*

Base 4ª.- Créditos ampliables.

Non se prevén créditos ampliables neste exercicio.

Base 5ª.- Xeracións de crédito.

1. *Poderase xerar crédito, no Estado de Gastos con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:*
 - a) *Achegas ou compromiso firme das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.*
 - b) *Alleamentos de bens.*
 - c) *Prestacións de servizos.*
 - d) *Reembolsos de préstamos.*
 - e) *Importes procedentes do reintegro de pagamentos indebidos con cargo ao orzamento corrente en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.*
- 2.- *Para que sexa procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase nos casos a que se refiren os apartados a) e b), o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme da achega; nos supostos dos apartados c) e d) amais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada á súa efectiva recadación; e no referente ao apartado e) , a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.*

3. *Para tódolos casos referidos con anterioridade, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente debéndose axustar á seguinte tramitación:*
 - *Certificación do Interventor de terse ingresado ou a existencia do compromiso de ingreso do recurso en concreto. A certificación deberase efectuar tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme do ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.*
 - *Informe no que se deixe constancia da existencia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.*
 - *Os créditos xerados con base en dereitos recoñecidos en firme mais non recadados, non poderán ser executados ata que se produzan os ingresos.*
 - *Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se producise un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial e que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso e compromiso.*
 - *A fixación das partidas orzamentarias de gastos e crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.*

Base 6ª.- Incorporación de remanentes de crédito.

- 1.- *Os remanentes de crédito poderán ser incorporados aos seus análogos dos Estados de Gastos do exercicio seguinte, sempre que non se utilizen, procedan de créditos extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran autorizadas no último trimestre do exercicio; os que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, debidamente adquiridos; os derivados de operacións de capital e os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.*
2. *Non se poderán incorporar aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio anterior, agás os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que o serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continua-la súa execución ou sexa imposible a súa realización.*
- 3.- *Para efectua-las incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo o órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente, debéndose axustar á seguinte tramitación:*
 - *Cando o financiamento se produza mediante o remanente líquido de tesourería, o seu importe farase constar no concepto 870 do orzamento de ingresos.*
 - *Informe do interventor.*
 - *Aprobación polo Alcalde-Presidente por medio de resolución.*

Base 7ª.- Operacións de crédito.

Non se prevén operacións de crédito neste exercicio.

Base 8ª.- Autorización, disposición e compromiso de gasto.

Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento municipal, a autorización, a disposición e o compromiso do gasto corresponderán ao Alcalde-Presidente, ao Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local segundo se expresa a continuación:

a) Ó Alcalde-Presidente:

- *Os gastos de carácter ordinario que se produzan de xeito regular e periódico durante o exercicio.*
- *Os gastos precisos para o normal funcionamento dos servizos, e os de reparación, abastecemento, conservación e mantemento dentro dos límites dos créditos das correspondentes partidas orzamentarias*
- *Os gastos de persoal.*

- Os gastos que correspondan á liquidación das obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.
- Os gastos que expresamente estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ao municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) *Ó Pleno do Concello:*

- Os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e abastecementos.
- Os gastos destinados á adquisición de bens e dereitos para o municipio.
- Os gastos que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) *Á Xunta de Goberno Local:*

- Os gastos dimanados das delegacións que de xeito expreso lle outorgue a Alcaldía.

Base 9ª.- Recoñecemento e liquidación da obriga, e ordenación do pagamento.

Corresponde ao Alcalde o recoñecemento e liquidación das obrigas que se deriven dos compromisos de gasto legalmente adquiridos, podendo efectualas delegacións que crea necesarias noutro membro da Corporación ou na Comisión de Goberno.

A ordenación de pagos correspóndelle ao Alcalde. Os pagamentos serán os que correspondan ás obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas de anteriores exercicios, e axeitándose ao plano de distribución de fondos que a tal efecto estableza a Presidencia.

Base 10ª.- Xustificación do gasto.

Para que se poidan expedir ordes de pagamento acreditarase fidelisimamente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro acto que supoña dereito para o acredor. Os correspondentes documentos xustificantes deberán ser previamente aprobados polo órgano competente.

Base 11ª.- Xustificación do pagamento.

- 1.- *Para a realización do pagamento cumprirá que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo recollerse previa identificación, tanto no devandito documento como na correspondente orde de pagamento, o “RECIBÍN” da persoa interesada ou da persoa representante debidamente autorizada, se o pagamento se fai directamente. Noutro caso, xustificarse mediante xiro postal acusando recibo, letra de cambio ou documento que legalmente a substitúa, ou transferencia bancaria.*
- 2.- *No relativo ás nóminas de persoal, terá que se xustificar mediante dilixencia do funcionario competente, a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do “RECIBÍN” da persoa interesada agás que o pagamento se realice a través de transferencia bancaria.*

Base 12ª.- Pagamentos a xustificar. Anticipos de caixa fixa.

- 1.- *No caso de que no intre de expedirse ou executarse a orde de pagamento non se poidan presentalos documentos acreditativos da prestación do servizo, os pagamentos terán o carácter de “a xustificar”, debéndose aplicar aos respectivos créditos do orzamento.*
- 2.- *Só se poderán efectualos pagamentos a xustificar nas seguintes ocasións:*
 - a) *cando o importe a xustificar non exceda de mil douscentos euros (1.200,00€).*
 - b) *cando non sexan destinados a operacións de capital.*
 - c) *cando o perceptor non teña pendente de xustificar ningunha cantidade polo mesmo concepto.*

- d) *cando non se destinen a atender gastos de carácter periódico, tendo neste caso a consideración de “anticipos de caixa fixa”.*
- 3.- *Os perceptores de pagamentos a xustificar, quedarán obrigados a xustifica-la aplicación das cantidades recibidas por este concepto no prazo máximo de tres meses.*
- 4.- *As persoas que reciban anticipos de caixa fixa renderán contas polos gastos atendidos cos ditos anticipos a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que sinale o Pleno do Concello.*

Base 13ª.- Subvencións.

Prevense para o presente exercicio as subvencións seguintes:

- 1.- Festa da capitalidade e festas parroquiais.*
- 2.- Achegas para actividades deportivas.*
- 3.- Achegas para actividades culturais.*
- 4.- Achegas para actividades sociais ou benéficas.*
- 5.- Achegas para o funcionamento de entidades deportivas.*
- 6.- Achegas para o funcionamento de entidades culturais.*
- 7.- Achegas para o funcionamento de entidades de interese social ou benéfico.*
- 7.- Convenio coa Cruz Vermella de Monforte.*
- 8.- Achegas para o transporte universitario de estudantes.*

No que atinxe ás festas, se establece unha achega fixa tres mil euros (3.000,00€) para as festas da capitalidade e de cento cincuenta euros (150.00€) para a festa principal de cada parroquia máis as de Pacios de Veiga A Veneira e a Estación. A solicitude de licenza da festa se considerará solicitude da subvención. A subvención se xustificará pola celebración da festa.

As achegas para actividades serán convocadas en concorrència competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.

Bases para a concesión en concorrència competitiva de achegas con destino a fomentar [redacted] no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o fomento da actividade [redacted] por parte das entidades e asociacións [redacted] do Concello da Pobra do Brollón.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de [redacted] euros ([redacted] €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida [redacted].

O importe de cada achega individualizada non superará ao [redacted] % do orzamento total da actividade subvencionada, sen que poda exceder da contía máxima de [redacted] euros ([redacted] €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada actividade non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na

cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:



5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de  días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Memoria e orzamento da actividade proxectada.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ao Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes en quen delegue e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos municipais.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante o remate da actividade subvencionada e previa xustificación da mesma. Non obstante, o Alcalde poderá resolver anticipar o pago total ou parcial por causas xustificadas. De non realizarse a actividade ou non xustificarse debidamente, procederá o reintegro das cantidades anticipadas.

10º.- Xustificación.

Rematada a actividade subvencionada, a entidade organizadora presentará unha memoria da mesma con documentación que acredite a súa realización (a modo de exemplo, fotografías, copia de anuncios ou reseñas na prensa, carteis anunciadores...) e unha liquidación do conxunto dos ingresos e gastos.

11º.- Liquidación.

A vista das xustificacións o Alcalde resolverá o aboamento do total da subvención ou no seu caso o seu rateo se a actividade realizada non se axusta ao solicitado ou se houbo subvencións de administracións públicas que superaron o 100% do gasto producido, co reintegro, se procede, das cantidades adiantadas.

12º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará aos acordos do Concello e ao disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

As achegas para funcionamento serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino ao funcionamento de Asociacións █ no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o apoio ás asociacións █ do Concello que colaboran a cumprir-las fins do Concello nesta materia mediante achegas para o seu funcionamento.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de █ euros (█ €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida █.

O importe de cada achega individualizada non superará ao █ % do orzamento total da asociación, sen que poda exceder da contía máxima de █ euros (█ €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada asociación non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

█

5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de █ días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Memoria das actividades feitas no ano anterior e das previstas para á presente, con mención do número de socios beneficiados e número de asistentes.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ao Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos políticos.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante unha vez concedida. Se a asociación deixase de existir durante o exercicio procederá o reintegro total ou parcial da mesa

10º.- Xustificación.

Rematado o exercicio, a asociación deberá presentar no concello o estado de ingresos e gastos do mesmo. Se o total de subvencións recibidas do sector público superase o 100% dos gastos totais, procederá o rateo da subvención e o reintegro da cantidade que exceda para cumprir esta condición.

11º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará aos acordos do Concello e ao disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

A achega a Cruz Vermella de Monforte se rexerá polo convenio asinado ao efecto.

As achegas para o transporte universitario de estudantes se rexerán polo convenio subscrito ao efecto coa Empresa Monforte.

Base 14ª.- Gastos de locomoción, dietas, indemnizacións e retribucións dos membros da Corporación.

As retribucións dos membros da corporación non experimentarán ningún incremento. Consonte co anterior,

1.- O Alcalde dedicarase ao concello en xornada completa sen dedicación exclusiva polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de dous mil euros (2.000,00€).

2.- A primeira Tenente de Alcalde dedicarase ao concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00€).

3.- O segundo Tenente de Alcalde dedicarase ao concello en xornada parcial de quince horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (787,50€).

4.- A terceira Tenente de Alcalde dedicarase ao concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00€).

5.- O concelleiro que exerza as delegacións especiais de organización de actividades culturais e deportivas e para a xuventude e educativas dedicarase ao concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00€).

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de vintecinco euros (25,00€) por asistencia a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibirá indemnización por unha de elas.

7.- Indemnizacións por desprazamentos.

- a) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.*
- b) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00€) en concepto de dieta.*
- c) Se por mor da viaxe realizada tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ao Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.*
- d) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).*

8.- Gastos de funcionamento dos grupos municipais.

- a) Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de trinta euros (30,00€) por grupo, e dez euros (10,00€) por cada concelleiro que o integre.*
- b) A fin de dar cumprimento ao previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ao grupo que se sinala na letra anterior.*

Base 15ª.- Gastos de carácter plurianual.

- 1.- A autorización e compromiso de gastos con carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo se dispón no artigo 79.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.*
- 2.- Poderanse adquirir compromisos de gasto con carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que amais se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:*
 - a) Investimento ou transferencia de capital.*
 - b) Contratos de subministro, de asistencia técnica ou científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de alugamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
 - c) Alugamento de bens inmoables.*
 - d) Cargas financeiras das débedas da entidade.*
- 3.- O número de exercicios posteriores, aos que poidan aplicarse os gastos dos apartados a) e b) do número anterior, non poderán ser superior a catro.*

Base 16ª.- Acumulación simultánea de fases de gasto.

- 1.- Poderanse acumular varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril, nun só acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordasen por separado, e podéndose da-los seguintes casos:*
 - a) Autorización e disposición (A-D).*
 - b) Autorización, disposición e recoñecemento da obrigaón (A-D-O).*

- 2.- *As referidas acumulacións serán factibles cando aludan a gastos de carácter ordinario, sen se incluí-los extraordinarios ou de investimento.*
- 3.- *En todo caso será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia, orixinaria ou delegada, para acordar tódalas fases que se inclúan na resolución.*

Base 17ª.- Fiscalización de ingresos.

Como norma xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención tódalas propostas de actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno ou a Comisión de Goberno, segundo as competencias que cada órgano teña atribuídas.

Base 18ª.- Actos de xestión relativos aos ingresos.

- 1.- *Deberase produci-la fiscalización previa polo interventor de fondos do Concello, para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:*
 - a) *Devolución de ingresos.*
 - b) *Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do disposto no artigo 78.2 da Lei 39/1.988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.*
 - c) *Aprazamento ou fraccionamento de ingresos.*
 - d) *Aprobación de padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.*
 - e) *Liquidación de tributos non periódicos.*
 - f) *Imposición, modificación de impostos, taxas e prezos públicos así como aprobación, modificación ou supresión das correspondentes ordenanzas fiscais.*
 - g) *Operacións de crédito e de tesourería.*
- 2.- *Amais, os actos sinalados nos apartados b), c), f) e g) do punto anterior, precisarán igualmente do ditame da Comisión Especial de Contas.*

Base 19ª.- Xestión, liquidación e recadación de ingresos

- 1.- *No relativo aos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, teranse en conta as seguintes prescricións:*
 - a) *Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias ou os pregos de cargo, remíttanse á Intervención para seren fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder do Negociado de Rendas e Exaccións, debéndose custodiar na Caixa de Caudais da Corporación unha vez que sexan contraídos ata a súa entrega aos servizos de recadación, que se realizará con quince días de antelación ao período voluntario de cobranza. Esta entrega realizarase sen matrices-copia, e acompañados dun exemplar das listas cobratorias.*
 - b) *Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, pola Recadación relacionaranse os valores en recibo non pagados e as certificacións de descuberto, pasando as relacións á Tesourería para seren providenciadas de prema e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.*
 - c) *Os ingresos que se efectúen directamente na Tesourería, segundo liquidación formulada de xeito previo, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso ou talóns de cargo, expedíndose a correspondente carta de pagamento ou recibo xustificante do ingreso.*
- 2.- *Polo que respecta ás AUTOLIQUIDACIÓNS, o ingreso que se produza terá a consideración de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que para o efecto se formule posteriormente.*

Base 20ª.- Ingresos provenientes de subvencións e outros.

Os recursos que correspondan a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito para o financiamento de obras ou servizos, deberán

ser xustificados, de xeito previo e acreditadamente, e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que se destinen.

Base 21ª.- Retribucións do persoal

De acordo co establecido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, as retribucións íntegras do Persoal ao servizo deste Concello experimentarán un incremento no presente exercicio respecto ás de 2009 en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto no que atinxe a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo na mesma porcentaxe que en dita Lei se establece para os funcionarios do Estado.

A partir do 1 de xuño de 2010 ditas retribucións experimentarán a minoración establecida no Real Decreto Lei 8/2010.

Dita minoración non poderá dedicarse a outros gastos e polo tanto non se poderá utilizar para transferencias de crédito. O seu importe se destinará para corrixir o remanente de tesourería negativo do concello.

ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.

A) Funcionarios de carreira:

<i>Praza</i>	<i>Nº.</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala/Subescala</i>	<i>CD</i>
<i>Secretario-Interventor.</i>	<i>1</i>	<i>B</i>	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	<i>22</i>
<i>Administrativo Tesoureiro</i>	<i>1</i>	<i>C</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>20</i>
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	<i>2</i>	<i>D</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>14</i>

B) Persoal laboral fixo:

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Capataz</i>	<i>3</i>	<i>servizos Múltiples</i>
<i>Técnico medio</i>	<i>1</i>	<i>Axente Local de Emprego</i>
<i>Auxiliar</i>	<i>1</i>	<i>Biblioteca (media xornada)</i>
<i>Auxiliar</i>	<i>1</i>	<i>Oficina de Información Xuvenil (media xornada)</i>
<i>Traballador social</i>	<i>1</i>	<i>Servizos sociais</i>

C) Persoal laboral temporal:

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Educador familiar</i>	<i>1</i>	<i>Servizos sociais. Media xornada</i>
<i>Persoal auxiliar</i>	<i>5</i>	<i>Axuda a domicilio</i>
<i>Limpadores de edificios</i>	<i>2</i>	<i>Limpadores (media xornada)</i>
<i>Condutor</i>	<i>1</i>	<i>Recollida de lixo</i>
<i>Operario</i>	<i>1</i>	<i>Recollida de lixo</i>
<i>Peón</i>	<i>1</i>	<i>Servizos xerais</i>
<i>Os que resulten de subvencións recibidas das Consellerías da Xunta de Galicia.</i>		

O concelleiro delegado, tras detallar cada un dos seus capítulos, explica que é un orzamento realista consecuente coa actual crise. Isto da pouca marxe de manobra pero permite atender as necesidades do concello e os servizos máis necesarios para os cidadáns.

O portavoz popular di que se inclúen as obras do pavillón e do PlanE o que supón uns 627.000€. o que implica que o orzamento real é de 1.100.000€. que o exercicio anterior se elaborou tamén un orzamento con déficit 0 e resultou o remanente de tesourería de -119.000€. sinala que entre os préstamos vixentes, a póliza de crédito e o remanente se chega á cantidade de 1.068.000€ que supón preto do 100% do orzamento. Aclara que xa sabe que tecnicamente isto no é así, pero realmente é a situación. Engade que no informe financeiro o secretario interventor indica que se corrixiu a práctica anterior de contratar persoal sen realizar probas obxectivas e di que agora sen farán as probas, pero que unha está recorrida e a día de hoxe os tribunais lle deron a razón á outra parte. Respecto da memoria do alcalde sinala a pouca cantidade que se destina a amortizacións e que ven sendo a tónica dos últimos anos. Di que no próximo mandato será preciso destinar máis do 10% dos orzamentos a amortizar préstamos. Di que nos últimos orzamentos aprobados polo goberno do PP cuns ingresos de 960.000€, os gastos de persoal eran 276.000€ e agora hai 600.000€.

O concelleiro delegado di que os datos que da sobre o déficit non se corresponden coa realidade. Que a maior parte da débeda ven de cando gobernaba o grupo popular. Que o equipo de goberno trata de reducir, nestes momentos de crise, os servizos o menos posible para que non o padezan os veciños, e que a débeda haberá que pagala cando a situación económica o permita. Respecto do gasto de persoal se debe aos aumentos do plan concertado, a dependencia e a prestación de servizos con persoal propio no canto de empresas externas.

O alcalde di que e un orzamento que ten importantes inversións con financiamento externo, e que con medios reducidos atende máis servizos dos que son obrigatorios para o concello, coma o punto limpo ou, centro de día, o control de calidade das augas; que aumentou o número de persoas atendidos no servizo de axuda no fogar e na aplicación da lei da dependencia. Que o gasto de persoal e do 35% do orzamento cando a media doutros concellos é de máis do 40%. Engade que as principais inversións do concello son o pavillón con uns 450.00\$, un plan de mellora de camiños da Deputación de 150.000€, o plan PEIM, mailo retraso da Xunta de máis dun ano, o PlanE con 330.000 millóns para a rede de saneamento da Pobra, as rutas de B.T.T. que se están a por en marcha con 26.000€, a sinalización do concello, a nova captación de auga en Couso por gravidade que suporá un importante aforro enerxético e económico, en conxunto uns investimentos históricos. Temos efectivamente unha situación difícil como a maioría dos concellos de Galicia e de España, como onte mesmo sinalaba Esperanza Aguirre ao dicir que os concellos de Madrid non poderían paga-las nóminas. En resume, non é unha situación debida a un mal goberno, cogoberno, do concello, se non consecuencia da situación xeral. Anuncia que no próximo pleno se presentará unha batería de medidas para mellora-lo equilibrio financeiro do concello, para o que invita ao grupo popular a sumarse a esa proposta. Porque, continúa, pensaban que o grupo popular, ademais de criticar os orzamentos ía facer emendas para mellora-lo orzamento, propostas para dicir o que habería que corrixiu e en que cantidades. Remata dicindo que a maior parte da débeda, 750.000€ é herdada dos gobernos do grupo popular, e non por mor de inversións, se non consecuencia dunha mala xestión e en momentos de bonanza económica.

O portavoz popular aclara que antes tamén se controlaba a auga, pero que o facía un farmacéutico da Xunta. Di que xa que o alcalde quere que faga propostas, vai facer unha. Aplicar ao grupo de goberno a mesma rebaixa nas retribucións que aos funcionarios. Porque o actual goberno cando tomou posesión aumentou as retribucións con concelleiros delegados e reduciu as achegas aos grupos políticos, e mesmo hai un local que pon partidos políticos e o usa só o P.S. de G.- P.S.O.E..

O alcalde responde que el non cre na demagogia. Que a solución que propón supón uns poucos euros que non solucionan o problema e que tampouco están de acordo coa redución aos funcionarios. Que é o alcalde con menos retribucións da comarca e que nos tres anos que levan non se incrementaron nin as súas retribucións nin a dos demais concelleiros.

Intervén a portavoz suplente do grupo socialista que di que avala o dito polo alcalde que representa a todo o goberno. Que nas inversións que se deciden se ten en conta o aforro que supón a longo prazo para o concello. Por iso se investiu en aforro enerxético ou na nova captación de auga. Respecto do local di que non se utiliza como local do grupo, se non como concelleiros con funcións, compartíndoo

entre tres. Respecto das retribucións dos membros da corporación indica que hai que facer a comparación en función do traballo que se desenrola e ter en conta tamén a redución en dietas e outros gastos. Engade que en todo caso, o seu grupo asumirá unha redución do 5%.

O alcalde indica que a súa proposta e que non se reduzan as retribucións dos membros da corporación e que os concelleiros socialistas fagan unha redución voluntaria.

Sometida a votación a emenda do grupo popular e rexeitada en segunda votación con cinco votos a favor do grupo popular e cinco en contra dos grupos socialista e nacionalista, facendo valer o alcalde na segunda votación o seu voto de calidade.

Sometida a votación a proposta do alcalde se aproba en segunda votación con cinco votos en contra do grupo popular e cinco a favor dos grupos socialista e nacionalista, facendo valer o alcalde na segunda votación o seu voto de calidade.

Sometido a votación o orzamento se aproba en segunda votación con cinco votos en contra do grupo popular e cinco a favor dos grupos socialista e nacionalista, facendo valer o alcalde na segunda votación o seu voto de calidade.

1.06º.- CAMIÑO DE COVADELAS.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o expediente de investigación sobre a posible consideración como público dun camiño en Covadelas, parroquia de Saa, instruído a instancia de D^{na}. María Teresa Regueiro Casas, e os informes que figuran no mesmo, e tendo en conta que na súa tramitación se tivo en conta o disposto no vixente Regulamento de Bens das Corporacións Locais e demais normativa de aplicación, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Declarar o carácter de ben de dominio público para o uso público do camiño que une os casaríos (Covadelas de Arriba e Covadelas de Abaixo) que conforman o núcleo rural de Covadelas e os camiños públicos de ámbolos dous casaríos e que transcorre entre outras entre as parcelas 281 e 296 do polígono catastral 85 e aparece grafado nos planos do catastro coa referencia 9037.

2.- Proceder á súa inclusión no inventario municipal.

3.- Aproba-la liquidación a favor da interesada, de acordo co establecido no artigo 54 do Regulamento de Bens das Entidades Locais por importe de cincocentas noventa e oito euros con oito céntimos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.07º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O noso concello está parcialmente incluído na Rede Natura 2000. Vista a liña de axudas establecida pola Xunta de Galicia para os concellos afectados, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la memoria técnica da actuación "restauración de camiños e acondicionamento de elementos singulares nas parroquias de Outara e Salcedo".

2.- Solicitar da Consellaría de medio Rural da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde de 19 de maio de 2010 (D.O.G. 100/2010 de 28 de maio o financiamento da citada actuación aceptando integramente as condicións establecidas na indicada orde.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.08º.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio..

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto da encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón (A) para a realización de traballos de roza de maleza nas vías de titularidade provincial existentes no municipio.

Faise constar expresamente que a presente encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda, tal como dispón o apartado 2. do artigo 15 da Lei 30/1992.

O orzamento máximo de inversión ascende á cantidade de 13.811,68 €.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Pobra do Brollón (A) comprometese a:

1. Executar os traballos de roza nas vías de titularidade provincial existentes no Concello de Pobra do Brollón (A) cuxa relación, puntos quilométricos e tramos figuran no ANEXO I, xa sexa por medios propios xa sexa iniciando o correspondente procedemento de contratación.

2. Executar os traballos de acordo coas seguintes prescricións técnicas:

A unidade a executar consistirá na roza mecánica ou manual de maleza por ambas marxes das estradas provinciais, afectando a paseos, contas e noiros completos, incluíndo a poda de ramas de árbores ata obter un gálico libre de cinco (5,00) metros en todo o ancho da carreteira. Cando sexa necesario, levarase a cabo unha segunda actuación de repaso, realizando a roza da maleza nas mesmas zonas cas referidas anteriormente, é dicir, nos paseos, cunetas e noiros completos.

O prazo para execución das obras en cada un dos municipios será entre o 15 de maio e o 15 de xullo.

A roza da maleza realizaranse de maneira que quede libre ao tráfico en todo momento un sumí-ancho de calzada.

Sinalizarase a zona de actuación da maquinaria en ámbolos dous sentidos con sinais de: cartel con texto “Maquinaria na calzada” e límite de velocidade 60 km/h TP-18 (perigo por obras na calzada): TR301 (limitación de velocidade a 40 km/h), dispostas coa pertinente antelación e visibilidade. Estes sinais completaranse cos de prioridade de paso TR-5 e TR-6, ou ben mediante o sinal manual alternativo de: TM-2 disco azul de paso permitido e TM-3 disco de stop ou paso prohibido.

Os produtos da roza retiraranse ao momento da plataforma da vía e diariamente da zona roza-da, transportándoos ao vertedoiro autorizado.

3. O importe derivado da presente encomenda de xestión será asumido na súa totalidade pola Deputación Provincial de Lugo con cargo á partida orzamentaria 4530.210 e polo tanto, o Concello de Pobra do Brollón (A) non terá que participar no financiamento dos traballos mencionados.

4. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren.

5. No seu caso, levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas.

6. Comunicar á Deputación Provincial de Lugo a data de finalización dos traballos ao efecto de que envíen un representante se así o estiman oportuno.

7. Realizar ante a Deputación Provincial de Lugo a correspondente xustificación do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos do presente convenio, presentando a documentación que se determine para este efecto e, en concreto, a certificación expedida polo técnico municipal competente, da execución dos traballos.

8. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación Provincial, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das cantidades aboadas en cumprimento do presente acordo.

9. Comunicar á Deputación Provincial, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a formalización do convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Deputación Provincial de Lugo asume os seguintes compromisos:

1. Facilitar ao Concello da Pobra do Brollón (A) a identificación das vías de titularidade provincial que transcorren polo seu termo municipal e que son obxecto do presente convenio.

2. Financiar os traballos na cantidade de 176,69 € (todos os gastos e impostos incluídos) por cada Km completo de vía rozado, cantidade referida a ambas as dúas marxes, en cada Km.

3. O importe consignado para a execución dos traballos previstos, obxecto da encomenda de xestión que se formaliza a través deste convenio, inclúe todos os gastos, incluídos impostos, e as baixas que se podan producir no caso da contratación das obras reducirán proporcionalmente a cantidade establecida para cada Km.

4. A Deputación Provincial de Lugo reservarase o dereito de inspeccionar os traballos tanto durante a súa execución coma ao seu remate.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Deputación Provincial e dous do Concello da Pobra do Brollón (A).

As súas funcións, entre outras serán as seguintes:

-Impulsar e avaliar o cumprimento da encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

-Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio no que se recolle a presente encomenda de xestión.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio referido.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A ENCOMENDA DE XESTIÓN

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa. O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo e pola lexislación administrativa que lle sexa de aplicación.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de que haxa discrepancias, resolveranse, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Deputación Provincial de Lugo poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,*
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.*
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.*
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.*

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- A Deputación Provincial de Lugo limitará en todo caso a súa achega económica ao pactado na encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio, polo que no asumirá os aumentos que se produzan por calquera causa, nin a subrogación nin ningún outro dereito nin obriga que se deriven da realización dos traballos que corresponderán en todo o caso ao Concello da Pobra do Brollón (A).

SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DE OBRIGAS

O Concello de Pobra do Brollón (A) comprométese ao cumprimento das obrigas derivadas da lexislación de seguridade social e de prevención de riscos laborais, en relación co persoal que desenvolve as súas funcións en cumprimento deste convenio.

OITAVA.- PAGO

A cantidade que deberá aportar a Excma. Deputación Provincial con base na presente encomenda de xestión será transferida o Concello de Pobra do Brollón (A), previa a xustificación sinalada na cláusula 2ª-7.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A PRESENTE ENCOMENDA DE XESTIÓN

Este convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia manterase ata a realización dos traballos ou ata o momento que, por motivos debidamente xustificados, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón (A) poidan acordar, se estimase unha ampliación dos prazos trala correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula cuarta.

En todo caso, a eficacia do presente convenio será ata 31 de decembro de 2010 aínda que seguirá xurdindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puidesen quedar pendentes.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións. Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por exemplar triplicado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellaría de Medio Rural, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio..

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o concello de POBRA DO BROLLÓN (A) na finalidade común de actuar, mediante tarefas preventivas, sobre as causas dos incendios forestais co obxecto de evitalos ou, en todo caso, minorar as súas consecuencias económicas e ambientais.

SEGUNDA. Traballos a realizar

O concello comprométese a xestionar a biomasa vexetal nas vías e camiños forestais da súa titularidade realizando traballos preventivos nos estratos arbóreos, arbustivo e subarbustivo, consonte o disposto no anexo I. Os camiños deberán quedar limpos da vexetación con maior facilidade de ignición, mesmo evitando que as polas das árbores superen o límite da aresta do camiño impedindo deste xeito o efecto túnel.

Ademais en caso doutras superficies forestais de titularidade municipal o concello comprométese a realizar labores preventivos de roza mecanizada en áreas cortalumes.

TERCEIRA. Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.

A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servizo con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, alomenos utilizará para a realización destas labores o tractor desbrozadora con matrícula E-1237-BFG.

O concello comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.

CUARTA. Coordinación dos traballos

Os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula sexta do convenio. O Programa de Actuación presentárase para a súa revisión no Distrito Forestal no que se enmarque o concello e deberá conter alomenos unha cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:25.000, ou no seu defecto a escala 1:50.000 no que se reflicten as actuacións. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.

Unha vez aprobados os traballos o concello achegará unha comunicación de inicio dos mesmos ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. (Segundo Anexo II).

QUINTA. Contratación de persoal polo concello

n caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica mo organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

SEXTA. Seguimento do Convenio

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante do concello e o Xefe do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (ou representante en quen delegue).

SÉTIMA. Dotación orzamentaria

A Consellería do Medio Rural, financiará as accións previstas neste convenio con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. En relación co gasto público total, a porcentaxe de cofinanciación do FEADER é dun 57,56%. A porcentaxe máxima a subvencionar neste convenio será do 100% do investimento, cun importe máximo de CENTO TRINTA EUROS por hectárea limpa (130 €/ha). Estímase un orzamento máximo anual de 7.150,00 €.

A Consellaría comprométese a financiar os custos das actuacións realizadas polo concello, segundo o disposto nas cláusulas deste convenio, sen superar en ningún caso, os importes máximos reflectidos no parágrafo anterior. Non se prevé a realización de pagamentos parciais ou anticipos.

OITAVA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende a comunicación do inicio da obra polo concello ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de man de obra, os gastos de mantemento e funcionamento de tractores e vehículos de transporte. Non son subvencionables, pola contra, os gastos de reparación destes vehículos. Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. O IVE non será subvencionable.

NOVENA. Xustificación dos pagamentos dos gastos

Realizarase mediante a apartación das facturas (orixinais e copia para a compulsar), e o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo en venta, certificación bancaria, etc.), no cal conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto deste.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pago, así como acompañalo dunha relación de todos os documentos de pagamento e os importes acreditativos do pagamento desa factura.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

Nos seguintes supostos e condicións considérase admisible o pagamento en metálico.

1. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, sexa inferior a 1.000 euros; neste caso, o pagamento xustificárase mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo proveedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do proveedor de someterse as actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación acompañará a factura preceptiva.
2. Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión «Recibín en metálico».

DÉCIMA. Xustificación do Convenio

Os labores preventivos deberán rematar como data límite o 30 de setembro e o prazo para a xustificación dos mesmos rematará o 15 de outubro, debendo presentar o concello a solicitude de pagamento, podendo seguir o modelo orientativo do ANEXO III e xuntando a documentación xustificativa seguinte:

- 1) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario). No caso de que existan outras axudas deberase especifica-la achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO IV.
- 2) Forma de execución dos traballos e relación de medios humanos e materiais utilizados no desenvolvemento dos traballos, en caso de medios propios. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO V.
- 3) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO VI.

- 4) En caso de externalización dos traballos con empresas privadas do sector ou empresas públicas:

- 4.1) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, e o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Xúntase modelo orientativo, segundo ANEXO VII.
- 4.2) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos

subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma.

A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na mais económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.

- 5) En caso de gastos realizados con medios ou recursos propios:

- Relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o persoal e a relación de salario bruto e custe de seguridade social.
- Relación clasificada doutros gastos con medios propios derivados do funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, maquinaria de obra e ferramentas mecánicas, así como a subministración ou reposición de vestiario de traballo ou de ferramenta manual e pago dos mesmos.

Xúntase modelo orientativo. (ANEXO VIII).

- 6) Orixinais das facturas, así como orixinais e copia para compulsar ou fotocopias compulsadas doutros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia

administrativa (nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social, no caso de gastos de persoal propio), incorporados nas relacións a que se fai referencia nos puntos 4) e 5) e a documentación acreditativa do pagamento. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación clasificada de gastos dos puntos 4) e 5).

As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel o investimento para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao dito investimento indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

En caso de execución da obra de forma mixta (medios propios e externalizadamente) completaranse os puntos 4) e 5) anteriores, segundo a forma de realización.

Documentación a achegar pola Consellaría:

- Certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección, na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao disposto na cláusula CUARTA, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola comisión de seguimento.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior vira incrementada gradualmente, do seguinte xeito:

Os pagos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 3% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

O concello deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Actuacións de comprobación da inversión

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA. Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO CUARTA. Interpretación

A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA. Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolve-ranse ante a xurisdición contencioso-administrativa. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión do 7 de decembro polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

As actuacións previstas neste convenio enmárcanse no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, no eixo 2 medida 226 submedida 22612: Medidas preventivas (silvicultura preventi-va).

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia

O presente convenio manterá a súa vixencia máxima até o día 31 de decembro de 2010.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Infor-mativa e Especial de Contas:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellaría de Medio Ru-ral, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o con-cello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

PRIMEIRA: Obxecto

O concello comprométese a colaborar a través do Grupo Local de Pronto Auxilio (en adiante G.L.P.A), proveniente do voluntariado de protección civil co Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) na extinción de incendios forestais, sempre que sexa requirido para estes labores por dito Servizo.

SEGUNDA: Designación de responsable polo concello

O concello de POBRA DO BROLLÓN (A) designará unha persoa responsable, que será o coordinador do funcionamento do G.L.P.A., para establécelas relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello, e deberá estar localizado as 24 horas do día. En menos de 20 minutos deberá estar en disposición de saír a calquera continxencia.

TERCEIRA: Especificidade dos traballos

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que os compoñentes do G.L.P.A teñan experiencia nas tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II, a modo indicativo).

CUARTA: Compromisos do concello

O concello comprométese a:

- Ter o G.L.P.A. sempre formado como mínimo por 5 membros e máis un responsable.
- Dotar ao G.L.P.A como mínimo co equipamento obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarios para realízala súa función, conforme as normas do "Real Decreto 1407/92 de 20 de novembro por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I). Tamén deberá dótalo do material de comunicación necesario para a súa integración na rede de comunicación do S.P.D.C.I.F.
- Dotar ao G.L.P.A dun vehículo todoterreo, que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva apareladas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, etc).

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA: Coordinación dos traballos

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do S.P.D.C.I.F, ou un técnico deste Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ó que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde, que poderá ser o coordinador do funcionamento do G.L.P.A.

Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

A forma de localización e mobilización do G.L.P.A. fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento.

O G.L.P.A. colaborará na extinción dos incendios forestais no ámbito territorial do seu concello. Así mesmo, en caso de emerxencia, poderá colaborar na extinción de incendios declarados no distrito onde se emprace o concello ou mesmo neutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

SEXTA: Orzamento

A Consellería do Medio Rural aportará unha contía única de DEZASEIS MIL EUROS (16.000,00€), que será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

SÉTIMA: Pagamento

A Consellería do Medio Rural procederá ao libramento das achegas do seguinte xeito:

A. Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:

- a) Nomes dos compoñentes do G.L.P.A., con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto 24 horas.
- b) Matrícula do vehículo todoterreo con especificación do cumprimento da cláusula cuarta e a dotación obrigatoria segundo o Anexo I.
- c) Equipamento de protección individual e ferramentas, segundo estipula o Anexo I.
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

B. Para proceder ao pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación, ao remate deste:

Por parte do concello:

- a) Un informe no que se faga constar que o G.L.P.A permaneceu operativo durante a vixencia do convenio.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas.
- d) No caso de non terse acollido ao primeiro pagamento, deberase enviar a documentación á que fai referencia o apartado A. desta cláusula.
- e) Certificación indicando se o IVE ten ou non condición de deducible para o Concello, expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor),

Por parte da Consellería:

- a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.D.C.I.F foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propor a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio. Segundo a proposta da comisión de seguimento, logo de resolución do órgano competente, o concello estará obrigado a devolver todo ou parte do primeiro pagamento, no caso de telo percibido.

- O prazo de presentación da documentación rematará:
- No caso do primeiro pagamento: aos tres meses contados a partir do inicio da operatividade do G.L.P.A.
- No caso do derradeiro pagamento: o 15 de novembro.

OITAVA: Comprobacións da xestión dos fondos

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto a xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

NOVENA: Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMA: Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO PRIMEIRA: Interpretación

A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA: Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula quinta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA: Publicidade

O Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO CUARTA: Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA: Vixencia

Os medios aos que se refire este convenio deberán estar operativos dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o 31 de outubro do presente ano, sen prexuízo de que, en caso necesario e por

causa xustificada a petición da Consellería do Medio Rural, poidan ser mobilizados ata o 31 de decembro sen custe adicional algún.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellaría de Medio Rural, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o concello de POBRA DO BROLLÓN (A) na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.

SEGUNDA: Operatividade e designación de responsable polo concello.

O concello comprométese a manter operativo/s o/s vehículo/s motobomba (en adiante V. M.B/s) durante cada un dos meses de vixencia do convenio e a ter operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.

Así mesmo garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s V.M.B/s, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello.

TERCEIRA: Especificidade dos traballos

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que o persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B/s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II adxunto, a modo indicativo).

CUARTA: Contratación de persoal polo concello.

O persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B/s que participe ao abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA: Compromisos do concello

Os medios persoais e materiais incluídos neste convenio, deberán dispor obrigatoriamente de:

- O persoal encargado do manexo do/s V.M.B/s deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realizar a súa función conforme as normas do "Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y*

libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I).

- O/s V.M.B/s. coa matrícula C-5443-BB, incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo I. Así mesmo, estará/n ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc. O concello comprométese a efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.

SEXTA: Traballos a realizar

A planificación da actuación en materia de defensa contra incendios forestais corresponderá á Consellería do Medio Rural, de acordo coa comisión de seguimento do convenio, de xeito que o/s V.M.B/s participe/n nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestruturas de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do concello.

O punto de traballo e horario para o/s V.M.B/s fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento, segundo a carga de traballo existente en cada momento.

O/s V.M.B/s colaborará/n na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderá/n colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

SÉTIMA: Coordinación dos traballos

Ao fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) ou un técnico do Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ao que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde que poderá ser o coordinador do funcionamento do/s V. M.B/s.

Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

OITAVA: Posta a disposición de medios de radiocomunicacións

Sempre que fora necesario e durante a vixencia do convenio, a Consellería do Medio Rural, porá a disposición do concello os medios de comunicación precisos para a integración do/s V.M.B/s na Rede de Radio do S.P.D.C.I.F., sendo responsabilidade do concello calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

NOVENA: Orzamento

A Consellería do Medio Rural aportará unha contía única de 16.747,50 € financiada con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. Esta achega distribuirase do seguinte xeito:

- Pola operatividade de cada vehículo motobomba: 4.785,00 €/mes

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

DÉCIMA: Pagamento

A Consellería do Medio Rural procederá ao libramento das achegas do seguinte xeito:

A. Federase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:

- Nomes do persoal encargado do manexo do/s V.M.B/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto.

- Equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo I.

- Equipamento mínimo para o/s V.M.B/s, segundo estipula o Anexo I, facendo constar ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s, segundo estipula a cláusula quinta do convenio.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

B. Para proceder ao pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación, ao remate deste:

• Por parte do concello:

a) Un informe no que se faga constar que o/s V.M.B/s permaneceu/ron operativo/s durante a vixencia do convenio.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de todas as axudas e o gasto total do conxunto destas.

d) No caso de non terse acollido ao primeiro pagamento, deberase enviar a documentación a que fai referencia o apartado A) desta cláusula.

e) Certificación indicando se o IVE ten ou non condición de deducible para o concello, expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor).

• Por parte da consellería:

a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.P.D.C.I.F foi favorable ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propoñer a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

O prazo de presentación da documentación rematará:

No caso do primeiro pagamento: ao mes contado a partir do inicio da operatividade do/s V.M.B/s.

- No caso do derradeiro pagamento: o 31 de outubro de 2010, con carácter xeral, e para aqueles casos nos que a operatividade dos vehículos motobomba remate do 15 de outubro en adiante, ata o 30 de novembro de 2010.

DÉCIMO PRIMEIRA: Comprobacións da xestión dos fondos

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO SEGUNDA: Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA: Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO CUARTA: Interpretación

A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA: Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula sétima procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA: Publicidade

O concello da POBRA DO BROLLÓN (A) presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO SÉTIMA: Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolve-ranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

DÉCIMO OITAVA: Vixencia

Os medios aos que se refire este convenio, sempre e cando cumpran co clausulado, deberán estar operativos durante 3.5 meses, do seguinte xeito:

- O vehículo motobomba coa matrícula C-5443-BB, dende o 01/07/2010 ata o 15/10/2010

Por causas xustificadas anteriormente poderá demorarse a data de inicio prevista nun máximo de 15 días naturais o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data ata cumprir o prazo máximo estipulado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.09º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE AS CORRIDAS DE TOROS.

Dáse conta da seguinte proposta do grupo nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Ante as mocións aprobadas por 73 concellos de Cataluña, Euskadi, Asturias e Illas Baleares. E a entrada a debate da Iniciativa Lexislativa Popular para a abolición da tauromaquia, no Parlament de Catalunya.

Xa que entendemos que nunha nación que acolle un Fórum das Culturas e Exposicións Universais é unha incoherencia que convivan a cultura e a tortura e a morte como forma de diversión, aínda que respondan a unha tradición enraizada dende hai séculos.

Xa que entendemos que temos que avanzar nos dereitos dos animais, para evitarlles sufrimento inútil e menos por diversión; recordando a frase de Gandhi: "Un país, unha civilización pódese xulgar pola forma en como trata aos seus animais".

É por iso que propomos:

Primeiro. Manifestar o apoio do Concello da Pobra do Brollón á declaración de principios que se expón na lei de protección dos animais 1/93, do 14 de abril, a cal considera os animais como organismos dotados de sensibilidade física e psíquica e, polo tanto, suxeitos a gozar ou sufrir.

Segundo. Que A Pobra do Brollón se declare cidade contraria as corridas de touros e amiga dos animais.

Terceiro. Que o Concello da Pobra do Brollón non sexa cómplice dun espectáculo cruel como o das corridas de touros nin de ningún outro espectáculo onde se torture a animais.

Cuarto. Que o Concello da Pobra do Brollón non permita os anuncios nos medios públicos municipais de corridas de touros nin de ningún outro espectáculo que produza a morte e/ou a dor a animais e que, tamén, se teña en conta esta moción cando se regule a publicidade en espazos públicos.

Quinto. Instar á Xunta de Galicia a prohibir as corridas de touros e todos aqueles espectáculos onde se produza a morte ou a tortura dun animal.

Sexto. Facer chegar este acordo á Xunta de Galicia, á plataforma Galicia Mellor Sen Touradas e aos partidos políticos presentes no Parlamento de Galicia.

Sétimo. Publicitar estes acordos a través dos medios públicos municipais.

Intervén o alcalde dicindo que pode que haxa quen pense que este non é o asunto máis importante para os veciños do concello, pero si hai certa sensibilidade dentro da súa organización é ademais coincide co debate que se está a producir no resto do Estado. As corridas transmiten desprezo cara aos dereitos dos animais, é un uso da violencia e hoxe en día as enquisas demostran que a maioría da sociedade española está en contra. Polo tanto non é de recibo dedicar cartos públicos para esta actividade no canto de facelo para outros servizos máis necesarios. O progreso, a paz e a educación deben de conxugarse en harmonía co respecto aos animais que tamén forman parte da natureza. Aínda que é certo que é unha tradición histórica en España, non quere dicir que as tradicións non podan evolucionar ou desaparecer

como pasou con outras tradicións. Polo tanto as corridas de touros deben formar parte da nosa historia, pero non do noso presente. Como veterinario da fe de que o trato aos animais de consumo foi tamén mellorando procurándolles unha morte máis rápida e sen sufrimentos. Por outra banda, os representantes políticos teñen o dereito e a obriga de ser pioneiros na promoción de valores positivos á cidadanía, e dentro duns anos veremos, e non se sorría (en alusión ao portavoz popular) como as corridas de touros estarán abolidas.

O portavoz popular di que lamenta que o seu sorriso moleste ao alcalde pero que é un sorriso natural, non forzada, xa que pasa a maior parte do tempo sorrindo e hai que toma-la vida dun xeito alegre. Di que no tempo que leva na Pobra do Brollón, e polo que coñece antes tampouco, nunca se celebrou no concello unha corrida de touros. Adianta que o seu grupo vai ter un voto libre coma sempre o ten, xa que isto é un tema persoal de cada un. Di que a uns lles gustan os touros e a outros non, pero que non entende ese afán de legislar sobre todo e establecer prohibicións. Di que a el non se lle ocorre traer ao pleno unha moción sobre a caza ou a pesca onde se lle esnaquiza a boca aos peixes ou as matanzas. Di que esa sensibilidade que teñen os partidos de esquerdas cos animais non a teñen agora co problema do aborto. Que o alcalde, como veterinario que é di que da fe do sufrimento dos touros, pero que el, como médico, tamén da fe, que ten visto ecografías de fetos e tamén lles latea o corazón. Que o alcalde presenta unha moción sobre os touros, pero queda indiferente perante o aborto. Que se empeza con esta lei e acabamos rematando co 7 de xullo, san Fermín, coas festas de Sarria, Noia ou A Coruña, é dicir, acabamos con aqueles sitios que teñen esta festa. Que habería cousas máis importantes que traer aquí, como por exemplo unha moción contra o decreto do carbón, que afecta a Galicia bastante. Remata dicindo que é como se na Rioxá, que non teñen tradición de caza ou de matanzas empezan a legislar que se eliminen estas prácticas.

Intervén o alcalde que di que vai ser respectuoso coas súas opinións como el debe de selo coas súas, pero que o portavoz popular non é quen para dicirlle ao B.N.G. que mocións ten que traer ou non, igual que eles presentan as que lles parecen oportunas.

Sometida a votación a proposta se aproba cos seis votos a favor dos grupos nacionalista e socialista e da concelleira do grupo popular López González, as dúas abstención das concelleiras do grupo popular Vázquez Salgado e Páez Figueiras, e os dous votos en contra dos concelleiros do grupo popular, García Pérez e Álvarez Sánchez.

Ao abeiro do disposto no artigo 30.3 do Regulamento Orgánico do Concello toma a palabra a concelleira do grupo popular López González para explica-lo sentido do seu voto. Di que votou a favor pola especial sensibilidade que ten polos animais, pero que quixera que non fora só polos touros, se non tamén polos demais animais maltratados. Habería que ter en conta tamén aos animais abandonados.

O alcalde responde que está de acordo con eses aspectos e que se a concelleira trae unha proposta no próximo pleno será debatida.

1.10º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE O PROGRAMA DE COOPERACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta do grupo nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 22 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, daba conta das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 que establecía as bases que regulaban, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procedía á súa convocatoria (tal como reflicte o Diario Oficial de Galicia nº 7, do 12 de xa neiro de 2009), baixo o título de programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Analizado o reparto constátase unha falta de proporcionalidade, observando unha discriminación das persoas desempregadas en función da cor de quen governe o concello onde están inscritas e constatando que a distribución das axudas foron feitas dun xeito discrecional e partidista, prexudicando a veciños e vacinas que gozan de gobernos distintos ao partido que sustenta a Xunta da Galiza.

Esta circunstancia pon de manifesta a patrimonialización da administración poñéndoa ao servizo do partido que ostente o goberno, prexudicando gravemente a veciños e veciños de moitos concellos, sen respectar o comportamento básico dun exercicio democrático e un incumprimento das bases que recollía a Orde, ademais de vir a recuperar vellas prácticas botadas abaixo polo anterior goberno da Xunta de Galiza.

Ao mesmo tempo, constatamos como non se teñen en conta os criterios recollidos nunha Orde destinada ao fomento de emprego local polos concellos, á integración laboral da xuventude, á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas; deturpando eses obxectivos e malversando os recursos públicos en función do interese partidista, como se pode comprobar en concellos cunha alta taxa de desemprego que non recibe ningunha axuda cando outros reciben recursos desproporcionados.

Dada a situación de crise pola que estamos atravesando, a utilización de fondos públicos para combater o paro, debe adecuarse en función de parar esta sangría e aproveitar a oportunidade para mellorar as capacidades profesionais das persoas que, ao quedarse sen emprego, non teñen a oportunidade de poder traballar,

Polo tanto, compre racionalizar o uso destes recursos e sentar unhas bases mínimas para corrixir estas actuacións, realizando un reparto de fondos dos programas de cooperación de xeito equilibrado.

INICIATIVA NA FEGAMP

Propoñer que a FEGAMP interveña diante da Xunta de Galiza para establecer unhas bases que garantan un reparto xusto dos fondos dos programas de cooperación destinados aos concellos, defendendo as seguintes condicións:

1.- Estabelecer un módulo mínimo por concello ao obxecto de poder dotar a todos e cada un deles da oportunidade de instrumentar políticas de emprego locais.

2.- O reparto do resto dos fondos farase directamente proporcional ao número de persoas paradas rexistradas en decembro do ano anterior á operatividade do programa de cooperación e a media do desemprego nos últimos cinco anos e inversamente proporcional á evolución da poboación no mesmo período. O resultado terá unha ponderación do 80% do total.

3.- Todas as obras ou servizos que se realicen non poden ser de carácter estrutural, deberán ser de interese xeral e social e de competencia das entidades locais ademais de cumprir os seguintes requisitos:

3.1.- Que sexan executadas polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas as que encomende a súa execución.

3.2.- Que vaian dirixidas as persoas desempregadas na súa totalidade. No caso de non poder acadalo, deberán chegar a unha porcentaxe mínima do 80%.

3.3.- Que a súa execución ou prestación permita mellorar a formación e a práctica profesional das persoas desempregadas e teña en conta os itinerarios personalizados de inserción laboral de cada unha das persoas participantes.

3.4.- Todos os proxectos terán a obriga de estar vinculados coa estrutura do paro no ámbito territorial, cos colectivos aos que van dirixidos, cos recursos e potencialidades da zona e as posibilidades de emprego das persoas participantes. Dentro destes criterios terase en conta, á hora da valoración, os proxectos solicitados polos concellos.

4.- No propio contido da Orde fixaranse as prioridades no canto das actividades a desenvolver.

5.- A Consellaría competente en materia de traballo estará obrigada a publicar os criterios técnicos de avaliación e selección, antes de proceder á concesión das axudas e subvencións.

Intervén o alcalde quen di que hai uns meses reuníronse os alcaldes afectados para nomear representantes perante a Consellaría de Traballo, sendo nomeados o alcalde de Quiroga, o do Barco e o de Monforte, respectivamente do P.P., do P.S. de G.- P.S.O.E. e do B.N.G.. Foron falar do plan Laxa e do plan de cooperación. E ademais de diminuír as achegas, se fixo un reparto que favorece a algúns concellos gobernados polo PP en detrimento dos gobernados por socialistas e nacionalistas. Isto prexudica os intereses dos veciños da Pobra e outros concellos da comarca, nunha decisión política que, di en referencia ao portavoz popular, “espero que vostede non comparta e se sume á condena dese talante”. Continúa dando lectura á parte dispositiva da proposta na que introduce unha modificación de acordo co grupo socialista que consiste en cambiar no punto 2, o 80% por 90%. Tamén anuncia, de acordo co grupo socialista a retirada do punto terceiro polo seu contido técnico que supera a competencia municipal.

Toma a palabra a portavoz suplente do grupo socialista quen di que o seu grupo ten outra proposta que presenta como emenda de adición. O seu contido é o seguinte:

O Diario Oficial de Galicia de 12 de xaneiro de 2009, publicaba unha Orde da Consellería de Traballo, pola que se publicaban as bases e se convocaban as subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación cos Concellos para o ano 2009.

En base a esta convocatoria e tendo en conta os obxectivos e os criterios que nela se establecen, os Concellos estableceron as súas prioridades e fixeron as respectivas solicitudes diante de Consellería, en concorrencia competitiva.

Cando se produciu o cambio de Goberno no mes de abril, as solicitudes dos Concellos, quedaban valoradas, moitas xa pasaran por intervención, e algunha coa Resolución enviada aos propios Concellos.

A sorpresa xurdiu, cando o Diario Oficial de Galicia, de 25 de maio de 2009, publicaba unha Orde asinada pola nova Conselleira de Traballo e Benestar, pola que se cambiaba a composición das Comisións de Valoración dos Programas de Cooperación.

No artigo segundo da referida Orde, establecía textualmente: "Todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinaladas no artigo anterior, en trámite nos distintos centros directivos e unidades da Consellería de Traballo e Benestar, que non acadasen a fase de Resolución e notificación aos beneficiarios, remitiranse as correspondentes Comisións de Valoración, para que estas, coa nova composición establecida no artigo anterior, procedan ao seu estudo, informe e avaliación, co obxecto da súa posterior Resolución, polo órgano competente para resolver".

Asistíamos pois, ao cambio das regras de xogo case ao final do procedemento, dun xeito ilegal, dado que a Consellería de Traballo e Benestar, incumpriu a Lei 5/2008 de 23 de maio, o non remitir esta Orde ao Consello Galego de Relacións Laborais para o seu informe como é preceptivo, segundo o artigo 3, punto 2, apartado b, da referida Lei.

Isto supuxo unha fonda preocupación nos distintos Concellos de Galicia, polo retraso das concesións e tamén polo temor a unha arbitrariedade.

O temor inicial confirmouse con creces, chegando a haber disparidades de auténtico ESCÁNDALO, con casos moi variados en todas as provincias. Por iso o grupo socialista quere:

- Que se teña en conta a valoración dos Programas de Cooperación solicitados polos Concellos á hora de efectuar o reparto de fondos.

- Que en 2010 se faga un reparto dos fondos dos Programas de Cooperación equilibrado, convocados a través da Orde da Consellería de Traballo publicada no DOG de 1 de marzo, tomando como elemento principal a ter en conta o número de persoas desempregadas rexistrados por concello, cunha ponderación mínima do 90%.

- Que atendendo as posibles variables na valoración dos Programas de Cooperación solicitados, para evitar agravios e para que non se produzan grandes diferenzas como sucedeu

no ano 2009, no ano 2010 o resto das variables distintas do número de parados, non deben ter un peso maior do 10%.

Intervén o portavoz popular quen di que vota de menos que se lle invite a presentar mocións conxuntas. Invítano a velos orzamentos cando xa están feitos, ou ás solicitudes do plan de cooperación, pero sen deixarlle participar na elaboración. E agora o alcalde o invita a votar favorablemente. Continúa dicindo o seguinte:

Ao punto 1:

Os programas de cooperación solicitados polos concellos, claro que son tidos en conta. A propia Orde así o recolle, é iso é o que se fai nas comisións de valoración.

Ao punto 2:

A Orde de 2010 está non so publicada, senón resolta na súa primeira fase e próxima á resolución na segunda fase de valoración. Polo tanto, non é o momento de cambiar as regras do xogo.

Por outra banda, esta Orde é unha das máis estables en canto á súa regulamentación. Pasaron tres gobernos distintos pola Xunta de Galicia, e non se produciron modificacións substanciais dos criterios a seguir para a súa baremación. O que significa que nin sequera o bipartito, no que o PSOE tiña as competencias en materia de Traballo, introduciu modificacións nestes criterios, polo que non se entende que veñan agora a pedilas.

O elemento principal a ter en conta non pode ser de xeito algún, o número de parados rexistrados por concello, cunha ponderación mínima do 90%. Este non é o criterio, nin o foi nunca ao longo da historia desta Orde:

Por unha banda, os programas de cooperación son un elemento que persegue o fomento do emprego a través da prestación de servizos por parte das entidades locais. Se temos en conta o número de parados dos concellos, nin sequera a porcentaxe, senón o número de parados, estarán evidentemente primados os concellos grandes, (nos que Goberna o P.S. de G.- P.S.O.E. porque por lóxica terán máis parados, e tamén máis ocupados, que os concellos pequenos. Co cal, estes servizos serían prestados unicamente nos concellos grandes, e isto implica deixar" na estacada " aos concellos de menor tamaño, que por outra banda son os que contan con menos recursos e maiores dificultades.

Pola outra, e en relación co motivo anterior, esta orde dos plans de cooperación non é a única fonte de fomento do emprego, non é a única ferramenta nin a única subvención coa que contan as Administracións para o fomento do emprego. Existen, e sobre todo nos concellos de maior tamaño, moitas outras entidades que perciben axudas para desenvolver programas de fomento do emprego. Entidades que son máis numerosas nos grandes municipios, que por lóxica son, como xa se dixo, as que teñen maior número absoluto de parados. Polo tanto, se se prima estritamente o número de parados estamos a eliminar unha fonte substancial de fomento do emprego para os concellos pequenos, e tamén unha fonte importante para a realización de servizos de interese xeral.

En definitiva, estaríamos dando máis aos que máis opcións teñen, e restando aos que menos teñen.

O que o PSdG-PSOE pretende con esta iniciativa racharía co equilibrio territorial, iría radicalmente en contra dos concellos máis pequenos, e afondaría na liña dun despoboamento e desdinamización do rural.

Ao punto 3:

Non podemos cambiar as regras do xogo cando están as ordes publicadas e as axudas solicitadas e resoltas.

Pero ademais, non se vai introducir esa variable, porque sería inxusta de todo punto, como xa quedou suficientemente explicado.

Remata dicindo que formuláronse votar en contra, pero que definitivamente se absterán.

Durante a intervención do portavoz popular un grupo de asistentes despregou unha pancarta. O portavoz popular pide que se retire, e o alcalde responde que a competencia para ordenar o pleno é súa, que non é a primeira vez que hai pancartas, e que se quen a portan seguen mantendo a orde, non mandará retirala.

Toma a palabra o alcalde e di que o portavoz popular sempre lle reprocha que non lle invite a participar na presentación das súas mocións. Que se é un vago el non lle vai a facer o seu traballo político, que cada grupo ten que facer o seu. As propostas de cada grupo chegan ao pleno e é aquí onde logo se debate e se busca o consenso. Que non sabe se é xusto ou non, pero que se remite aos feitos. Que existía un convenio coa Consellaría de Traballo sobre o plan Laxa no que se contemplaba a súa prorroga, e que a actual consellaría lles prometeu que como iso non se ía facer que o plan de Cooperación sería xeneroso cos concellos implicados e solo nos concederon dous traballadores cando o ano pasado tiñamos dezaseis. Pregúntalle ao portavoz popular se lle parece xusto, feito con criterios de reparto obxectivos e que cubre as necesidades do concello. O concello de Monforte vai a impugnar este reparto e nos estaremos aí xunto con outros concellos defendendo os intereses da Pobra. O dano non llo fan ao grupo de goberno, se non aos cidadáns da Pobra. Pero lles da igual. Os representantes da consellaría se reuniron cos alcaldes e portavoces do PP e é aí onde se estableceron os criterios de reparto segundo os seus intereses electorais. Puido vostede, en referencia ao portavoz popular, aproveita-la súa presenza nesa reunión para defende-los intereses da Pobra e traer algo para os seus veciños.

Intervén novamente o portavoz popular que di que a súa vagancia non llo permitiu. Que vostede (en referencia ao alcalde) me chame vago, dáme risa. Dígame vostede se en algunha ocasión que me citou aquí para algunha cuestión non vin, incluso perdendo de irme o fin de semana. Eu non son alcalde nin teño dedicación coma vostede, e teño que compaxinar isto co meu traballo. Vostede cando fala deste pobo, parece que cando se refire aos parados só se refire a uns cantos parados. Cando eu fun alcalde fixen tres reunións con xente para facer un polígono industrial que hoxe se atopa paralizado como o plan urbanístico. Non lle digo que sexa vago pero hai que poñerse as pilas para levar as cousas adiante.

O alcalde responde que o grupo de goberno ven traballando para que se instale no concello unha planta de biomasa, e eses si son feitos xa que se deron os primeiros pasos e se salvaron obstáculos e se finalmente se materializa xerará postos de traballo. Con respecto a alusión sobre os parados di que recentemente se celebraron probas para contratar peóns de rozas e daba pena ver vintecinco mozos sen emprego na procura dun traballo que podemos chamar precario. E con políticas como as que vostedes fan, coa xenerosidade que tratan a estes concellos, así nos vai. Presenta unha emenda de adición do seguinte tenor:

Dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Traballo e Benestar e ao Director Xeral de Traballo solicitándolles que corrixan esta situación discriminatoria co concello da Pobra do Brollón.

Sometida a votación a emenda de adición do P.S. de G.- P.S.O.E. se aproba cos cinco votos a favor dos grupos nacionalista e socialista e as cinco abstencións do grupo popular.

Sometida a votación a emenda de adición do B.N.G. se aproba cos cinco votos a favor dos grupos nacionalista e socialista e as cinco abstencións do grupo popular.

Sometida a votación a proposta do B.N.G. coas modificacións antes indicadas e incluíndo as emendas de adición, se aproba cos cinco votos a favor dos grupos nacionalista e socialista e as cinco abstencións do grupo popular, acordándose en consecuencia:

1.- Proponer que a FEGAMP interveña diante da Xunta de Galicia para establecer unhas bases que garantan un reparto xusto dos fondos dos programas de cooperación destinados aos concellos, defendendo as seguintes condicións:

1.1.- Establecer un módulo mínimo por concello ao obxecto de poder dotar a todos e cada un deles da oportunidade de instrumentar políticas de emprego locais.

1.2.- O reparto do resto dos fondos farase directamente proporcional ao número de persoas paradas rexistradas en decembro do ano anterior á operatividade do programa de cooperación e a media do desemprego nos últimos cinco anos e inversamente proporcional á evolución da poboación no mesmo período. O resultado terá unha ponderación do 90% do total.

1.3.- No propio contido da Orde fixaranse as prioridades no canto das actividades a desenvolver.

1.4.- A Consellaría competente en materia de traballo estará obrigada a publicar os criterios técnicos de avaliación e selección, antes de proceder á concesión das axudas e subvencións.

1.5.- Que se teña en conta a valoración dos Programas de Cooperación solicitados polos Concellos á hora de efectuar o reparto de fondos.

1.6.- Que en 2010 se faga un reparto dos fondos dos Programas de Cooperación equilibrado, convocados a través da Orde da Consellería de Traballo publicada no DOG de 1 de marzo, tomando como elemento principal a ter en conta o número de persoas desempregadas rexistrados por concello, cunha ponderación mínima do 90%.

1.7.- Que atendendo as posibles variables na valoración dos Programas de Cooperación solicitados, para evitar agravios e para que non se produzan grandes diferenzas como sucedeu no ano 2009, no ano 2010 o resto das variables distintas do número de parados, non deben ter un peso maior do 10%.

2.- Dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Traballo e Benestar e ao Director Xeral de Traballo, solicitándolles que corrixan esta situación discriminatoria co concello da Pobra do Brollón.

1.11º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE OS RECORTES SOCIAIS.

Dáse conta da seguinte proposta do grupo nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, conséntanse, entre outros aspectos, na conxelación das pensións contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarías nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as axudas establecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebe. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto reducen o seu poder de compra, o que vai dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarías é unha medida demagóxica, na liña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% deles os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intencionalidade nefasta para o conxunto da sociedade pois significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que vai dificultar a reactivación económica posto que significa perda do poder adquisitivo e iso vai afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica,

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galicia, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensións galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta liña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de pobreza en Galicia, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensións son baixas.

A supresión das políticas de apoio a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos

que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do "cheque-bebe", se ben defendemos a súa reformulación a fin de que so algúns tramos de rendas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, nomeadamente a supresión da retroactividade no pago das axudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa pola que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a léxica da dereita, de pretender transferirle o custo da crise económica as clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saldas a crise económica, pero as propostas do Goberno entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impulsarse a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas as Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa redución, nomeadamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares neutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Goberno. A prioridade do goberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e as medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galiza. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se He espera so se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímolos no primeiro trimestre de 2010, onde Galiza é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén temos que exixir do goberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para reverter a gravísima tendencia que está a amosar o paro no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte acordo

1.- Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas as CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recoillendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatuto xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3.- Instar á Xunta de Galicia a:

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.

Intervén o portavoz popular, quen presenta a seguinte proposta alternativa.

O *Decreto Lei de recortes sociais* que se aprobou no Congreso dos Deputados por tan so un voto, (Real Decreto-Lei 8/2010) e sen poder sumar apoios de ningún grupo da Cámara, distinto do PSOE, freará a recuperación do crecemento económico. Sumado á suba do IVE freará o consumo; non impedirá o despilfarro da Administración Estatal, non inclúe medida algunha para que melloren os ingresos públicos, e o que é grave, non contempla nin unha soa medida para xerar emprego. Este Decreto racha co Pacto de Toledo, acadado no ano 1995 entre todos os grupos parlamentarios, e respaldado polos sindicatos en 1996, e que constitúe unha das máis importantes conquistas da nosa democracia no ámbito laboral,

A experiencia indica que este tipo de medidas combinadas coa elevación do IVE en 2 puntos, xerarán problemas no consumo e no emprego. O PP plantea recortar os gastos do Goberno, en vez dos ingresos dos cidadáns.

- Hai Vicepresidencias superfluas coma a terceira de Chaves.

- Hai Ministerios prescindibles : Igualdade e Vivenda constitúen 2 bos exemplos.

- Hai carteiras que en aras de eficacia e austeridade deberían ser fusionadas : Cultura e Educación dunha banda, Sanidade e Traballo pola outra.

- O 25 % dos altos cargos do Goberno de Zapatero deberían ser eliminados.

O primeiro que fixo Feijóo ao chegar a Xunta de Galicia foi reducir nun 25% o número de Consellerías reducir máis dun 40 % o número de altos cargos, suprimiu 52 delegados provinciais. Se aprobou un Plan de Austeridade de xeito que se liberaron 144.000.000€ para así poder dedicalos ao que lle preocupa a xente que é á dinamización da economía. As cifras están aí, este Plan de Austeridade beneficiou a 30.000 parados galegos e axudou na consolidación de 24.800 postos de traballo en "perigo".

Neste ano 2010, a Xunta de Galicia, vai dedicar máis de 1.700.000.000€ a políticas que de xeito eficiente axuden a saír da crise.

O pasado 24 de maio, a mesa do diálogo social aprobou 8 preacordos, centrados nas políticas activas de emprego, na mellora da competitividade empresarial, no sector téxtil e no benestar e a cohesión social.

O recorte social aprobado traía convalidación do Decreto, foi improvisado, imposto, insuficiente e inxusto. Foi imposto porque Zapatero non informou previamente, e rachou co Pacto de Toledo. Foi improvisado porque ZP decidiu o recorte tan so 2 días antes de negalo a Mariano Rajoy persoalmente e porque tivo que rectificar 2 veces o seu contido. É insuficiente porque non inclúe ningunha reforma para serrar emprego, e é recoñecido que retrasará o crecemento económico. É inxusto, porque son os pensionistas e os funcionarios os que pagan o custe dos erros de Zapatero e non poden dicir que non.

O principal PROBLEMA da economía española é ZAPATERO, e o PP non pode contribuír co seu voto a que o principal da economía española siga aí afundindo ao país. Polo tanto o grupo popular propón que se adopte o acordo seguinte:

1.- Rexeitar as medidas aprobadas no RDL 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, por inxustas, discriminatorias e insolidarias.

2.- Denunciar a precaria situación económica dos Concellos e instar ao Goberno á aprobación inmediata da Lei básica de goberno da administración local, así coma a reforma da Lei das Facendas Locais.

3.- Acometer un plan de redución do gasto do Estado para 2010, suprimindo o 25 % dos altos cargos do goberno, a Vicepresidencia 3ª e os Ministerios de Igualdade e Vivenda; fusionar o Ministerio de Educación co de Cultura e o de Traballo e Inmigración co de Sanidade.

4.- Levar a cabo reformas estruturais para consolidar a recuperación económica : financeira, fiscal, laboral, na unidade de mercado, en materia de enerxía, na estabilidade para o control do gasto e na educación.

5.- Instar a Xunta de Galicia :

a) A continuar coas políticas activas de emprego e mellora da competitividade empresarial, no ámbito da súa competencia.

b) A seguir despregando de xeito eficiente o Plan de Austeridade na Administración autonómica.

c) A estender políticas de benestar e cohesión social que minimicen os efectos da crise económica que están padecendo os galegos.

6.- Trasladar estes acordos ao Presidente do Goberno, Vicepresidentes 1º, 2º e 3º, así coma aos voceiros parlamentarios nas Cortes.

Toma a palabra a voceira suplente do grupo socialista que di que lle parece unha ironía que sexa o PP quen os acuse de facer recortes sociais. O primeiro que hai que facer e contextualizar a situación e ter en conta e o tipo de crise na que estamos. E a primeira vez que estamos nunha crise de este tipo que non se lle pode achacar á crise do petróleo ou outras causas coma en crises anteriores, se non que é un fallo do sistema. En España, ás causas de crise global hai que engadirle a da construción que foi consecuencia dunha política anterior que produciu un globo de crecemento incontrolable. O que tivemos que facer foi reduci-lo déficit. Hai tres ratios fundamentais, a débeda, o déficit e o emprego. Nos estabamos mal no déficit e no emprego, pero ben na débeda. Ao principio de crise o que se fixo foi, ao estar o sector privado estancado, impulsar o sector público para crear emprego. Agora, para reduci-lo déficit, houbo que facer recortes nas políticas sociais, que é onde máis nos doe, pois estabamos orgullosos desas políticas. É inxusto que se nos acuse de recortar as medidas sociais, xa que habería que facer un estudio do que se fixo nestes anos. Dende 2004 as pensións medraron máis dun 50%, cousa que non pasaba co PP, e este partido nunca preguntou por elas. E, en todo caso, ás mínimas e as non contributivas non se conxelan. Hai que ve-la inversión que fixo o goberno de Zapatero en educación co incremento en número e contía das becas. A implantación de Lei de Dependencia, cousa que nunca antes preocupara aos gobernos. En materia de desemprego, o 80% dos parados reciben a prestación, e mesmo o goberno estableceu unha axuda por seis meses para os que a esgotasen. Políticas de vivenda, nas que este goberno fixo máis de 500.000 vivendas protexidas, isto é, en 6 anos o 40% que en oito anos do goberno do PP. Aumentouse nun 35% o salario mínimo dende 2004 cando antes, co PP só se incrementaba na inflación prevista. Permiso de paternidade, este goberno estableceu o permiso de paternidade en 15 días. Renda de emancipación, que permite que moitos mozos que non podían abandona-lo domicilio familiar, poidan ter acceso a vivenda en aluguer. Estableceuse por primeira vez que os traballadores autónomos podan acceder á prestación por desemprego. As medidas que se adoptan agora, supoñen un 5% de aforro no gasto de persoal, e para os propios altos cargos a redución é do 15%. Se conxelan as pensións, pero non as mínimas e as non contributivas. Respecto ao cheque bebé que se adoptou en época de bonanza os que daquela o criticaron agora se queixan da súa supresión. Se reduce o gasto en medicamentos. No que atinxe á Lei da Dependencia o único que se retira é a súa retroactividade. Por iso, aínda que nos doía facelos, vamos a defender estes recortes por necesarios para reduci-lo déficit. Respecto do I.V.E. é o máis baixo da U.E., e a subida suporá un importante ingreso para o Estado sen que afecte gravemente á inflación. En todo caso, o superreducido non aumenta, o reducido só un 1% e o normal un 2%.

Intervén o alcalde quen di que ante a opinión tan optimista da representante socialista, parece que non coincide coa opinión dos sindicatos que van convocar a primeira folga xeral do mandato de Zapatero. Non se pode comparar o nivel impositivo con Europa sen ter en conta a diferenza de salarios. Son medidas coas que se sigue o mandato imperativo dos grandes lobbys financeiros. Hai que recoñecer que nos primeiros anos do goberno de Zapatero se fixeron grandes políticas sociais. Hai que dicir que a postura do grupo popular que se deduce da súa exposición de motivos non coincide para nada coas nosas formulacións porque precisamente as críticas que fan da política do goberno sería o que eles mesmos farían de gobernar. Tampouco coincide respecto da actuación da Xunta de Galicia, xa que na proposta popular parece que todo o fai ben, e non se pode criticar a política do estado cando o PP é o primeiro que recorta os gastos sociais en Galicia. non se lle poden votar tódalas culpas a Zapatero cando en Galicia está a aumentar o paro espectacularmente e aínda hoxe non se tomou ningunha medida xeradora de emprego. Tampouco coincidimos no que se di da Xunta de Galicia, que non é máis cunha política de propaganda suprimindo uns cargos para crear outros similares e máis os superdelegados con uns gabinetes a nivel de conselleiros. Indica que non pode vota-la proposta popular salvo que retire a exposición de motivos.

Intervén o portavoz popular quen di que lamenta que a concelleira Montse non sexa a directora xeral do F.M.I.. Unha cousa é o que se di, e outra son os feitos. Zapatero sempre dicía do PP, “mirade o partido que recorta os gastos sociais”. Pois ben, unha cousa é conxelar o soldo dos funcionarios, e outra rebaixalo o 5%. Presumía de estar na champións da economía e que medrabamos ao 4,5%, pero iso era pola burbulla inmobiliaria. Non se pode estar na igrexa e repicando. Cando o conselleiro de Traballo dicía que aquí había menos paro, xa se sabía que a Galicia o paro chegaría máis tarde. En educación subiron o 1,5% as matrículas. Se fixo unha lei de dependencia, pero sen cartos. Co tema do aluguer, pois si; déuselle un caramelo aos mozos para que se independizasen e agora resulta que denuncian aos pais por non darlles máis de 600€. O recorte social máis grande que hai é que hai catro millóns de señores sen emprego e que non cobran a fin de mes.

A portavoz suplente do grupo socialista di que o PP critica unha política que eles farían peor. Que para crear emprego se fixo a reforma laboral, en cuxa aprobación no Parlamento se viu a irresponsabilidade dos demais grupos. Que votarán en contra da proposta do PP, e que votarán a favor do punto terceiro da proposta do B.N.G..

O portavoz popular di que na súa proposta hai moitos puntos e que podería votarse dun en un, se algún outro grupo o apoia.

A portavoz socialista suplente di que eles non apoian ningún punto. O alcalde di que o seu grupo só apoiaría no caso que o PP retire a exposición de motivos, e agás o relativo á Xunta de Galicia, xa que non se pode dicir continuar, se non empezar xa que non hai ningunha.

Sometida a votación a proposta alternativa do grupo popular e rexeitada en segunda votación con cinco votos a favor do grupo popular e cinco en contra dos grupos socialista e nacionalista, facendo valer o alcalde na segunda votación o seu voto de calidade.

Sometidos a votación os dous primeiros puntos da moción do B.N.G., son rexeitados cos tres votos a favor do grupo nacionalista, e sete en contra dos grupos socialistas e popular.

Sometida a votación o terceiro punto da proposta do B.N.G., se aproba en segunda votación con cinco votos en contra do grupo popular e cinco a favor dos grupos socialista e nacionalista, facendo valer o alcalde na segunda votación o seu voto de calidade.

En consecuencia o acordo adoptado é o seguinte:

- *Instar á Xunta de Galicia a:*

- a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.*
- b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.*

1.12º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE OS SERVIZOS SOCIAIS.

Dáse conta da seguinte proposta do grupo nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Dende que o PP accedeu á Xunta de Galiza marcouse como un obxectivo político o de desmantelar as accións máis significativas desenvolvidas no goberno galego polo BNG. Neste senso situaron o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no centro da diana, xunto con outras iniciativas estruturais implementadas polo nacionalismo no goberno galego. Non responden, as intencións da Xunta, a un mal funcionamento do Consorcio ou a un descontento dos concellos e da cidadanía cos seus servizos, senón a un interese puramente partidista para borrar a pegada nacionalista na Xunta. Tamén responde a un interese do PP de converter os servizos de igualdade e benestar nun negocio, ao través da privatización da súa xestión.

A estratexia que utilizan para suprimir ou privatizar os servizos sociais públicos, o goberno do PP na Xunta acode a unha secuencia repetida en numerosas ocasións: primeiro degradar os servizos e fomentar o seu mal funcionamento, despois, descualificalos socialmente, intentando retirar o apoio social co que contan e, por último, desmantelalos, suprimilos ou privatizalos.

O BNG reivindica a consolidación dun sistema público galego de servizos sociais, tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galiza aprobada no ano 2008, que garante os recursos e equipamentos precisos para afrontar as necesidades sociais do conxunto da poboación galega -servizos aos que temos dereito, vivamos onde vivamos-, co obxectivo de favorecer a cohesión social do país, reforzando os vencellos sociais e combatendo os procesos de desestruturación territorial e social, abordando, tanto as situacións de falla de autonomía persoal, como as de pobreza e exclusión social ou nas que existan menores en confuto ou desamparo.

Defendemos a consolidación dos servizos sociais comunitarios (básicos e específicos) como servizos de competencia local que son, dirixidos ao conxunto da poboación dun territorio determinado, baseados no desenvolvemento de accións preventivas, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral. Enmarcados no sistema público galego de servizos sociais, estruturado en rede e coordinado cos outros servizos para o benestar: de saúde, educación, emprego, vivenda, migracións, etc.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo

1. Instar á Xunta de Galiza a que pona en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

2. Instar á Xunta de Galicia a que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

1- Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do Expediente social básico único para axilizar a xestión no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e do Mapa galego de servizos sociais.

2.- Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

3.- Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galicia, de xeito que garanta as persoas en situación ou risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio-laboral. E elaboración da lei Galega de inclusión social.

4.- Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que incidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.

5.- Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padécela, en particular a rede de centros de día.

6. Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

Intervén o alcalde quen di que en efecto dende o acceso do PP á Xunta de Galicia, empezou o desmantelamento do existente. Empezaron polas oficinas de I+D, que supoñían unha estrutura en rede, logo o Consorcio Galego de Servizos Sociais, e tras de isto asoma unha manobra para privatiza-los servizos sociais que é a fórmula que máis lle gusta ao PP e volveremos ao estilo da beneficencia. Por el contrario, o goberno bipartito establecera un sistema universal ao que tiñan acceso tódolos galegos, público porque era a administración quen decidía e que era nacional porque o goberno era quen de deseñar un sistema axeitado á realidade do noso país. Pois todos estes logros que puxo en marcha o bipartito, como a creación de centros de día xestionado polo Consorcio Galego, o servizo galego de transporte adaptado, o servizo galego de atención á dependencia, a aprobación dun plan de inserción social teñen un futuro, co goberno do PP, de privatización.

Intervén o portavoz popular que di que a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais non é un invento do partido popular se non que estaba prevista na lei aprobada polos tres partidos. Todos eses, non vou a chamarlles quioscos, que o mesmo Touriño recoñeceu que fora un erro, non ían, coma o consorcio a ningures. Aos concellos non se lle había enviado a factura cando o concello entrou no consorcio, por suposto co voto en contra do grupo popular, non se sabía o custo. Respecto ao tema dos servizos sociais, parece que os cartos se se pagán directamente ou a través dun cheque ou outras prestacións son sociais, pero se se lles pagan doutra forma parece que son dos cidadáns. A información que transmitía o alcalde era que o centro de día tiña que estar no consorcio porque se non os cidadáns ían ter que pagar os 1.500€ ou o custo que tivese. As residencias que se van a abrir xestionarás as Caixas, pero os custos asumiráos integramente a Xunta de Galicia. os recortes sociais van vir impostos pola crise, non porque os faga un partido político. Sempre estamos coa mesma cantilena. Se goberna un partido de dereitas hai recorte de servizos sociais; se goberna a esquerda hai todo un encumio de servizos.

Responde o alcalde quen di que efectivamente a Axencia Galega de Servizos Sociais foi unha creación da lei, pero se acaban de carga-lo Consorcio. Nel había unha asemblea na que estaban tódolos concellos de calquera cor político. Dita asemblea desaparece e se substitúe por relacións bilaterais. E xa sabemos o que iso supón co goberno do PP. O mesmo que co plan de cooperación. Se lles dará máis ou menos en función da cor política do goberno municipal. Co actual convenio, o centro de día non ten un custo significativo para o concello grazas a que o actual goberno bipartito da Deputación colabora no financiamento da achega municipal, o que amosa a vontade política da actual Deputación para facer políticas sociais. Os usuarios do centro de día pagan uns 180€ ao mes e iso inclúe o almorzo, o xantar, a merenda, o transporte e os demais servizos de atención que se lle prestan. A vostedes (di en referencia ao grupo popular) non lles importa o que lles pase aos cidadáns. A vostedes lles preocupa o que ten que por o concello. O que pretenden é deostar o público para da-la sensación de que funciona mal e privatizar. E cando se privatice resultará que un cento de día coma o da Pobra do Brollón que ten unha psicóloga, unha terapeuta ocupacional, tres xerocultores, é dicir, que ten un equipo de funcionamento como pode ter un centro en Vigo ou Coruña, ao privatizalo non será o mesmo, porque as empresas privadas, loxicamente, se dedican a ganar cartos. Xa sei como funciona o sistema de cheques. Pero ese non é o debate, o debate é a privatización que suporá unha mingua na calidade do servizo.

O portavoz popular di que supón que o alcalde terá visitado a residencia das monxas de Monforte de Lemos, que é privada e que funciona mellor que unha pública. Na pública habería que pagar o mesmo. Hai tres anos veu unha empresa para xestionar o centro de día e ofreceu como contraprestación unha residencia de 48 camas e non se aceptou. En todo caso, houbo unhas eleccións e as gañou un partido que é o que ten que facer a súa política. A Xunta fixo un convenio coas caixas que teñen fines sociais.

O alcalde responde preguntando se se garantiría que na privada houbese o mesmo nivel e número de profesionais que na pública. Di que se trata de mentalidades políticas distintas, que uns prefiren a

xestión pública e a outros non lles importa inxectar cartos no sector privado. Pregunta ao portavoz popular a que empresa se refería. O portavoz popular di que é Asimédica, ao que o alcalde responde que é unha empresa que vostede coñece ben. Continúa dicindo que facer unha residencia é máis complexo que tomar unha decisión un día de inspiración pola mañá, e que en todo caso non se pode facer caso do que diga a primeira empresa que se presente, se non que habería que convocar un concurso entre todas. Respecto a lexitimidade democrática da Xunta, pero iso non impide que o concello non poida manifestar que non está de acordo igual que vostede o fai con este goberno municipal, que tamén ten a mesma lexitimidade.

Sometida a votación a proposte se aproba cos cinco votos a favor dos grupos socialista e nacionalista, a abstención da concelleira popular Páez Figueiras e os catro votos en contra dos restantes membros do grupo popular.

1.13º.- CONTRATACIÓN DE OBRA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o expediente de contratación da obra que se indica e a proposta da mesa de contratación, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar a execución da obra de “rehabilitación do pavillón polideportivo municipal” á empresa que presentou a oferta máis vantaxosa, Diconsa, diseño y contrucción S.A. con N.I.F. A-15.246.184, representada por D^{na}. Susana Núñez González con D.N.I. número 33.275.287-Z no prezo ofertado de catrocentos vinte e tres mil catrocentos doce euros con vinte e seis céntimos (423.412,26€).*

2.- *A empresa adxudicataria realizará as obras complementarias que o concello determine e sen custo para este por un valor de corenta e nove mil cento cincuenta e sete euros con setenta e un céntimos (49.157,71€).*

3.- *Proceder á devolución das fianzas provisionais ás demais empresas presentadas.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

<i>Data</i>	<i>Concepto</i>
21/04/2010	Concesión SAF a José Macía e Manuela Souto
21/04/2010	Concesión SAF a Dolores Díaz Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Antonio Emilio Díaz Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Nemesio Armesto Díaz
21/04/2010	Concesión SAF a Amable Torres San Martín
21/04/2010	Concesión SAF a José Parada Marzabal
28/04/2010	Autorización mesa recollida sinaturas Feira viño Vilacha Plataforma Quermos Galego
12/05/2010	Concesión Tarxeta accesibilidade Álvaro López Rodríguez
09/06/2010	Pagamento facturas Quivacolor S.L.
01/06/2010	Contrato auxiliar dependencia Rosa María Rivera Armesto e M ^a Soledad Vilela Pol

09/06/2010	<i>Modificación contrato Mª Sol Vilela Pol</i>
23/06/2010	<i>Contrato interinidade laboral Mª Soledad Vilela Pol e María Carmen Macia Roman</i>
29/06/2010	<i>Delegar representación Concello a J. Luís Rodríguez Franco para suplir ao alcalde</i>
07/07/2010	<i>Nomear a José Luís Pardo Pérez director e coordinador da obra de reforma do pavillón</i>
08/07/2010	<i>Ordear pagamento facturas a María Paz Gomez Lopez</i>

2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-03/10

+ Pregunta oral que formula a concelleira do grupo popular Páez Figueiras:

No pleno de 29 de decembro de 2009 se aprobou unha achega para a asociación de mulleres rurais. Por qué aínda non se pagou?

- O concelleiro delegado responde .

E certo que se concedeu a achega, e está pendente de pago, pero que el non é responsable de ordenar os pagos e que en todo case sabe que hai problemas de liquidez.

O alcalde, como responsable dos pagos corrobora o dito polo concelleiro, e indica que se están tomando medidas para axilizalos.

* P-04/10

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Recibimos convocatoria para outro pleno a celebrar despois deste a instancias de un veciño. Por qué non se incluíu ese asunto neste pleno no conato de ter dous?

- O alcalde responde:

O veciño que instou a inclusión dese asunto é o secretario do concello, polo que para tratalo se convocou outro pleno no que actuará como secretario outro funcionario xa que o titular non podía.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a cinco de agosto de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

MARÍA JOSÉ LÓPEZ MORGADE, SECRETARIA EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día nove de xullo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos do día nove de xullo de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a concelleira Adoración Fernández González.

Asiste como Secretaria en funcións a funcionaria María José López Morgade, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- ESCRITO DE RAFAEL CASTILLO REBOIRO SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA.

O alcalde da lectura do seguinte escrito:

Rafael Castillo Reboiro, veciño da Pobra do Brollón con domicilio na avenida da Feira nº. 8, con D.N.I. número 32.425.834-C, en nome propio e o de todos os descendentes e familiares de D. Antonio Reboiro Rodríguez, E X P Ó N :

Que D. Antonio Reboiro foi concelleiro deste concello durante o período democrático da segunda República Española, exercendo durante varios períodos como alcalde por enfermidade do titular.

Que como consecuencia do golpe de estado terrorista de 1936 foi desposuído do seu cargo, detido e posteriormente fusilado por ser representante democraticamente elixido da cidadanía e actuar en defensa do goberno e o Estado democráticos.

Que coma el outros veciños do concello sufriron en maior ou menor grado a mesma persecución.

A defensa da legalidade democrática non foi só asumida por el a título individual se non que outras moitas persoas non dubidaron e arriscalo todo en defensa lo estado lexítimo.

Por iso compre unha reparación, non só individual, se non tamén colectiva de acordo co establecido na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución o violencia durante a guerra civil e a ditadura.

Polo exposto, S O L I C I T A ;

Que por presentado o presente sexa admitido a trámite, e na súa virtude o Pleno do Concello da Pobra do Brollón acorde:

1.- Manifestar a condena do concello da Pobra do Brollón do golpe de estado terrorista de 1936 e os crimes que no seu nome e da ditadura que o sucedeu se cometeron.

2.- Abrir un rexistro de persoas asasinadas ou represaliadas durante o golpe de estado, a guerra ou a ditadura de ou no concello da Pobra do Brollón.

3.- Interesar do Ministerio de Xustiza do Goberno de España a declaración de reparación e recoñecemento persoal de acordo co establecido na indicada Lei.

4.- Facer un acto de homenaxe a tódolos asasinados ou represaliados durante o golpe de estado ou a ditadura.

O alcalde, ao abeiro do disposto no artigo 51.1 do Regulamento Orgánico Municipal, da a palabra ao propoñente. Este di o que segue:

Boas noites e grazas Alcalde, concelleiros e concelleiras por permitir unha vez máis que a iniciativa cidadá se poda expresar neste pleno.

Aínda que personalice en min e no meu avó, quero falar, e penso que dalgún xeito os represento, en nome de toda a miña familia, e tamén de tódalas familias das persoas que sufriron a represión franquista.

E tampouco queremos reivindicar só a memoria do meu avó, se non tamén a de todos aqueles veciños do noso concello que defenderon a liberdade e foron perseguidos ou mortos por iso.

Estou a falar, ademais de Antonio Reboiro Rodríguez, e por citar só aos asasinados dos que teño noticia, de Dositeo Casanova Álvarez, José Casas Martínez, José López Centeno, Carmen Maceda Macía, Laureano López Arango, Amador Rodríguez Guerra, Joaquín Da Silva Ferreiro, Juan Abramo Dios, Odilo Rodríguez e Rogelio Rodríguez Fernández. E outros moitos, uns corenta, que sufriron prisión.

Quede claro, en primeiro lugar, que non pretendemos abrir feridas. Pretendemos poder pechar tumbas. Non buscamos vinganza, nin condenas concretas para cada un dos responsables. Non vamos a falar das persoas responsables do que sucedeu. Buscamos xustiza, pero non para castigar aos culpables, se non xustiza para os inocentes, a rehabilitación histórica de persoas normais que foron perseguidos por cumprir co seu deber e a condena histórica do réxime que os condenou.

En 1996 morreu a miña avoa aos 103 anos de idade dos que 58 foron de viuvez forzada. Cando aínda tiña 45 anos e catro fillos menores, mataron ao seu marido. E neses 58 anos nunca puido levar unhas flores ao seu home nin unha tumba ante a que chorar ou rezar. E tampouco os seus fillos, a miña nai e os meus tíos puideron facelo nos 72 anos transcorridos dende a súa morte.

E non só o mataron, que podía ser un simple “avatar” da guerra se non que ademais o condenaron nunha pantomima de xuízo ilexítimo. E coma el, a moitos outros.

Cando se nos pregunta por que queremos destapar estes feitos recordo unha conversa que tiveron hai uns anos con un que entón era concelleiro desta corporación. Falando de que mataran ao meu avó, dixo... “pero é que teu avó tamén fixo cousas que estiveron mal, como queimar a igrexa de Santalla...”

Aínda que fose certo, non hai proporción entre a pena de morte e queimar un edificio. Pero é que ademais era falso. E parece ser que ese comentario andaba estendido sen que ninguén se preocupara de ir

ve-la igrexa para comprobar se hai marcas de lume ou preguntarlle aos vellos do lugar se algunha vez ardera.

E contra esta ignorancia estendida pero seguramente alimentada por mentes maliciosas é contra a que queremos loitar. Ninguén nos pode devolver a vida dos nosos antepasados, pero si esiximos que se limpe a súa memoria.

E, en efecto meu avó foi fusilado despois de ser condenado a morte nun xuízo. Xuízo militar por suposto, feito por pseudoxuíces ilexítimos que representaban un poder ilexítimo imposto polas armas contra a vontade do pobo.

Na acta do xuízo se indica que se xulga a Antonio Reboiro por rebelión militar. Nos *resultandos* da sentenza se xustifica a acusación “por ser afiliado a unha loxa masónica”, por ser “tenente de alcalde durante o período da Fronte Popular”, “propagador decidido e entusiasta de doutrinas marxistas e disolventes”, “constituír un comité de guerra para opoñerse ao *poder lexítimo*”, “requisar armas”, “establecer gardas roxas armadas nos camiños” e “*intento* de asalto ao cuartel da Garda Civil”.

En definitiva. Foi condenado por pensar e expor publicamente as súas ideas. Ou por defender, sen matar ou danar a ninguén, o sistema político democrático e lexítimo contra os traidores e rebeldes, porque a rebelión militar foi a que fixeron os terroristas fascistas.

As veces, os partidarios da ditadura alegan que a República tamén cometeu crimes. E moita xente chega a crelo. Pero nada máis lonxe da realidade. Pretender que os gobernos da República foron responsables de algúns abusos que se cometeron sería o mesmo que culpar aos gobernos da actual democracia dos atentados de ETA ou da violencia de xénero.

Era aquela unha época convulsa en toda Europa, na que había varios movementos antisistema nas extremas dereita e esquerda. Algunhas, como os nazis en Alemania, os fascistas en Italia ou a falanxe en España tiñan mesmo organizacións paramilitares (camisas pardas, camisas negras ou camisas azuis). E uns e outros cometeron actos delituosos ou de alteración da orde pública, situación da que non se pode responsabilizar á democracia. Puido non ser eficaz na súa represión, pero nunca culpable.

Polo contrario, o grupo terrorista que se levantou nun golpe de estado contra o réxime lexítimo, tiña entre os seus seguidores a moitos membros daquelas bandas armadas que provocaban disturbios. E entre os seus promotores a moitos dos autores intelectuais da situación. Pasou en Alemania cos nazis e pasou en España coa falanxe. Ao final, eles mesmos axudaron a desestabiliza-lo sistema para logo xustificar o levantamento contra el.

Atribúese, segundo as fontes, ao filósofo Jorge Santayana, a Napoleón Bonaparte ou a Winston Churchill a frase “os pobos que esquecen a súa historia están obrigados a repetila”. Por iso Alemania e Italia fixeron unha revisión do seu pasado despois da 2ª guerra mundial. E o están a facer Arxentina, Chile Uruguay e Paraguay. En España tivemos unha transición democrática exemplar, baseada no perdón. E non pretendemos cambiar iso. Non se trata de que ninguén vaia a prisión polo que fixo. Trátase simplemente de coñece-la verdade histórica do que pasou e recoñecer aos inocentes que foron indebidamente condenados. E sobre todo, crear unha conciencia social que impida que se volva a producir a mesma situación.

Meu avó era o lexítimo representante do pobo elixido democraticamente. E, ademais de elixido democraticamente, era demócrata. E, ademais, loitou pola democracia. Vostedes son os representantes democráticos do pobo. E, estou seguro de que, ademais de ser elixidos democraticamente, son demócratas. E quero, queremos, crer, que se se repetisen as mesmas circunstancias, vostedes, os nosos representantes, farían exactamente o mesmo que fixeron o meu avó e os seus compañeiros. Opoñerse aos terroristas que pretendan usurpar o poder lexítimo. Aínda que sexan militares. Loitar xunto ao pobo pola liberdade e a democracia. E, naturalmente, tampouco queremos que os fusilen a vostedes. Por iso temos que traballar todos para que a historia non se repita.

Toma a palabra o portavoz popular que di que evidentemente ten todo o respecto polo avó do expoñente e por tódalas persoas que citou, pero que non coñeceu a ningunha. Que a palabra máis importan-

te da exposición foi a de inocente, pero que hai moitas cousas coas que non está de acordo. Di que por que fose a República un goberno democrático iso non quere dicir que non se cometeran desmandos. Di que, por exemplo, o deputado socialista Pablo Iglesias dixo que chegarían a gobernar incluso pola forza, e que ameazou desde o seu escano a José Calvo Sotelo que logo casualmente foi asasinado. Que José Antonio Primo de Rivera tamén foi asasinado polas súas ideas. Que ese goberno incumpriu a lei de reunión e quixo prohibi-las ordes relixiosas, se queimaron igrexas e se violaban as monxas. Fala de dous veciños, Lagareto e Xaime Torres de ideas distintas pero que xantaban xuntos. Di que cada un ten a súa visión da historia. Di que en Vilagarcía tamén se propuxo unha homenaxe a tres persoas e resultou que un deles fora condenado por coller a un falanxista e maltratalo. Engade que descoñece a historia da Pobra e polo tanto propón que se faga una homenaxe a tódalas vítimas de ambos bandos.

Polo grupo nacionalista intervén o alcalde que di que esta iniciativa trae o recordo de unha historia silenciada durante 40 anos de ditadura e o recoñecemento das persoas que loitaron por defende-la democracia. Neste momento de normalidade democrática recordar estes feitos ten unha importancia pedagóxica para evitar que se volva a repetir. Supón que tódolos grupos apoiarán a proposta de Rafael Castillo e que iso contribúa a afastar calquera dúbida de convivencia co réxime ditatorial que truncou o proceso democratizador. De tódolos xeitos estamos a aplica-la Lei de Memoria Histórica que aprobou o parlamento español por maioría, sen o respaldo do P.P.. Por iso insta aos representantes do grupo popular a apoiar a proposta dun veciño que representa a tódolos veciños que padeceron a represión como o mesmo Lagareto que o portavoz popular citaba e que o grupo nacionalista se suma á proposta para condenar tamén ao réxime ditatorial franquista.

Polo grupo socialista intervén a concelleira Montserrat Macía que di que lle resultou emocionante oíla exposición de Rafael Castillo e que lle parece importante que lle corresponda aos actuais concelleiros facer este recoñecemento e apoiar esta solicitude, porque non so é unha obriga legal, se non tamén un compromiso moral que temos con esas persoas.

Autorizado polo alcalde volve a intervir o propoñente que di que non é posible que durante a República Pablo Iglesias ameazase a Calvo Sotelo xa que logo Pablo Iglesias non foi deputado durante a República porque xa estaba morto. Di que como xa sinalou antes non se poden estender os actos de persoas illadas a todo o sistema democrático nin culpabilizar ao goberno lexítimo dos actos de persoas anti-sistema como non se culpabiliza aos gobernos da actual democracia dos atentados de ETA, da violencia de xénero ou dos mortos en accidentes de tráfico. Os gobernos poden ser máis ou menos eficaces en evitalo, pero nunca culpables. A Calvo Sotelo matárono un grupo de Gardas Civís, pero non como froito dunha ameaza nin menos por orde do goberno, se non como vinganza polo asasinato do Tenente Castillo, da Garda de Asalto e socialista, a mans dun grupo falanxista. Non é certo que na República se prohibise a relixión. Naquela época en toda Europa había divisións ideolóxicas profundas e a igrexa tomaba partido de xeito belixerante por unha das partes. Engade que efectivamente José Antonio tiña ideas políticas, pero o que pretendía era impor un réxime totalitario. Por iso non tódalas ideas son iguais, nin dignas de ser homenaxeadas, sen que isto signifique, en ningún momento, xustifica-la morte de ninguén. O portavoz popular dixo que na República se violaban monxas, e é posible que si, pero tampouco se poderá culpar de isto ao goberno, e, en todo caso, son hoxe os curas quen violan aos pequenos, sen que tampouco se poda xeneralizar. Con respecto a facer unha homenaxe ás vítimas de ambos bandos, sinala que en España houbo, coma xa dixo antes, unha transición exemplar baseada na reconciliación e o perdón mutuo, e por suposto non se quere revisar isto. So rehabilitar aos perseguidos ou condenados inxustamente e por un réxime ilexítimo. En todo caso, as vítimas da outra parte xa recibiron as honras durante corenta anos. E foron considerados heroes, cos seus nomes inscritos nas portas das igrexas, mentres os defensores da democracia e as súas familias tiñan que vivir ocultos, humillados e en silencio.

O portavoz popular dille a Rafael Castillo que non terá a máis mínima dúbida de que está de acordo con que se lle faga unha homenaxe ao seu avó. Que ninguén pode dicir que ideas son boas e cales malas, ou xustificar que sexan asasinadas pola súas ideas. Que el se queda coas palabras de Niceto Alcalá Zamora que foi presidente da República que pretendeu conxugar as dúas faccións, dereita e esquerda e que dixo dende o exilio que en realidade eles tamén tiveron culpa do que pasou neste país. Que eles tamén condenan o golpe de estado pero que se queda coas palabras de Alcalá Zamora. Que se vai a abster

porque non coñece realmente a historia deste pobo e non quere ferir a ninguén. Que a homenaxe debería facerse a tódolos que padeceron do ano 1931 en adiante de ámbolos dous bandos que é o máximo respecto que se merecen todos. Di que en todo caso as vítimas durante a República o único que tiveron foron máis anos de frialdade na terra. Pregunta ao propoñente se acepta cambia-la proposta no sentido de que se faga a homenaxe ás dúas partes.

Autorizado polo alcalde, intervén novamente Rafael Castillo quen di que a frialdade da terra a tiveron todos, pero de algúns aínda nin se sabe onde. E que en todo caso non pode aceptar esa homenaxe conxunta xa que aínda que ninguén debера morrer polas súas ideas e ningunha morte está xustificada por motivos ideolóxicos, ambos casos non se poden comparar xa que uns morreron por defende-la legalidade constitucional e outros por atacala.

Sometida a votación a proposta, se aproba cos cinco votos a favor dos grupos socialista e nacionalista, e as cinco abstencións do grupo popular.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as once horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a doce de xullo de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de setembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día vinte e tres de setembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das dúas sesións, ordinaria e extraordinaria celebradas polo Pleno do concello o día nove de xullo de dous mil dez, tras realizar na da ordinaria as seguintes correccións:

1.- No punto 1.03º da orde do día, na disposición final de cada ordenanza, onde di “trece de xuño de dous mil nove” debe dicir, “nove de xullo de dous mil dez”.

2.- No punto 1.05º da orde do día, no anexo II, cadro de persoal, A) Funcionarios de carreira, se substitúe o cadro:

<i>Praza</i>	<i>Nº.</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala/Subescala</i>	<i>CD</i>
<i>Secretario-Interventor.</i>	<i>1</i>	<i>B</i>	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	<i>22</i>
<i>Administrativo Tesoureiro</i>	<i>1</i>	<i>C</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>20</i>
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	<i>2</i>	<i>D</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>14</i>

Polo seguinte:

<i>Praza</i>	<i>Nº.</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala/Subescala</i>	<i>CD</i>
<i>Secretario-Interventor.</i>	<i>1</i>	<i>A-2</i>	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	<i>22</i>
<i>Administrativo Tesoureiro</i>	<i>1</i>	<i>C-1</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>20</i>
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	<i>2</i>	<i>C-2</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>14</i>

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día catorce de xullo de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo proxecto de convenio entre o concello, a Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo, ámbalas dúas da Estación para a xestión e uso do local Social da Estación situado na finca Viveiro, e segundo as cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á primeira Tenente de Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón, a Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo mediante o cal o primeiro encarga e delega nas dúas asociacións conxuntamente a xestión do uso público do edificio situado na finca Viveiro da Estación, xestión que ámbalas dúas realizarán en nome de aquel.

O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.

En función da natureza dos actos que se realicen as asociacións poderán establecer unha taxa ou prezo de entrada.

O concello poderá, respectando a programación de actividades que teñan establecidas as asociacións e de acordo con elas organizar actividades acordes coa natureza das instalacións.

A Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo se subrogan solidariamente en tódalas obrigas do concello que resultan da achega do Plan Leader para a execución das obras.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaríase para si a xestión do uso público do citado edificio.

Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo ás asociacións.

A duración deste convenio e da cesión do edificio será de dez anos ata o trinta e un de decembro de dous mil vinte, prorrogándose por anos naturais salvo denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e dous de xullo de dous mil dez, propoño ao Pleno a súa ratificación.

- Comprometerse coa Deputación Provincial de Lugo a trasladar a costa do concello as conducións subterráneas situadas a menos de seis metros do eixo da estrada Lu-4701 "da Pobra do Brollón, por Parada dos Montes, a Folgoso do Caurel" que se instalen na execución da obra "mellora da rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas do concello da Pobra do Brollón".

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- FESTAS LOCAIS PARA 2011.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o escrito 96.617/2010 de 15 de xullo da Xefatura Territorial da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e tendo en conta que o día do San Vitoiro, que habitualmente se sinala como festa local en 2011 será sábado, data na que a maioría dos traballadores por conta allea non traballa, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- Establecer como festas locais para 2011 os días que se indican:

<i>Data</i>	<i>Motivo</i>
<i>9 de marzo</i>	<i>Mércores de cinza.</i>
<i>27 de xuño</i>	<i>Luns seguinte ao corpus.</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- CONVENIO COS VECIÑOS DE VILACHÁ.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello é propietario dunha adega museo no lugar de Abelaira, parroquia de Vilachá. Para mellora-la súa xestión, e como se ten feito xa con outros locais sociais, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto de convenio entre o concello, a Asociación de Veciños de Vilachá para a xestión e uso do local Social da Estación situado na finca Viveiro, e segundo as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar ao Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de veciños de Vilachá mediante o cal o primeiro encarga e delega na segunda a xestión do uso público da adega museo de Abelaira en Vilachá, xestión que a asociación realizará en nome de aquel.

O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.

En función da natureza dos actos que se realicen a asociación poderá establecer unha taxa ou prezo de entrada.

O concello poderá, respectando a programación de actividades que teña establecida a asociación e de acordo con ela organizar actividades acordes coa natureza das instalacións.

A Asociación de Veciños de Vilachá se subroga solidariamente en tódalas obrigas do concello que resultan do Consorcio Turístico da Ribeira Sacra.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaríase para si a xestión do uso público do citado edificio.

Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo ás asociacións.

A duración deste convenio e da cesión do edificio será de dez anos ata o trinta e un de decembro de dous mil vinte, prorrogándose por anos naturais salvo denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- CONVENIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Para a recollida dos aparatos eléctricos e electrónicos que se depositan no punto limpo compre adherirse ao convenio entre a consellaría e as entidades xestoras. Dita adhesión non tería custo algún para o concello podendo mesmo xerar pequenos ingresos. Polo exposto, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Adherirse ao convenio marco de colaboración entre a Consellaría de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (S.I.G.) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (R.A.E.E.) asinado o día 19 de xaneiro de 2009.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura da adhesión.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Vista a proposta da Consellería de Medio Rural de ampliación do convenio de prevención de incendios forestais, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar a cláusula sétima do convenio de colaboración asinado o día vinte e nove de abril de dous mil dez entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello da Pobra do Brollón para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal, ampliando a dotación orzamentaria da Consellería do Medio Rural en mil novecentos cincuenta euros (1.950,00€), cun importe máximo de cento trinta euros por hectárea limpa (130,00€/ha), ascendendo polo tanto o importe total do convenio a nove mil cen euros (9.100,00€).

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Vista a proposta da Deputación Provincial de Lugo de un convenio para a mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar o convenio a asinar entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo para a mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno segundo as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

Primeira.- Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio a mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno para facer unha posta en valor dos recursos turísticos do concello e da Ribeira Sacra.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade de vinte e nove mil seiscentos setenta e oito euros e con sesenta céntimos (29.678,60 €).

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

- a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2010.
- b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. O Concello de Pobra de Brollón comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostas, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta do Concello de Pobra de Brollón.

O Concello de Pobra de Brollón deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de vinte e nove mil seiscentos setenta e oito euros (29.678,00 €).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, o Concello de Pobra de Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de

21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2009.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo Concello de Pobra de Brollón da seguinte documentación xustificativa:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades ou obras realizadas, temporalización, número de beneficiarios, os resultados obtidos e fotografías ou mostras en medio impreso da realización da actividade, debidamente datada e asinada.

Memoria Económica xustificativa do custo da actividade realizada, que conterá:

- 1. Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada, polo custo total da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión.*
- 2. Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello do custo total da actividade subvencionada acreditando a relación de gastos da actividade subvencionada atopándose executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente. Asemade, acreditará que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.*
- 3. Certificación de obra executada, orixinal ou copia autenticada ou compulsada ou, a presentación das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa conformadas, orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas .*
- 4. Acta de recepción da obra.*
- 5. Declaración das axudas ou subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou entidade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.*
- 6. Sé é o caso, se acompañarán documentos que acrediten que a imaxe corporativa da Deputación de Lugo -Área de Turismo- se inxeriu na publicidade da actividade ou comportamento subvencionado. Estes documentos acreditativos poden ser substituídos por unha declaración responsable do representante.*
- 7. Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*
- 8. No seu caso, declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do importe sobre o valor engadido, por non ter a posibilidade de compénsalo ou recupéralo.*
- 9. Certificación expedida por persoa autorizada da entidade bancada, da conta do beneficiario na que se procederá, se é o caso, ao aboamento da correspondente subvención.*

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2010, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2010.

Oitava.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de abril de 2011. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.06º.- RENUNCIA DUNHA CONCELEIRA.

Dáse conta do escrito 1.765/2010 de 16 de setembro da concelleira Oliva Eva López González polo que presenta a súa renuncia á súa acta de concelleira polo Partido Popular.

O Pleno toma razón da dimisión da concelleira citada facendo efectivo o cese ao remate deste Pleno.

Intervén a concelleira renunciante que di que ten que deixar o posto por mor dunha lei absurda que hai aí. Di que chegou aos seus oídos un comentario referido a ela segundo o cal estaba nas listas do partido popular por haber pedido ou que lle ofreceran algo a cambio. Di que iso non é certo, que nin pediu nin lle ofreceron nada a cambio. Pide perdón ao seu portavoz e aos seus compañeiros do grupo popular porque lles prometeu permanecer durante todo o mandato e agora o deixa maila que nunca lle gustou romper-las súas promesas. Di que consultou o tema co portavoz popular e lle animou a facelo. Agradece ao portavoz do grupo popular a confianza depositada nela, xa que llo pediu moitas veces e ela se negou repetidamente pola súa timidez, mesmo lle propuxo outras persoas do seu pobo pero el seguiu insistindo ata que ao final aceptou, pero non por que si. Cando houbo aquela transición polo despido ou renuncia de David, cando ela felicitou ao actual portavoz, entóns alcalde, lle pediu que continuase de alcalde e que crease emprego na Pobra ao que el respondeu que pensaba facer un polígono industrial e que tiña xa previsto que viñese unha empresa, que non tiña que ser esa empresa que só era un exemplo, que era unha empresa que “aos da oposición” [sic] e algúns do público llas daba risa cando se falou dela no Pleno e que é a empresa na que ela traballaba. Engade que outro motivo polo que aceptou e pola relación persoal que tivo por mor da saúde do seu pai que se sentía moi ben cando o atendía como médico.

Pide perdón aos concelleiros socialistas e nacionalistas se algunha vez estiveron incómodos coa súa actuación, que non foi por mal como pode testemuñar o secretario con quen tivo una relación por mor das eleccións e o alcalde con quen a unen lazos familiares e unha relación estreita. Dálles as grazas tamén por facerlle chegar o seu afecto. Manifesta que desde fora do concello lle seguirá dando apoio aos do seu partido e tamén “aos da oposición” [sic].

Remata dicindo que sente irse sen propoñer medidas de protección aos animais aínda que apoiou a moción a favor da prohibición das corridas de touros, e describe moi ampla e extensamente os sufrimentos e méritos dos animais, o que nos dan aos humanos e o cariño que lles ten.

Os portavoces dos tres grupos agradecen o traballo realizado e o talante na súa actuación da concelleira e lle desexan un bo futuro profesional.

Rematada a orde do día, se somete a votación a urxencia da seguinte moción, sendo aprobada por unanimidade.

1.07º.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA E NACIONALISTA SOBRE O PEIM RURAL 2009/2010.

Dáse conta da seguinte proposta conxunta dos grupos municipais socialista e nacionalista:

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM) asinou durante o ano 2009 dous convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural .

Un deles corresponde cos denominados Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural 2009/2010) sendo obxecto deste convenio as contratacións correspondentes ó ano

2009 , fundamentalmente para a realización de actuacións en materia de desenvolto rural centradas na execución de camiños rurais, co que se ven comprometendo o MARM tódolos anos.

Deste xeito o MARM comprométese a realizar unha achega económica de 18 millóns de euros e a Consellería do Medio Rural comprométese así mesmo a aportar 9 millóns de euros e asume o compromiso de xestionar o conxunto do gasto que afecte as liñas de actuación que contempla o convenio.

A Consellería de Medio Rural correspóndelle pois, levar a cabo a licitación e contratación das obras, así coma a execución das mesmas, para o que a Administración Xeral do Estado xa fixo efectiva a achega financeira a través do MARM.

Outro dos convenios establece a colaboración do MARM e a Consellería do Medio Rural para o desenvolto dun programa piloto de desenvolto rural sostible, para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro para o Desenvolto Sostible do Medio Rural.

O orzamento total para a realización das actuacións contempladas neste convenio, fundamentalmente obras de mellora dos accesos a explotacións agrogandeiras e vitivinícolas , ascende a 17 millóns de euros que aportan o MARM e a Consellería do Medio Rural ó 50% para o financiamento das obras, tal que a Consellería de Medio Rural asume a realización e os custes dos correspondentes proxectos e a execución das obras.

Para tal fin o MARM a través da Dirección Xeral de Desenvolto Sostible xa fixo efectiva a achega financeira comprometida no convenio na súa totalidade por valor de 8,5 millóns de euros.

O Concello de Pobra do Brollón, asinou coa Consellería do Medio Rural un convenio correspondente ó Proxecto Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural 2009/2010), na que se inclúen actuacións para a Mellora de camiños nas parroquias de Ferreiros, Fornelas, Vilachá, Pino, Ferreirúa, Castroncelos e Lamaigreja, por valor de 85.896,68€.

Así mesmo o Concello de Pobra do Brollón, é un dos beneficiados para levar a cabo actuacións de mellora de accesos a explotacións incluídas no convenio para a posta en marcha do programa piloto de desenvolto rural sostible, para a aplicación da Lei 45/2007 do 13 de decembro para o Desenvolto Sostible do Medio Rural, na que se inclúen actuacións para a mellora de accesos a explotacións de viñado no concello de A Pobra do Brollón, accesos en Vilachá , por valor de 6.613,40€, Malia a Consellería do Medio Rural está incumprindo coas súas obrigas e non está a levar a cabo, nin procedeu a execución das obras, co consecuente prexuízo para os veciños /as.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Dirixirse ao Goberno Galego a fin de que a Consellería do Medio Rural:

a) Cumpra coas obrigas e cos compromisos establecidos no convenio de colaboración asinado polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural ,para o desenvolvemento dos Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural) 2009/2010 , tal que proceda de xeito urxente á licitación , contratación e execución das obras que se inclúen no devandito convenio e que afectan ó Concello de Pobra do Brollón.

b) Cumpra coas obrigas e cos compromisos establecidos no convenio de colaboración asinado polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural, para o desenvolvemento do Programa Piloto de Desenvolto Rural Sostible, tal que proceda de xeito urxente á licitación, contratación e execución das obras que se inclúen no devandito convenio e que afectan ó Concello de Pobra do Brollón.

O portavoz popular di que hai dous días houbo unha sesión informativa e non se lles dixo nada de este asunto que agora ven de urxencia sen contar con eles. Que votarán a favor por ser beneficio para o pobo, e non teñen inconveniente en instar á Xunta de Galicia para que achegue a este concello as cantidades que lle corresponden como fai con outros. Estamos en crise, pero a Pobra do Brollón non é menos que outros concellos e se eles reciben axudas, nos tamén as esiximos.

A portavoz socialista di que é certo que tiñan previsto presentala, pero o día da Comisión informativa non estaba aínda redactada.

Sometida a votación a proposta se aproba coa abstención da concelleira Páez Figueiras do grupo popular e os dez votos a favor dos catro restantes membros do grupo popular e os seis dos nacionalistas e socialistas.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
12/08/2010	Autorizar ós veciños de Saa para realizar unha pancetada, co gallo das festas patronais no lugar de Saa
13/08/2010	Adxudicar definitivamente a obra de “Rehabilitación do Pavillón Polideportivo Municipal” á empresa “Diseño e Construcción, S.A
13/08/2010	Autorizar o lanzamento de foguetes da festa de Saa
16/08/2010	Autorización pancetada Castrosante
17/08/2010	Autorización pancetada asociación Liñares
17/08/2010	Autorización parrillada Juan Fuentes Ramos
17/08/2010	Autorizar a Celestino Fuente Martínez para realización de dita pancetada
19/08/2010	Nomeamento tribunal Técnico Superior Saúde Ambiental
23/08/2010	Nomeamento Mª Elvira Martínez De Martínez
23/08/2010	Ordear pago das facturas Yell publicidade e Goma Representacs y Distribucs ,S.L.
26/08/2010	Lanzamento de foguetes Salcedo
14/09/2010	Iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística Cancela de Salcedo
15/09/2010	O reintegro por parte Rosa Maria Rivera Armesta de cuantías indebidas
16/09/2010	Selección auxiliares de axuda a dependencia Oliva Eva
23/09/2010	Recoñecemento de trienios Emilia González Sánchez e María Carmen Fernández López

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-05/10

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

En relación co programa de Km0 se fixeron dúas excursións e, ao parecer, houbo veciños que quedaron excluídos da segunda viaxe mentres outros foron nas dúas. Por qué non se tomaron medidas para evitar esa situación?

- O concelleiro delegado responde:

As viaxes son solicitadas por asociacións, non polo concello, polo que as prazas cóbreñas os socios, e se quedan vacantes llas ceden ao concello. Puido por tanto ocorrer que un veciño que foi a unha como habitante do concello lle correspondese ir á outra como membro da asociación. En todo caso, os que quedaron fora se manteñen en lista para a próxima, no caso de que existan vacantes dos socios da correspondente asociación.

* P-06/10

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

En relación co CD recentemente editado, en que situación queda? Vaise cobrar pola súa distribución? Págao a Deputación? Como se vai distribuír?

- A primeira tenente de alcalde responde:

A Deputación subvenciónao ao 100% pero a distribución ten que ser gratuíta. Están a dispor do concello para o seu reparto.

* P-07/10

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Colocáronse recentemente unhas sinais de prohibido aparcar en Salcedo. Que finalidade teñen? Se son para o autobús escolar, por qué non se especifica o horario e o espazo reservado?

- A primeira tenente de alcalde responde:

Queda por completar a sinal. O horario é variable en función do calendario escolar. Os autobuses do transporte escolar non poden circular marcha atrás polo que se está o paso interrompido deixarían de circular. Se pintará unha liña amarela indicando o espazo reservado.

* P-08/10

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Na Xunta de Goberno Local de 2 de agosto no punto 2 da orde do día, contratación de persoal, aparecen aprobadas as bases para cubrir unha praza de técnico medioambiental dentro do plan de cooperación. Tamén habían concedido unha praza de auxiliar administrativo da que non vin a aprobación das bases. Por qué non se aprobaron nesa Xunta de Goberno Local?

- A primeira tenente de alcalde responde:

Se aprobaron noutra sesión da Xunta de Goberno Local.

Intervén o secretario e aclara que se aprobaron nunha sesión da Xunta de Goberno Local, pero que por erro no montaxe informático das actas figuraba noutra, erro que foi corrixido na aprobación das respectivas actas.

+ O portavoz do grupo popular di:

Respecto á praza de auxiliar administrativo, teño coñecemento de que unha concursante presentou un escrito ao que non se lle deu resposta. Ao parecer se fundamentaba en que as bases foron cambiadas o mesmo día do exame. Isto é certo? De non selo, por qué non se respondeu ao escrito?

- A primeira tenente de alcalde di:

Non corresponde á realidade. o escrito formula máis asuntos. As bases foron aprobadas nunha sesión da Xunta de Goberno Local. Antes existía un borrador. Ao parecer, antes da aprobación, en un afán de favorecer ás persoas elixidas polo Servizo Galego de Emprego, un traballador do concello lles entregou unha copia antes de ser aprobadas. Pero dito borrador de bases tivo que ser corrixido para que o baremo se axustase á legalidade nos termos da importancia relativa das fases de concurso e oposición. En todo caso pode ampliarlle a resposta quen foi presidente do tribunal.

Intervén o secretario, quen foi presidente do tribunal, autorizado polo alcalde e di que corrobora toda a explicación dada pola tenente de alcalde. Efectivamente, por un erro non malintencionado dun traballador se facilitaron as bases aos aspirantes antes de tempo. Cando se levaron á aprobación pola Xunta de Goberno Local se detectou o erro e se corrixiron, e copia das bases corrixidas foi exposta no taboleiro de anuncios e se lles facilitou copia delas aos aspirantes. En canto ao de responder ao escrito sinala que non

é un escrito simple ao que se lle pode dar resposta inmediata. Se trata dun recurso que está sometido a un tratamento administrativo con informe do secretario e audiencia aos interesados antes de resolvelo. Neste proceso a interesada veu consultar o expediente completo e solicitou, e se lle entregou, copia do informe de secretaria, estando neste intre esperando a que formule as alegación que estime procedentes.

+ O portavoz popular pregunta:

Pero, respondéuselle oficialmente?

O secretario aclara novamente que non se trata dun escrito simple o que se poda responder de calquera xeito se non dun recurso administrativo sometido a un procedemento establecido legalmente ao que se responde cunha resolución susceptible, no seu caso, de recurso contencioso administrativo.

+ O portavoz popular di:

Pero, as bases hai que darlle publicidade, e cando a persoa recolle a documentación que se lle da entende que é veraz. “E por parte do partido popular, aquí con respecto ás oposicións sempre, non solo cas oposicións se non ca concurrencia de postos, sempre dixemos concretamente eu de que ser ó mesmo tempo concellal delegada das APAs, directora do colexio e dicir, concretar cargos en unha so, entendo que non é bo. E entendo, entendo, e esto é para o señor secretario, de que a mesma persoa, porque xa ten pasado aquí en outra en outra oposición que está recurrida e entendo de que a mesma persoa que resulta que da certificacións ou que é o que informa ao grupo do goberno que sea a mesma persoa que o presidente do tribunal que despois ten que dicir as cualificacións, entendo de que entran en... en.. e dicir, dirá a lei ou non, pero non entendo de que a persoa que ten que facer o informe sea a mesma persoa que ten que juzgar ou avaliar esa, esa acta. É unha cosa personal, xa digo que a efectos de legalidad non entendo, pero evidentemente que en unha mesma persoa concurra estas dúas cualidades entendo de que no é bo, e probablemente non sea bo, pero bueno, e en este momento desconozco en que situación está, esta persoa planteoumo en seu día, non sei cal foi, e simplemente era preguntar díganos como estaba ese expediente, si se iba a contestar a esa persoa, e evidentemente eu non entro en que colleu a plaza ou deixou de coller a plaza, non me parece normal que haba dúas partes, seña unha en borrador e outra publicada nos tablóns ou na publicidade que se lle dea a, que se lle dea no no ayuntamiento ou na forma que se expoñan as bases, non? Eso con respecto a unha, e respecto ao técnico medioambiental pois tamén tuven queixas en un sentido e entón gustárame que me aclararan no punto g, voulle a leer o punto g... que dice que con carácter xeral, non se ter contratado, o tema do plan de cooperación, non se... no se ter contratado no marco de.. o sea era unha das... das... para díganos as condicións, non? Para, díganos, para cubrir a esa plaza, con carácter xeral non ter, non se ter contratado no marco de programas de cooperación por un período superior aos nove meses nos tres últimos anos contados dende a finalización do último contrato. Entón houbo xente que se queixou de que a persoa que ocupou ese posto pois parece ser que non cumpría este... entón gustárame que alguén mo aclarara”. [sic]

O secretario, autorizado polo alcalde di que hai un axioma en dereito que di que “onde a lei non distingue, non se distingue”. Entón, se a lei non establece incompatibilidade, non hai incompatibilidade. E máis, na lei de contratos das administracións públicas, non soamente o secretario pode formar parte, como calquera funcionario e neste caso tamén concelleiro, da mesa de contratación, se non que a Lei obriga a que o secretario, e no seu caso o interventor, formen parte da mesa, o cal significa que non hai incompatibilidade entre formar parte da mesa e informar. E teño que aclarar outra vez que a persoa que presenta o recurso falta á verdade. Falta á verdade porque si ben e certo que alguén lle deu, non podo dicir quen pero pode ser a persoa que redactou o borrador das bases, unha copia dese borrador, borrador que despois revisamos, tanto os membros da Xunta de Goberno Local coma eu mesmo e vimos o problema que había e se cambiou, e esa persoa lle deu unha copia, que seguramente ía sen selar e sen asinar, pois esa persoa cometeu un erro. Se se quere, abrimos un expediente de investigación e sancionamos ao responsable, pero se non, non imos marea-la perdiz. E, en terceiro lugar, falta á verdade porque en canto se detectou o erro e se corrixiu, se lle volveu a entregar copia. E en cuarto lugar, non houbo publicidade desas bases,

porque como sabemos, o plan de cooperación non é aberto a toda a xente, se non que hai que seleccionar entre as persoas que o Servizo Galego de Colocación propón, e podo adiantarlle, seguramente, a resposta da concelleira no sentido de que a esa persoa a propuxo o Servizo Galego de Colocación.

- A primeira tenente de alcalde responde:

Ese punto g estaba na convocatoria do diario oficial de Galicia, non nas bases, e o concello, unha vez aprobado o Plan de Cooperación, solicitamos ao INEM as persoas que cumpran requisitos para un Plan de Cooperación, e as persoas que recibimos tiveron todas esas bases. Non entramos en que cumpriran un ou outro requisito, porque ese requisito lle corresponde contemplalo ao INEM.

+ O portavoz popular di:

“Vamos a ver, unhas aclaracións ás aclaracións. E dicir. Dios me libre a min de ir en contra de un funcionario que de boa fe, entendo, que entregou pois en forma amistad unha {inaudible}. Entendo de que o quid da cuestión é, digamos, que ao mellor esas bases, porque para eso se reúne en esta... teño constancia desta, non teño constancia de reunión do grupo de goberno, a min dinme que si, que houbo un transpapel, transpapeleo de... de temas, pero que realmente se hai unhas bases pois están, digamos, un pouco pa cumplilas. Entendo de que si houbo un erro en ese sentido, pois tamén se pudo dar ou un tempo ou tal, haba ou non haba información do tema, non?. E con respecto a que a lei che permite formar parte de dúas cousas distintas e tal, eu non che digo, e dicir, Dios me libre porque eu non son quen legisla, eu non digo nunca, non digo nunca de se a lei lle permite ou non, digo, que a min personalmente, este tipo de cousas de que unha persoa esté en dous sitios e sea xuez e parte, entendido como xuez e parte que é o que da un informe e ao mesmo tempo forma parte deste tribunal, creo que non foi bo. E creo que non foi bo porque xa tivemos unha experiencia previa en este tema, non? Máis, e dicir, perdoa. E con respecto ao de técnico de medio ambiente, eu lle pregunto a vostede se a persoa que está no técnico de medio ambiente, cree, baixo seu criterio ou baixo seu criterio do do do secretario si cumpre este carácter: Con carácter xeneral non se terá contratado ao marco de persoas de cooperación por un período superior a nove meses nos tres últimos anos e tal. Tendo en conta que, efectivamente, se esa persoa terminou un contrato, evidente, terminou un contrato, e marcha para as listas de de desempleo e, evidentemente, se este concello pide que lle manden unha lista de persoas desempregadas como técnicos de medio emprego, pois esa persoa evidentemente vai vir en a lista, pero digo se a criterio, se a criterio da concelleira ou do secretario cumpre con esta premisa do punto g.” [sic].

- A primeira tenente de alcalde responde:

Pero é que ese criterio non o temos que establecer nos. Ese criterio está no DOG e é o que ten que establecer o INEM. Nos temos que solicitar ao INEM persoas que cumpran eses requisitos, e é máis, teñen a fotocopia da proposta do plan de cooperación. E temos que aceptar as persoas que nos manda o INEM, ou sexa, esas persoas son as que van a presentarse a esas bases, esas persoas que envía o INEM.

+ O portavoz popular di:

Vostede sabe cal é o espírito do plan de cooperación, igual que todos. O espírito este di que é para, digamos, a integración de persoal basicamente que está no paro. Ese é o espírito, e que no traballou en tempos anteriores. O espírito. Despois... [sic].

- A primeira tenente de alcalde responde:

Había un baremo por tempo non traballado que se lle baremou ás dúas persoas, e supónome que houbo unha equiparación. E máis, eu non recordo, porque loxicamente non estaba no grupo de selección, pero en méritos, e por tempo desempregado, penso que había unha persoa con máis puntuación que a que entrou ao final. A baremación total...

+ O portavoz popular di:

Coméntanme que, non sei, pero comentanme que lle pasou a un concejal de que nos plans de cooperación cando todo eso e que parece ser que teñen que firmar un documento conforme nunca estivo, ou sea non estiveron empregados pola administración en un tempo determinado. Desconozco este tema se é así, se vostedes conocen ou algo. [sic].

Autorizado polo alcalde intervén o secretario que di que evidentemente tivemos un contencioso e esta reclamación, pero houbo outras moitas probas que non foron reclamadas. Por outra parte, no que respecta a informar e formar parte de un tribunal, este acaba a súa labor no momento que fai unha proposta de resolución que eleva ao goberno, o alcalde ou concelleiro delegado. Polo tanto, iso non é incompatible con que logo, no resto do expediente, sexa o mesmo secretario quen informa. Non ten ningún problema.

+ O portavoz popular di:

Desde logo, desde o partido popular, con tal, digamos, que se lle de a persoa que obviamente mereza a praza, e se esa praza recae por méritos e por puntuación e todo, recae nunha persoa do concello, evidentemente o partido popular está contento deste tema, non? Pero está contento de que recae en calquer veciño deste concello. É dicir que non, e dicir, esta reclamación, que para nada vai contra as persoas que ganaron esa praza, que entendo que a ganaron, pois se lle deron esa puntuación entendo que lla deron correctamente, non? Pero tamén e certo de que como partido popular, e dicir, como grupo da oposición que a nosa labor é a de controlar a acción de goberno e o que se fai neste concello, entendemos que nos chegaron unhas reclamacións, que estamos ao tanto dese tipo de reclamacións, e estamos na obriga de facer este tipo de comentarios, non? Entonces, nos desde o punto de vista, entendemos de que o plan de cooperación nese sentido, no punto g, pois, a verdade, danos a impresión de que, de que non, non se cunpleo desde o punto de vista. Pero non vai a ser como dixo o señor secretario que... que sea eu quen vaia en contra de un funcionario nin nada, non. En todo caso serán as persoas que se sintan afectadas as que teñan, as que terán que reclamar, ben por vía administrativa ou por vía judicial, porque o di a lei, non por que o diga nin o señor secretario nin a concejala delegada nin o portavoz do partido popular. [sic].

Autorizado polo alcalde intervén novamente o secretario que di que cando se fan concursos abertos ao público a xente ten oportunidade de reclamar porque llo da a lei e o sistema o permite. Con respecto á pregunta do portavoz do grupo popular sobre o criterio respecto ao cumprimento da letra g das bases, dita base di con carácter xeral, non obrigatoriamente. Polo tanto nos temos que estar abertos á proposta que a propia Xunta nos manda. Por qué a Xunta nos mandou unha persoa que había rematado o contrato había pouco? Pois supoño que foi porque no concello, unha das prioridades é que o traballador sexa do concello por ser un plan de emprego local, seguramente non hai máis que tres persoas coa titulación necesaria, e para dar opción de seleccionar, enviaron ás tres aínda que unha levara pouco tempo no paro. Posiblemente, se houbese máis non a haberían incluído.

+ O portavoz popular di:

Ahora si me deixa coa duda, eh? [ri]. Estame dicindo vostede, o sea, que se houbese moitos parados, esta persoa como xa traballou non traballaría, pero que si hai dous, entón si? Ou sea, con carácter xeral, non, pero con carácter individual, si. Desde logo, agora, si que me deixa vostede na duda. O sea, unha persoa, mire, e para terminar, bueno, para terminar, non, porque quen termina aquí as órdenes e os turnos é o señor presidente desde concello, deste pleno. E, pero, se hai unha cousa, quero dicir que, si hai unha persoa que está traballando durante tres anos en este concello, ou dous e medio, non sei agora o tempo que está porque non, non é, non é función miña digamos actuar coma... como... como pico encima de nadie, e o que si, digamos, o criterio do plan de cooperación é ese, e dicir, o sentido é que a xente nova, e sobre todo estas carreiras novas, non? de nova creación é que lle den oportunidade a xente pois de ter experiencia, porque si non estamos ao de sempre, o que eran os antigos ingenieros e tal, pero bueno, as carreiras digamos ingeniero e tal pois, evidentemente, tamén pedían experiencia pero bueno, normalmente teñen máis facilidade de colocarse. Pero estas novas carreiras donde é xente con cursos pequenos e dicir que con 18 a 21 anos, pois

mire, salen da, salen das escolas con esa ilusión de que lle dixeron que eran carreiras novas, que probablemente agora o tema medioambiental está moi solicitado e todo, pois teñen a ilusión de, digamos, de traballar. E ese plan de cooperación, digamos, o que quere é, digamos, que si un concello pide isto, pois que se lle de esa oportunidade, esa oportunidade a esas xentes xoven de traballar. Entonces, entendo eu, que unha persoa, ao mellor, que leva tres anos traballando, todo o mundo quere traballar, evidentemente e tal, pero ao mellor hoxe en día economicamente na súa casa, na situación económica que estamos, pois ao mellor igual tiña máis facilidade pois por que por exemplo si leva traballados tres anos pois o ten ahí unha capacidade de paro, de cobertura, de cobertura salarial e durante un tempo. Cousa que, evidentemente, estes parados que non teñen, pero claro, estes parados tiveron a mala suerte, según me di vostede {diríxese ao secretario}, que estes dous parados tiveron a mala suerte que solamente houbera dous, que se houbera catro ou cinco, pois ao mellor a cousa recaía nun parado de larga duración ou de corta duración, pois bueno, pois mala suerte que teñen estes que haba poucos parados, non? [sic]

Intervén novamente o secretario para aclarar, ante as risas que provocou a súa anterior intervención que ou ben,entendeu mal ao portavoz popular, ou este lle entendeu mal a el ou o propio secretario non soubo explicarse. A cuestión é que hai dous planos de actuación, un o Servizo Galego de Emprego e outro o concello. A explicación anterior foi sobre por que supón, pero é solo unha suposición, que o Servizo Galego de Emprego, incluíu na oferta a esa persoa. Unha vez que a inclúe, non é quen o concello para rexeitala de plano. Porque nas bases non pon taxativamente “non poderán”, se non preferentemente. Por tanto, o SGE remite un listado de persoas e uns currículos entre os que o concello debe seleccionar, partindo tódalas persoas dunha situación de igualdade sen que o feito de ter ou non traballado supoña unha quedar fora ou entrar. Logo se lles puntúa segundo o baremo establecido, tanto os méritos alegados coma, no seu caso, os exercicios realizados.

+ O portavoz popular di:

O plan de cooperación apróbase e cando se lle comunica a este concello que hai concedidas dúas plazas, a de administrativo e a de técnico de medio ambiente, eso supoño que sería no mes de finais de xunio, xulio, non? E comunícase as dúas plazas ao mesmo tempo, supoño que non lle comunica unha e outra, e decir, é habitual que comuniquen as dúas plazas, non? Resulta que non deixa de ser tamén extraño de que se convoque, e decir, o loxigo e que o grupo de goberno se xunte un día e faga as bases das dúas plazas, e resulta que se convoquen as dúas e se contraten as dúas persoas xuntas, e claro, outra cousa, sendo mal pensados, colle pensar que primeiro se contrata ao administrativo, e resulta que como aínda na lista de paro namais que hai dous, están esperando a que poda haber tres parados para que así xa, tres persoas, para poder elixir entre elas. Nada máis. [sic]

- A primeira tenente de alcalde, responde:

Coincidiu por necesidades do concello, a praza de administrativo convocouse, previsiblemente, para cubrir as vacacións do verán de todo o persoal administrativo, e loxicamente, mentres tiñamos un técnico de medio ambiente non necesitamos dous e non vamos a pagar a dous, entón, coincidiu coas necesidades e coa previsión do concello. [sic]

- Intervén o alcalde, que di:

Isto está xa suficientemente debatido, este é un tema de máis calado que se puido formular en rogos e preguntas, o ser obxecto dunha moción. Aquí o que se debate, porque os expedientes están aí e os pode revisar o portavoz do grupo popular e calquera dos afectados, non cabe dúbida, e non creo que vostede no dúbida da legalidade do procedemento, e para iso están os expedientes, os interesados teñen posibilidade de recorrer, pero o que pode ser motivo de debate, o que vostede formulaba sobre a filosofía do plan de cooperación pois igual quen ten que formular os termos nos que se produce o plan debe de ser a Consellería de Traballo que é quen establece e envía as listas de xente que se vai contratar, entón é a conselle-

ría quen marca a filosofía. E para rematar direi que estou contento e que me alegro profundamente de que se fale de bases e de selección nos planes de cooperación.

** P-09/10*

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Gustaríame saber como está o tema da obra do polideportivo?

- O alcalde, responde:

Estase executando a obra que ten que rematarse en decembro, e no contrato administrativo figuran sancións para a empresa no caso de incumprimento dos prazos.

** P-10/10*

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Respecto do punto limpo, gustaríame saber como valora vostede {diríxese a terceira tenente de alcalde} a utilización do punto limpo, o servizo, se hai correlación entre o servizo que demandan os usuarios e o horario, se o concello se puxo en contacto con outros concellos para compartilo...?

- A terceira tenente de alcalde responde:

O servizo se presta tres horas semanais, pero se un usuario necesita que se lle abra a outra hora, pódese facer. se trata de compatibilizar as necesidades do servizo cos recursos dispoñibles. Se está intentando mentalizar á xente sobre o uso deste servizo e do reciclaxe.

** P-11/10*

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Respecto á limpeza dos colectores, como está o tema?

- A terceira tenente de alcalde responde:

Os colectores limpáronse por primeira vez o ano pasado, pero este ano a Xunta non nos facilitou persoal no plan de cooperación.

+ O portavoz popular di:

Creo recordar que cando se cambiou o sistema de prestación do servizo, vostedes argumentaron que unha das razóns era poder limpar os colectores, pero non que o fixeran os traballadores do plan de cooperación.

- A terceira tenente de alcalde responde:

Non foi iso o que dixemos. Dixemos que así poderíamos prestar mellor servizo como a limpeza viaria. De feito nos anos 2008 e 2009 se presupostaron 9.000€ para contratar a limpeza dos colectores cunha empresa, e a empresa Escor deu un orzamento de 9€ por colector. Cando se fixo o estudio económico que foi base para o cambio do sistema de prestación do servizo, se tivo en conta a limpeza viaria e o punto limpo, pero non a limpeza dos colectores.

- O alcalde engade:

O ano pasado foi a primeira vez que se limparon os colectores, e se este ano non se fixo foi por falta de persoal xa que no plan de cooperación a Consellería de Traballo foi "extraordinariamente benévola" coa Pobra do Brollón.

** P-12/10*

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Este concello celebrou un luns un acto de homenaxe á escritora deste concello Olga Novo, e se lle puxo a placa co seu nome á Casa da Cultura. Non creo que fose un acto improvisado ese mesmo día, pero se me convocou por un funcionario esa mesma mañá. Non creo que o feito que nos abstivésemos na proposta, é suficiente para que se nos aparte do acto?

- O alcalde responde:

Non foi mala fe, foi un despiste de un funcionario a quen encarguei que convocase a todos e se esqueceu. Pódello preguntar e el llo recoñecerá.

+ O portavoz popular di:

O que non queremos é que quede a dúbida de que o grupo popular se opoñía ao acto.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaioito de outubro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de outubro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día vinte e seis de outubro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece o Concelleiro José Antonio Álvarez Sánchez.

Está presente Juan Antonio Rodríguez Senra para os efectos que se indicarán.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de setembro de dous mil dez.

1.02º.- TOMA DE POSESIÓN DUN CONCELEIRO.

Recibiuse no concello da Xunta Electoral Central a credencial como concelleiro de que ocupou o posto sétimo na lista electoral do Partido Popular D. Juan Antonio Rodríguez Senra.

D. Juan Antonio Rodríguez presentou na Secretaria do Concello as correspondentes declaracións de bens e intereses cumprindo o previsto na lexislación vixente.

D. Juan Antonio Rodríguez Senra promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Concelleiro da Pobra do Brollón, con lealdade á Súa Maxestade El Rei, e cumprir e facer cumpri-la Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación D. Juan Antonio Rodríguez Senra toma posesión como concelleiro do concello da Pobra do Brollón, e se incorpora á sesión.

1.03.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Traballo ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de outubro de 2010, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.

2.- Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 7 de setembro de 2010 da (D.O.G. número 178/2010 de 15 de setembro) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de outubro de 2010, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia segundos as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRO.- O presente protocolo ten por obxecto senta-las bases de colaboración entre as partes para posibilitar as actuacións tendentes ao desenvolvemento das actividades precisas para o estudo e implantación dun programa de atención as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven soas en Galicia, a través dunha atención integral mellorando a súa calidade de vida, actuando polo tanto dunha forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDO.- A Consellería de Traballo e Benestar realizará aquelas actuacións necesarias de cara a:

- Analizar os datos estatísticos remitidos polo Concello, avaliando as necesidades das persoas maiores e/ou persoas con discapacidade que viven solas, e, en colaboración co Concello e coa FEGAMP, deseñar e implementar un programa de apoio integral as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven solas.*
- Planificar a implementación do programa, unha vez deseñado, correspondéndolle a coordinación dos recursos existentes dos que sexa titular cos de titularidade do Concello de cara a procurar a atención integral as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven solas.*
- Avaliar o custo económico derivado do programa e realizará unha planificación económica que contemple a súa implementación progresiva en toda a Comunidade Autónoma, a identificación das fontes de financiamento posibles e os prazos fixados para a súa posta en marcha que serán concretados nas actuacións de desenvolvemento deste Protocolo.*

TERCEIRO.- O Concello da Pobra do Brollón realizará aquelas actuacións necesarias de cara a:

Remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal información estatística das persoas maiores de 65 anos que viven solas no concello por tramos de idade (65-70, 70-80, 80-85 e + de 85 anos), identificando o sexo da persoa maior así como se son usuarios de ss.ss comunitarios ou/e especializados e tipo de servizo.

- Remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal información estatística das persoas con discapacidade que viven solas no concello, identificando o sexo, grao de discapacidade así como se son usuarios de ss.ss comunitarios ou/e especializados e tipo de servizo.
- O Concello obrígase a respectar a intimidade das persoas e a manter a confidencialidade e a garantir a seguridade e integridade dos datos aos que poida ter acceso durante a execución das accións derivadas deste Protocolo, de acordo co que se dispón na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Nos casos en que se necesite utilizar datos de carácter persoal para o seu tratamento estatístico estes deben facerse con datos disociados e, de no ser posible a disociación, solicitarase o consentimento expreso aos cidadáns para poder utilizar os datos con ese fin.
- Colaborar na futura posta en marcha e implementación do programa deseñado pola Consellería de Traballo e Benestar dentro das accións e coas condicións que se determinen no desenvolvemento deste Protocolo.

CUARTO.- As partes asinantes son conscientes de que no presente documento non poden recollerse tódalas actuacións que engloba a realización do seu obxecto, polo que se comprometen expresamente a desenvolver, a través da formalización dos instrumentos que procedan, aquelas actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

QUINTO.- Constitúese unha Comisión mixta de coordinación e seguimento das actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos fixados no presente documento na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, estará formada por parte da Consellería por dous representantes designados pola Conselleira de Traballo e Benestar, e por parte do Concello por dous representantes designados polo mesmo. Dita Comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

SEXTO.- Este protocolo ten carácter administrativo e, en consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de coordinación e seguimento. As cuestións litixiosas non resoltas no seo da devandita comisión someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA.- O presente Protocolo entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o cumprimento do seu obxecto.

E para que conste, e como proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente protocolo de Colaboración, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de outubro de 2010, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia segundos as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, e o Concello da Pobra do Brollón, é a posta a disposición deste do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten encomendadas dentro do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do sistema, do contido da resolución do Programa Individual de Atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do Programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Compromisos das partes.

1) Da Consellería de Traballo e Benestar.

Os compromisos da Consellería consistirán en:

- *Porá a disposición do Concello, de xeito progresivo, unha aplicación web que dará acceso en modo consulta á seguinte información do Sistema de información Galego de Atención á dependencia (en adiante SIGAD):*
 - *Información resumida do expediente e do estado de tramitación do mesmo.*
 - *Contido da resolución do Pia.*
 - *Acceso ao "programa de asignación de recursos" de cara á tramitación do SAF.*
- *Os datos aos que se proporcionará acceso será daqueles expedientes que correspondan a área de influencia da acción do traballador/a social de servizos sociais comunitarios. A área de influencia dun traballador social vira determinada polo/s concello/s de radio de acción dese/a traballador/a social.*
- *Proporcionar ao Concello a información e soporte necesarios para resolver as dúbidas ou incidencias que poidan xurdir no acceso ao SIGAD.*
- *Proporcionar a formación inicial necesaria aos traballadores/as sociais dos servizos sociais do Concello de cara ao acceso ao SIGAD así como a utilización e explotación das súas funcionalidades. A Consellería levará a cabo unha xornada formativa en cada provincia, xunto coa posta a disposición de manuais e información sobre o funcionamento do sistema.*
- *A Consellería comprométese a seguir traballando na implementación de solucións técnicas de cara a facilitar a xestión do procedemento de solicitude do recoñecemento da situación de dependencia, ampliando as posibilidades de interacción telemática entre a Consellería e os servizos sociais comunitarios.*

2) Do Concello da Pobra do Brollón.

Os compromisos do Concello consistirán en:

- *O Concello deberá remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, a solicitude de acceso ao servizo (Anexo I), coa identificación dos profesionais de ss.ss comunitarios e a área de influencia solicitada para cada un deles.*
- *O Concello deberá comunicar calquera variación que se produza nas condicións de acceso dos profesionais, en especial as baixas no servizo. Estableceranse controis de tempo de inactividade dos usuarios, que pasarán á situación de cancelados unha vez transcorridos tres meses sen accesos na aplicación.*
- *Todos os usuarios autorizados para o acceso, xunto cos seus responsables no Concello, deben ter coñecemento de que o emprego de datos de carácter persoal en tarefas impropias son*

operacións ilegais que poden dar lugar a responsabilidades administrativas, en concreto as establecidas no Título Vil da LOPD, así coma a responsabilidades de calquera outra natureza, incluso penais, razón pola cal cando, por calquera medio, se teña indicios da utilización destes datos con finalidade distinta da sinalada neste convenio, ou da súa difusión indebida, infrinxindo así o deber de secreto profesional, poranse ditos feitos en coñecemento da Consellería de Traballo e Benestar, ao obxecto de procurar a adopción das medidas pertinentes entre ambas partes. A fin de dar a coñecer estas responsabilidades, en todas as altas de usuarios realizadas se deberá cumprimentar un documento onde se especificarán os compromisos adoptados polo usuario, segundo o anexo II adxunto a este convenio. Dito documento quedará en poder do concello, si ben poderá ser reclamado pola Consellería.

- O Concello é responsable da dispoñibilidade técnica dos medios necesarios para o acceso vía web ao SIGAD por parte dos profesionais designados. Isto inclúe a instalación de lectores de DNI electrónico se fose necesario, ou a obtención de certificados clase 2CA da FNMT por parte dos traballadores sociais. A Consellería de Traballo e Benestar asesorará e proporcionará a información que sexa necesaria ao Concello para que o medio de identificación na aplicación non se converta nun atranco.
- O Concello é responsable de implantar as medidas de seguridade, tanto técnicas coma organizativas, e tanto nos postos de traballo dende os que se acceda á aplicación, coma no posible ficheiro soporte papel, no caso de que se extraía información do SIGAD mediante impresión de pantallas. Como apoio a esta tarefa, a Consellería de Traballo e Benestar proporcionará información sobre o conxunto mínimo de medidas de seguridade que deberán ser adoptadas.
- O Concello deberá de recadar o consentimento expreso e por escrito do solicitante do recoñecemento da situación de dependencia, ou do seu representante, para o acceso aos datos de carácter persoal que constan no seu expediente, contidos no ficheiro "Dependencia" creado pola orde do 11 de marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) (Anexo III).

TERCEIRA.- Protocolo marco para o desenvolvemento de administración electrónica.

As actuacións recollidas neste convenio estarán vinculadas ao establecido no protocolo marco para o desenvolvemento da administración electrónica asinada o 28 de setembro de 2009 entre as Deputacións, FEGAMP e Xunta de Galicia -que se desenvolve mediante o Convenio co mesmo obxecto asinado o 13 de xullo de 2010-, no relativo ao uso de servizos, infraestruturas e criterios de administración electrónica coa finalidade de avanzar de forma homoxénea e conxunta no desenvolvemento da administración electrónica en todos os ámbitos de relación entre as administracións públicas galegas e, así, minimizar custos na aplicación destes criterios.

CUARTA.- Cesión de datos de carácter persoal.

A posta a disposición dos sistemas de informacións sinalados na cláusula segunda, apartado 1, supón unha cesión de información de carácter persoal, contidos no ficheiro "Dependencia" creado pola orde do 11 de marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) da Consellería de Traballo e Benestar ao Concello. Polo tanto un suposto de comunicación de datos entre administracións públicas sobre competencias que versan sobre a mesma materia regulado no art. 21 da LOPD, polo que o Concello será responsable do deber de recadar o consentimento do afectado ao que se refire o art. 11 da LOPD.

A cesión de información procedente do SIGAD ten coma finalidade exclusiva a atención e información ao solicitante de situación de dependencia dende os servizos sociais comunitarios e a xestión dos servizos do SAAD dos que sexan titulares. Calquera outro uso que se faga destes datos suporá un incumprimento do presente convenio, que facultará á Consellería a pedir as responsabilidades oportunas. O concello, no seu papel de cesionario, será responsable fronte á Consellería de Traballo e Benestar e

fronte a terceiros de calquera reclamación derivada do emprego indebido que se faga por parte dos titulares dos datos cedidos.

Para a identificación e autenticación na aplicación, o traballador social deberá empregar un certificado dixital de persoa física dos aceptados pola Xunta de Galicia para a interacción coa cidadanía en escenarios de administración electrónica. Na data actual isto supón o emprego do DNI electrónico ou de certificado de clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. Cada usuario será responsable dos accesos que se realicen co seu medio de identificación e autenticación (certificado dixital).

Todos os accesos, xunto coa información accedida, serán rexistrados polo aplicación en pistas de auditoría.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá auditar en calquera momento, e segundo o procedemento pactado na comisión de seguimento deste convenio, a observancia das medidas de seguridade no acceso e tratamento da información, en especial da obriga de recadar o consentimento.

QUINTA.- Outros compromisos do Concello.

O Concello queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Traballo e Benestar e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

O Concello asume a responsabilidade respecto do persoal que ten as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no Convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

O Concello consinte expresamente en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, o asinamento do presente Convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Así mesmo, consinte para os efectos da súa difusión na Internet, que a Consellería de Traballo e Benestar publique na súa respectiva páxina web e dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. A información manterase dispoñible na Internet durante todo o exercicio orzamentario. Igualmente, manterase dispoñible na Internet a información referida ao exercicio inmediatamente anterior, segundo o previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

SEXTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente Convenio de colaboración, crearase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente Convenio, e estará formada por parte da Consellería por dous representantes designados pola Conselleira de Traballo e Benestar, e por parte do Concello por dous representantes designados polo mesmo. Dita Comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este Convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Será de aplicación os principios contidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto as resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación e resolución do presente Convenio, poñendo os seu acordos fin á vía administrativa. Contra os mesmos cabe recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2013, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de outubro de 2010, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo segundos as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

Primeira.- Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio a mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno para facer unha posta en valor dos recursos turísticos do concello e da Ribeira Sacra.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade de vinte e nove mil seiscientos setenta e oito euros e con sesenta céntimos (29.678,60 €).

Considérame gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2010.

b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. O Concello de Pobra de Brollón comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta do Concello de Pobra de Brollón.

O Concello de Pobra de Brollón deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de vinte e nove mil seiscientos setenta e oito euros (29.678,00 €).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, o Concello de Pobra de Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2009.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo Concello de Pobra de Brollón da seguinte documentación xustificativa:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades ou obras realizadas, temporalización, número de beneficiarios, os resultados obtidos e fotografías ou mostras en medio impreso da realización da actividade, debidamente datada e asinada.

Memoria Económica xustificativa do custo da actividade realizada, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada, polo custo total da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
2. Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello do custo total da actividade subvencionada acreditando a relación de gastos da actividade subvencionada atopándose executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente. Asemade, acreditará que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
3. Certificación de obra executada, orixinal ou copia autenticada ou compulsada ou, a presentación das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa conformadas, orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas.

Acta de recepción da obra.

Declaración das axudas ou subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou entidade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Sé é o caso, se acompañarán documentos que acrediten que a imaxe corporativa da Deputación de Lugo -Área de Turismo- se inxeriu na publicidade da actividade ou comportamento subvencionado. Estes documentos acreditativos poden ser substituídos por unha declaración responsable do representante.

Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No seu caso, declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do importe sobre o valor engadido, por non ter a posibilidade de compénsalo ou recupéralo.

Certificación expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta do beneficiario na que se procederá, se é o caso, ao aboamento da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2010, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2010.

Oitava.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de abril de 2011. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04.- ANULACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EJERCICIOS PECHADOS.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O servizo de recadación executiva tenllo encargado o Concello ó servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo. Periodicamente este organismo comunícanos as baixas que se producen no total pendente por diversos motivos como prescricións, incobrables ou baixas. Polo tanto, e depurada toda a información contable de que dispón o Concello, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo expediente de baixas de dereitos recoñecidos pendentes de cobro polo importe que se sinala distribuídos nas anualidades e nos conceptos que se indican, con cumprimento das prescricións legais establecidas.

Concepto	Partida	Ano	Baixas en pendentes de cobro
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	<i>115</i>	<i>1996</i>	<i>71,94</i>
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	<i>115</i>	<i>1997</i>	<i>112,47</i>
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	<i>115</i>	<i>1998</i>	<i>425,42</i>
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	<i>115</i>	<i>1999</i>	<i>481,10</i>

<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2000	694,81
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2001	642,74
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2002	678,40
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2003	1.057,05
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2004	780,00
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2005	1.132,13
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2006	1.115,75
<i>Imposto Municipal Circulación Vehículos</i>	115	2007	1.585,24
<i>Subvención normas planeamento</i>	450	2005	7.494,94
<i>Subvención Plan Provincial</i>	761	2005	10.718,34
<i>Subvención traballos nas rozas das vías</i>	450	2008	0,09
<i>Subvención iluminación</i>	450	2008	38,92
<i>Subvención POS 2008</i>	720	2008	1.973,75
<i>Subvención POS 2008</i>	761	2008	986,53
<i>Subvención escola musica</i>	450	2009	65,99
<i>Subvención educadora familiar</i>	450	2009	404,11
<i>Subvención financiamento proxectos aforro enerxético</i>	461	2009	313,48
<i>Total</i>			30.773,20

3.- *Facultar ao alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta do concelleiro delegado de facenda ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

É coñecida pola corporación a difícil situación económica por mor da crise internacional que provocou unha minoración dos orzamentos do Estado e o feito de que este ano aínda non percibimos o incremento das taxas e impostos que este pleno aprobou por unanimidade.

O concello ten que realizar inescusablemente unha serie de gastos neste exercicio. Para poder atendelos, e non tendo posibilidades de transmitir créditos doutras partidas, compre a concertación dun préstamo. Para poder facelo é preciso recollelo no orzamento, polo que propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o expediente 1/2010 de modificación de créditos do orzamento de 2010 por un importe total de cento cinco mil cincocentos trinta e sete euros con dezaioito céntimos (105.537,18€) coa seguinte desagregación.*

<i>Ingresos</i>			<i>Gastos</i>		
<i>Partida</i>		<i>Importe</i>	<i>Partida</i>		<i>Importe</i>
913	<i>Préstamos longo prazo</i>	105.537,18	161.619	<i>Inversións reposición saneamento</i>	13.711,02
			161.621	<i>P.O.S. 2010</i>	8.706,34

		161.629	Inversión funcionamento servizos	2.646,76
		165.609	Alumeados e instalacións eléctricas	10.637,90
		312.602	S. sociais. Inversión en edificios	14.071,48
		330.625	Cultura. Inversión en equipamento	1.001,16
		425.622	Enerxía. Inversión en edificios	41.949,67
		920.600	S. xerais. Inversión en terreos	5.533,20
		920.623	Maquinaria e ferramenta	179,80
		920.629	Outras inversións	7.099,85
Total		105.537,18	Total	105.537,18

2.- Engadir unha base ás de execución do orzamento que diga:

Base 22ª.- Préstamos.

Prevese un préstamo a longo prazo por importe de cento cinco mil cincocentos trinta e sete euros con dezaioito céntimos (105.537,18€) para atender inversións do concello inaprazables do presente exercicio.

3.- Facer público o expediente por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.

Por estar intimamente relacionados este punto e o seguinte se debaten conxuntamente.

O concelleiro delegado di:

O préstamo é necesario para cubrir todos estes gastos, que uns non estaban previstos como a colocación de paneis solares no polideportivo municipal que suporá un importante aforro en consumo eléctrico, e outros corresponden a gastos por inversións feitas en mandatos anteriores dos que este grupo de goberno non tiña coñecemento pero que se encontran realmente realizadas como é a carpintería metálica exterior do centro de día, efectivamente realizada segundo informes dos técnicos. Ademais se inclúe a achega municipal ao POS. Non queríamos, en principio solicitar un préstamo, pero a gravidade da crise económica e o feito de que o efecto da subida impositiva non se reflectiu aínda nos ingresos do concello fan que sexa preciso para manter o equilibrio orzamentario.

Intervén o portavoz do grupo popular quen di:

Fai aproximadamente dous meses, vostede como concelleiro de facenda presentou aquí os presupostos, xa con bastante tardanza porque era o mes de agosto, entendíamos que o presuposto xa estaba bastante avanzado o que lles permitiría xa presentar máis un presuposto de peche de exercicio o que debería facer que xa se soubese o que se ía facer. quedame unha dúbida. O tema das ventás do centro de día é problema de un ventanal que xa viña como consecuencia ou son ventás novas que se van a facer nese centro. Porque a cousa cambia. Se era de antes debería estar xa recollido nos orzamentos. Estaríamos de acordo en se se debía ou non pagar, pero non é unha cousa imprevista. Outras inversións de saneamento. O POS, se o orzamento se presenta en agosto debería de estar xa recollido, tampouco é un imprevisto. Con respecto a inversión en aforro enerxético parece ser que pode que non se poda acometer por problema de prazos. Entón, se finalmente non se fai, non ten obxecto metelo no orzamento e pedir un préstamo. Ademais, recentemente se pediu un préstamo de 40.000€ e xa teño preguntado como está a póliza de 100.000€. se damos conta de todo como está a cousa pasamos xa o millón de euros. Se temos en conta que o orzamento e de 1.300.000€ pero que inclúe o PlanE, se descontamos este resulta que o total de préstamos iguala ao orzamento. Se a elo lle sumamos que, consecuencia da crise, diminúen os ingresos do estado, que por certo no orzamento aparecen igual que no 2009, a consecuencia é que á crise non se

Ile pode votar a culpa, que hai imprevisión polo goberno municipal, porque outra cousa que quería que me dixera e canto é o longo prazo, e que tipo de xuros ten, porque aínda que teña carencia dentro de dous anos haberá que pagar este préstamo e os outros. [sic].

O concelleiro delegado responde:

O tema das ventás se refire ás antigas, ás xa postas que viñan sen pegar e do que non tiñamos coñecemento no momento de facer o orzamento. Hai un informe do arquitecto que di que se debe pagar por ser unha obra feita e que non estaba recollida no proxecto da obra. Respecto ao das placas solares, tampouco era seguro que nos concedesen a achega cando se aprobou o orzamento. Sumando ámbalas dúas estamos xa nos 60.000€ co cal nos queda unha marxe de manobra de 30.000€. por outra banda, segundo os informes técnicos, temos unha capacidade de aumentar a débeda ata 321.000€ o que nos da unha marxe de 200.000€. A mingua de ingresos procedentes do Estado previámola compensar cos maiores ingresos na imposición propia, pero esta non se reflectirá no orzamento ata o ano 2011. en canto ás condicións do préstamo, se abriu prazo para a presentación de ofertas e se buscará a máis beneficiosa. En canto a se hai imprevisión, en aquel momento había unhas necesidades e xorden outras, e nos somos dinámicos para recoller estas circunstancias intentando non minguar os servizos aos cidadáns. A débeda é a que hai; a Xunta de Galicia ten unha débeda de 1.578€ por habitante. Nos non chegamos a ese límite. En todo caso se amortizará en época de bonanza, en este momento non de debe de parar a inversión.

Intervén a portavoz socialista, quen di:

O noso apoio e decisión de solicitar este préstamo é entre outras cousas pola imposibilidade de facelo o ano que ven. Y hai esa inversión que facer, e se non se fai agora, logo non se poderá xa que o ano que ven non se poderán pedir préstamos. Naturalmente a achega ao POS estaba prevista no orzamento, pero ao financeiro co préstamo liberamos esa cantidade o que contribuirá a diminuír o déficit. En todo caso, a cantidade non disposta minorará o importe deste préstamo amortizándoo parcialmente sen que se poda dedicar a outros gastos.

Polo grupo nacionalista intervén o alcalde, quen di:

Para centrar este debate temos que entender que estamos nunha situación económica difícil, para todos os sectores e tamén no público, agravado en Galicia ao non terse en conta no financiamento a importancia que ten a dispersión poboacional, e o descenso de poboación, é difícil conxugar o non pedir préstamos con manter e mellorar os servizos aos cidadáns. Estamos nun momento difícil, non só para a administración local, tamén a estatal e a autonómica. O Presidente da Xunta de Galicia anuncia que este ano terán un 11% de recorte nos seus orzamentos, polo que cabe pensar que as achegas tanto do Estado como da Xunta de Galicia se verán minguadas. Os concellos non somos convidados de pedra. Coa mingua dos ingresos, se fará máis difícil a inversión. Por iso tivemos que subir taxas e impostos, e teño que agradecer en nome do equipo de goberno ao grupo popular o esforzo de responsabilidade que fixo apoiando as subas de taxas e impostos. Se queremos que os veciños da Pobra do Brollón sigan a ter inversións e infraestruturas no hai máis remedio que pedir o préstamo. Como xa dixo a portavoz do grupo socialista é o último ano que podemos acceder a préstamos para inversión en infraestruturas. En canto ao endebedamento poderíamos falar largo e tendido das causas do endebedamento da Pobra do Brollón. Vamos financiar non só inversións feitas pola actual coalición de goberno, se non inversións pendentes de executar da etapa do grupo popular. Dalgunhas nin existe contrato administrativo, iso si que é facer ben as cousas! e estase estudando a procedencia de pagalas. Da investigación en marcha se desprende que no proxecto, a carpintería metálica estaba presupostada en 500€ cando o seu custo superaba os 14.000€ e que cando o construtor informou sobre iso, quen eran nese intre alcalde mandounas por de palabra, sen contrato e sen existir partida no orzamento.

O portavoz popular di:

No tema da ventá, evidentemente vostede e coñecedor de que ese tema non é coñecido dende fai un mes. (O alcalde fai unha sinal negativa e o portavoz popular prosigue) Nin vostede nin eu nos vamos a someter á máquina da verdade pero sabe que este construtor eu tiven coñecemento desde tema nos tempos en que eu era alcalde en este concello e resulta que me comunicou isto. Evidentemente eu entendín

que era razoable e esa galería que había pois evidentemente non estaba parece ser no presuposto, non entro no tema de cómo se fixeron os contratos, simplemente a min o que se me dixo, tampouco vin os contratos nin vin nada, simplemente que faltaba. Díxenlle que se iso faltaba pois loxicamente tería todo {inaudible} é verdade que se vostede se acerca polo centro de día, coma sei que se acerca, verá que hai unha cristaleira ou un biombo que loxicamente non vale 500€. Loxicamente aí houbo un problema, vostede sabe que lle falei dese tema, non agora, se non hai moito tempo, este construtor lle reclama esa factura, non fai un mes, se non hai polo menos tres anos, porque é lóxico que a veña reclamando, porque loxicamente, se a puxo, pois está aí, e evidentemente non se contemplaba, parece ser, no presuposto de isto, que alí ía a haber un biombo. Agora, coñezo por parte súa, que parece ser que estaba facturada en 500€. Evidentemente hai un grande erro aí. Ben, de todas formas, voulle dicir, entendo de que esa factura, se pode estar de acordo ou non en pagala, pero que é un imprevisto, non. E dicir, imprevisto para nada, é dicir esa factura creo que hasta neste pleno en algún pleno tense falado do tema desta factura. Así falo agora do recordo e creo que se ten comentado o tema desta factura. Grazas a que ese centro está cerrado con ese biombo, moitos veciños da Pobra e outros que tampouco son da Pobra gozan dese centro de día. Entón entendo de que se hai un señor que puxo os cartos e que se lle deben eses cartos que se debería {inaudible}. Entonces entendo que non é un imprevisto, entendo de que é unha cousa que se podía xestionar. Da a impresión de que están falando de que vai a haber un remanente, é dicir, aquí hai unhas partidas que están perfectamente presupostadas, como se fai sempre nun presuposto, pero vostedes ao mesmo tempo xa dan por feito de que vai a haber un remanente de 30.000€ se fan falta para outra cousa, e dicir, que de aquí a final de ano supoño que se concedemos o préstamo que vai a haber outro expediente de modificación de créditos para axustar estas contas. E en terceiro punto, é o punto importante, digamos, do tema da enerxía, evidentemente entendo de que se vostede mañá vai xestionar este tema, esperemos que se xestione, pero pode pasar outra cousa. De que realmente pois ao mellor non teñamos a capacidade de, se non dan a prorroga, de que se poda facer, entón estamos facendo ao mellor un presuposto, e dicir, estamos pedindo uns cartos que ao final non se van a executar, ou polo menos este ano. Entón, creo que, pedir un crédito onde ao final de 105.000€ para que despois a miña... despois de todo isto que nos presentan vostedes, non vaia para aí, e dicir, un remanente do POS, segundo crin entender, un remanente de {inaudible} e despois 30.000€ de remanente, e dicir, que entendo, e aí quedan as palabras e o tempo dirá a razón ou non, que vai a haber unha modificación de créditos destes 105.000€, isto ven de caixón, verdade? Entendo que vai vir de caixón porque xa vostedes mesmos me están dicindo isto o vamos a incorporar o presuposto e como modificación pero que parece ser que tamén se vai modificar co tempo segundo como se utilicen esas partidas. Iso é o que penso que entendín. O feito de que cando, con respecto ao tema do crédito, é certo que a partir do ano 2011 xa non se pode pedir créditos para inversións pero iso tamén foi criticado porque dixo que era abrir a veda aos concellos que ao mellor nin sequera tiñan pensado pedir créditos para estimulalos a pedir créditos porque si tamén a partir de 2011, que tampouco no 2011 non se ían a pedir, iso non quere dicir que o teñamos que pedir ineludiblemente porque antes de 2011 se teñan que pedir. Entón eu digo. O tema do crédito tampouco me aclarou {se refire ao concelleiro delegado} pois si, efectivamente, se está negociando, nos vamos a facultar se votaramos a favor dese crédito, vamos a facultar ao grupo de goberno a negociar un crédito, entón a negociar, pois si, a longo prazo, supoño que, non mo dixo, se vai a haber período de carencia, que supoño que si vai a haber período de carencia, supoño que si, que haberá que negociar, entón, a ver un pouquiño como vai. E que se aquí temos, aquí, calculo de que se nos vamos ao millón de euros cada cidadán da Pobra debe 500€. Non entro en que se a Xunta debe 1.500€ porque probablemente o Estado entón deberemos cada español máis cartos. Pero vostede imaxine un prototipo de casa media de catro cidadáns da Pobra que se lle tiveramos que pedir cartos para amortizar a débeda, teríamos que ir a esa pedirlle 2.000€ a eses cidadáns. Efectivamente hai unha crise que supoño que esa casa des catro veciños non poderán pagar eses cartos. Pero bo, son a longo prazo. [sic].

Responde o concelleiro delegado de facenda:

Pedir un préstamo non quere dicir que se lle vaia a pedir aos cidadáns que o amorticen xa. Sempre é teórico. En canto ao expediente de modificación de créditos, hai uns gastos moi concretos. Se algo temos aquí que nos queda como dubidoso son 30.000€ pero o demais son uns gastos perfectamente detallados. En canto aos préstamos, voulle dicir, se hai capacidade, pódese cancelar. En canto ás condicións,

non lle podo dicir porque o estamos negociando. Vamos negociar as que sexan máis favorables, seguiremos o procedemento legal e logo daremos conta ao pleno. O que se trata e de que faculthen á Xunta de Goberno Local para negociar ese préstamo.

A portavoz socialista, di:

Nos pretendemos manter os servizos que temos na calidade que lle fomos aumentando. E iso supuxo un aumento do gasto do concello. Estamos a falar, por exemplo, da alta da auga no SNAC, que son controles sanitarios. Por outro lado, o gasto de 14.000€, por suposto está moi ben que os usuarios goce dese ventanal, e está ben tamén que quen a fixo non se quede sen cobrar, pero non estaba nos orzamentos. En canto ao da enerxía solar, hai que facelo este ano porque para o próximo non se vai poder facer á vista da restrición de ingresos da Xunta de Galicia, e non só os correntes, se non tamén as achegas que se reducen, coma por exemplo o Plan de Cooperación no que nos deixaron sen persoal. Entón, eses 41.000€ son necesarios por se se fai a inversión. De non facerse non se destinarán a outra cousa, sería para amortizar, pero se non, no momento que teñamos que gastalo xa non poderemos pedi-lo crédito.

Polo grupo nacionalista intervén o alcalde, quen di:

Para contestarlle algunhas preguntas que me fixo antes *{refírese ao portavoz popular}* eu tiña coñecemento dese gasto polo contratista. A factura presentouse no concello fai un mes. Entón, esa factura non a vin no concello ata fai un mes. Non recordo se vostede me dixo algo, pero creo recordar que non se fixo traspaso de poder. Cando tomei posesión ninguén veu dicirme cal era a situación e que cousas había pendentes. Tamén había facturas no concello por obras que había sen facer. Comprenderá que o grupo de goberno estamos aquí para abrir expediente e investigar se fixeron o gasto ou non. É a nosa obriga e a vostede non lle debería parecer mal. Agora temos un informe do arquitecto que di que o gasto está feito. Por tanto temos obriga de pagala. O erro está na falta de contrato administrativo, e así se producen estas situacións. Por facer as cousas mal. Se como di debemos 500€ por cidadán, algunha responsabilidade terán vostedes nesta débeda. Nos, efectivamente aumentamos a débeda, pero mire vostede, cando gobernaba o partido popular se xerou 755.000€. No último mandato, estando vostede, o incremento foi de 74.000€ mentres no mandato actual foi de 66.000€, que se temos en conta que 40.000€ foron nunha operación de tesourería a longo prazo que permitiu o Estado, son realmente 26.000€. Vostedes, nas cinco mandatos incrementaron a débeda nunha media de 136.000€ cada período fronte aos 26.000€ do noso mandato. Ou mesmo, os 66.000€ contando a de tesourería. Eses son datos que están á súa disposición e pode contrastalos cando queira. Non se trata pois de buscar culpas se non de mirar cara adiante. Agora tócanos gobernar a nos, vamos a tratar de resolver esta situación pero seguindo a manter a calidade e a cantidade de servizos que prestamos aos veciños.

Autorizado polo alcalde, intervén o secretario, para aclarar unha cuestión técnica.

Con respecto á inversión dos paneis solares, se non se chega a executar por calquera motivo habería que amortizar anticipadamente esa parte do préstamo, sen que de ningún xeito, tan como xa dixeron o concelleiro delegado e a tenente de alcalde, se poda destinar a outro fin. Pero, para poder acometer a obra compre ter dispoñibilidade orzamentaria, para o que previamente hai que facer a modificación de créditos e obter o préstamo.

O alcalde di concede de xeito extraordinario unha nova quenda ao portavoz popular.

Este di que por alusións, e continúa:

Vamos a ver. Dicía Castelao que non menten os números se non aqueles que os fan, non? Entón, evidentemente o concepto que vostede ten dunha débeda, eu entendo que unha débeda é todo o que unha persoa debe, non? Entón, evidentemente, e dicir, os setecentos mil, nos o que fixemos no seu momento foi unha débeda evidentemente de vinte anos, é dicir, desde o 1987 ao 2007 en canto estivo ao mando o partido popular, pois entón o que se fixo foi unha *{inaudible}* de todos eses créditos e montaba, me parece que sobre setecentos e pico mil euros. E unha vez feito ese crédito realmente había un grupo de goberno que o que tiña claro era que tiña que amortizar, e dicir, tiña que ter una capacidade de aforro para ir amortizando ese crédito, e así empezamos a amortizalo, non? unha vez que tiñamos claro cal era a

débeda. Pero, evidentemente, vostede me fala de, creo entender, de 26.000€ e por diversas circunstancias, volvo a dicir, de que este concello, este grupo de goberno, pois foi pedindo créditos, claro vostede debe entender que os créditos son para traballar con eles, gastalos, aínda que sexa en beneficio do pobo, por certo, que non é beneficio solo para un ano, porque vostedes sempre falan de que é para beneficio nada, non? O beneficio desde concello ten que ser para este ano, para dentro de 20 e para dentro de 50 anos. É dicir, os créditos eses hai que pagalos, entón iso tamén vai a redundar nos beneficios dos cidadáns a posteriori. Pero resulta que, a día de hoxe, se se acaba pedindo ese crédito, eu non sei que contas fai vostede, pero a min as que me saen, son que o concello pasa de setecentos vinte tantos mil euros que debía no ano 2007 a un millón de euros, e dicir, que entendo de que a débeda vostede, xa que lle gusta facer números, pois calcule, 300.000€ de incremento desa débeda, o divide polos 3 anos e algo, e me sae 100.000€ por ano. E dicir, porque, conte vostedes os créditos que pediron e... E con respecto ao que comentaba vostede *{se dirixe ao concelleiro delegado}* de que automaticamente se ía a devolver créditos, tivemos aquí unha experiencia que era o tema do tractor, non? que se pediron unha serie de cartos, e despois resulta que sobaban, me parece que eran 5.000€ ou unha cousa así, comprouse máis maquinaria e despois díxose que non, que era para comprar o tractor e a maquinaria, entón o crédito era para o tractor, despois compráronse máis cousas que había aí 5.000€ de remanente e tal, pero ben. Entón, a capacidade que di que ten este goberno de amortizar, pois mire, a capacidade xa a vimos, a capacidade que ten este goberno é, que amortizou me parece que foron 1.500€ dun crédito pequeno, porque foi pedindo carencia tras carencia e a amortización que fixo este grupo de goberno neses anos foi, quitando eses 1.500€ que me parece ou 1.200€, ou unha cousiña así, foi cero. [sic].

O alcalde responde:

Vexo que vostede sigue confundindo o que é unha operación de tesourería e un préstamo. E dicir, unha póliza de crédito é unha póliza de tesourería e polo tanto nada ten que ver cun préstamo a longo prazo. Vostede está mesturando as churras coas merinas *{o portavoz popular interrompe e o alcalde lle indica que fale cando lle toque}*. En segundo lugar, o que está falando vostede está faltando á verdade cando di que o crédito do tractor se meteu noutra maquinaria. Non. Co crédito do tractor comprouse o tractor, e coa mellora comprouse a maquinaria. O crédito estaba pedido para as dúas cousas, pero a mellora consistía nunha segadora e noutras cousas que agora non recordo. Insístolle en que vostede falta á verdade. Cando se pide o préstamo, neste caso, vostede comprenderá, que se hai que por en marcha a acometida eléctrica do punto limpo, se hai que por en marcha a depuradora de Piño e se hai que por en marcha a instalación fotovoltaica no polideportivo, non son para o curto prazo. Van quedar aí, se vai producir un aforro no consumo eléctrico do polideportivo, o colexio, o centro de día e unha rúa. Ao final vai en beneficio dos veciños da Pobra do Brollón. Non vai para gasto corrente.

Sometida a votación a anterior proposta se aproba cos catro votos en contra do grupo popular e os seis a favor dos grupos socialista e nacionalista.

1.06º.- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

O concello ten que realizar inescusablemente unha serie de gastos neste exercicio. Para poder atendelos, e non tendo posibilidades de transmitir créditos doutras partidas, compre a concertación dun préstamo. Ditas obrigas son de diversa natureza, incluíndo unha inversión que no seu caso producirá un importante aforro de consumo eléctrico para o concello e ao mesmo tempo unha mellora na calidade dos servizos.

Polo exposto, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Concertar cunha entidade financeira un préstamo a longo prazo por importe total de cento cinco mil cincocentos trinta e sete euros con dezaioito céntimos (105.537,18€) por procedemento negociado sen publicidade.*

2.- *Facultar á Xunta de Goberno Local para a adxudicación do mesmo, dando conta ao pleno da súa resolución.*

Sometida a votación a anterior proposta se aproba cos catro votos en contra do grupo popular e os seis a favor dos socialista e nacionalista.

1.07º.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA E NACIONALISTA SOBRE O NOITE BUS.

Dáse conta da seguinte Moción conxunta dos grupos nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

O NoiteBús é unha das medidas incluídas no Plan Galego de Seguridade Viaria 2006/2010 posto en marcha polo anterior Goberno da Xunta de Galicia.

Dende a súa posta en marcha tivo unha gran aceptación por parte da mocidade galega, véndose incrementada cada ano a cifra de usuarios e usuarias. O éxito e a aceptación deste servizo fixo que o NoiteBús se consolidase como unha alternativa real e segura ao emprego do vehículo privado nos desprazamentos nocturnos a zonas de ocio e, sobre todo, como unha medida clara de mellora da seguridade viaria das mozas e mozos galegos e que contribúe a reducir a sinestralidade.

O día 20 de setembro de 2010 o Presidente da Xunta de Galicia anunciou a redacción de servizos “adicionais”, un novo tesoirada. Neste caso son os mozos e mozas galegos os que o van a sufrir, este novo recorte supón a supresión do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer, NoiteBús.

O Presidente da Xunta de Galicia sigue sen tomar decisións que supoñan un recorte de gastos realmente superfluos, pero, pola contra, segue coa súa folla de ruta consistente en atacar políticas de benestar social, xa sexan dirixidas a mocidade ou a outros sectores da poboación. Pero neste caso no só estamos a falar dun empeoramento, de recortes das políticas que repercuten no benestar social dos galegos e das galegas, estamos a falar de seguridade, de seguridade viaria. O Señor Núñez Feijoo pretende suprimir un servizo que ten evitado todas as fins de semana numerosas traxedias nas estradas galegas.

O NoiteBús ten resultado moi positivo e ten reducido notablemente os sinistros de tráfico vinculados ao ocio nocturno da xente moza.

O pasado mes de xullo na páxina web da Xunta de Galicia facíanse públicos os datos do número de usuarios e usuarias do NoiteBús entre o 1 e o 25 de xullo de 2010, que ascendían a 35.430 mozos e mozas. Dato do que o Goberno da Xunta de Galicia se gardaba.

Na mesma comunicación na que facían públicos estes datos falaban de que o éxito deste servizo viña avalado por un continuo incremento da demanda, consolidando o NoiteBús como unha alternativa cada vez máis clara ao vehículo privado. Así mesmo, afirmaban que o Goberno da Xunta de Galicia seguiría impulsando este servizo porque estaban convencidos de que contribuía a salvar vidas.

Por todo o dito os grupos socialista e nacionalista do Concello da Pobra do Brollón solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- O Concello da Pobra do Brollón insta a Xunta de Galicia a que asegure o financiamento para o mantemento do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer coñecido como NoiteBús.

Intervén a portavoz socialista quen di:

O noitebus era un servizo para os mozos que evitaba que os días que saen conduzan despois de beber, contribuíndo a diminuír os accidentes de tráfico. Nos recortes orzamentarios que está a acometer a Xunta de Galicia está este servizo, que consideramos importante para a xuventude.

Intervén o portavoz popular quen di:

Evidentemente non vai a ser o partido popular o que non estea de acordo en que todo aquilo que solucione, digamos, a seguridade dos mozos de Galicia e concretamente os da Pobra do Brollón, que supoño que esta moción é do grupo de goberno da Pobra do Brollón, aínda que aquí mestúrase tamén, falase tamén que o presidente está tomando as decisións de recortar e tal, claro, xa que foi a concelleira do partido socialista que fala, pois tamén sería ben que tamén lle recordara ao grupo seu no Estado de que o Presidente ese da Xunta que fai recortes, pois, abone os douscentos sesenta e tres millóns para a dependencia como viña estes días no periódico máis trinta e cinco máis para os edificios de dependencia e sen embargo, o Goberno Central que tiña que pagar a parte proporcional soamente pagou 96€, é dicir,

esa é a importancia por exemplo tamén, noventa e seis millóns, no, 96€ non, 96 millóns de euros, entón, tamén sería bo que tamén, pois recordase que a maior parte da culpa de que a través da Xunta se recorten cousas, pois tamén a terá algo o Goberno central que tiña que aportar eses cartos e tampouco os aporta, non?. Desde o partido popular, xa noutras situacións, tiña claro que este concello pois é un concello que evidentemente que aparte dos mozos pois tamén ten maioritariamente unha xente maior, gustárame que nestas mocións, tamén para pedir un transporte para a xuventude, aínda a pesar de que o señor presidente deste pleno me tache de mesturar churros con meninas, pois quérolle dicir que tamén, gustárame que aquí neste tamén se intentase facer unha valoración tamén do transporte da xente maior, dos propios cidadáns de Monforte en xeral, non? e incluso o transporte público dos taxistas en canto, por exemplo, o servizo público polas tardes do cal carecen, e incluso a partir das dúas ou tres da tarde que teño comprobado polo meu traballo encontrarme xente que está esperando taxis que lle veñan a recoller e botan dúas ou tres horas, ou ao mellor un par de horas esperando poder contactar con un taxi. Esas cousas tamén me gustaría que por parte do grupo de goberno se fixera unha moción ou se fixera un proxecto ou un estudio co cal vai, evidentemente, contactar co partido popular ao respecto para elaborar unhas normas de transporte tamén que beneficien... E xa para rematar, terminar, propóñollo aquí ao grupo de goberno nesta moción, que si definitivamente polas circunstancias especiais de recortes ou que hai, que non hai o NoiteBús, pois que este concello que habilite tamén, entón, unha partida porque supoño que lle preocupa esa xuventude que {inaudible} pois incluso unha parte para poder facer este servizo por parte do concello. Moitas grazas. [sic]

A portavoz socialista responde:

Este era un servizo que a Xunta de Galicia estableceu e nós acollemos a el. Estaríamos encantados de que a Xunta tamén establecese ese servizo para a xente maior, e tamén nos acolleríamos a el. Se o concello tivese autonomía suficiente para dedicar cartos a este tipo de actividades, tamén o faría. De feito hai asinado un convenio coa empresa Mombus, para que os universitarios teñan un desconto nas súas viaxes. Pero non temos capacidade para facer este gasto. Había un servizo público que deixou de prestarse seguramente por falta de rendibilidade. Unha solución, se a Consellería de Educación a aceptase, sería a utilización polo público do transporte escolar facéndoos compatibles.

Intervén o alcalde, quen di:

Eu creo que xa está ben de votarlle sempre as culpas a Madrid. En todo caso vostedes {diríxese ao grupo popular} son cómplices porque na negociación para o modelo de financiamento autonómico votaron a favor cando deberon loitar máis polos intereses de Galicia. Os concellos estamos a prestar servizos que non son competencia municipal. Por tanto se vostede pretende trasladar esa emenda a esta moción xa lle anuncio que votaremos en contra. O goberno da Xunta de Galicia debería dedicarse a gobernar, cousa que non fai, e non a destruír o feito polo goberno anterior e votarlle as culpas de todo a Zapatero. Vostedes están dismantelando tódolos servizos, e o do NoiteBús é só un exemplo. O Consorcio, as Galescolas, o reequilibrio territorial. De todo o contrato que Feijoo asinou cos galegos, o único que vemos e dismantelar os servizos que se foron implantando durante anos, o decreto eólico, sen importar que podía xerar postos de traballo nun momento de crise porque se guían máis por intereses partidistas que polos dos cidadáns de Galicia. ao final o que pedimos é que non se suprima o NoiteBús e que se goberne.

Intervén o portavoz popular quen di:

Non esperabamos menos do grupo de goberno {inaudible e posteriormente un anaco en branco} non esperabamos menos de vostede {diríxese ao alcalde}, de vostede e probablemente pois supoño que tamén do representante do PSOE, non? Home, mire. Empeza a nomear aquí, o proceso eólico foi criticado tanto polos empresarios, por {inaudible} é dicir, que agora o problema é des de este goberno que dismantelou toda unha serie de clientelismo e de circunstancias. O consorcio non o dismantelou o partido popular. Sabe vostede que en novembro de 2008 asinou un protocolo para dismantelar xa ese consorcio, é dicir, sábeo, eh? {escoitase ao alcalde que rebate esa afirmación} estando asinado polos tres. Ou sexa, non, que era que tiña seu fin, que era una cousa e tal. E o partido socialista, o señor, o partido socialista dixo tamén en boca do señor Touriño manifestou que foi un erro apoiar ao Bloque Nacionalista Galego na configuración, tal como estaba, do consorcio. Entonces, ben, non lle vote vostede entón

a culpa de nada. É dicir. Hai un goberno que está gobernando. E ese goberno ten que botar números e contas. E evidentemente terá que facer un aforro, o 11% terá que saír dalgún sitio. Entón, o que si lle quero dicir é: que entre que se teña que quitar, que ao mellor non se ten que quitar tampouco, non digo que iso se teña que quitar, pero digo, entre que se teña que quitar ao mellor o NoiteBús para os cidadáns,, que, ben, é unha actividade de lecer, ao mellor que se teña que baixar en autobuses escolares, pois eu, desde logo, se estivera gobernando tamén prefería reducir o NoiteBús que ao mellor o transporte escolar, e supoño que vostede tamén, {diríxese á portavoz socialista} como educadora, pois tamén supoño que estará, nese sentido, de acordo comigo. E non lle digo que o concello asuma, para nada, o gasto do NoiteBús. Estamos facendo a mesma cosa que están facendo vostedes. E dicir, vostedes están instando desde este pleno a que o grupo de goberno na Xunta, eh? rectifique e faga números para que cadren as contas para manter o servizo de NoiteBús. Entón eu, desde a miña modestia, estou tamén indicado ao grupo de goberno de que tamén faga a posibilidade de facer números se iso é posible ou non. E dicir, estou instando a vostedes como grupo de goberno o mesmo que vostedes desde aquí pretenden que instemos á Xunta de Galicia. Grazas. [sic]

Intervén a portavoz socialista quen di:

Ben. Eu non falei de redución to transporte escolar, falei de combinación co transporte escolar se era posible sacarlle partida a este recurso, que non sei ata que punto... habería que mirar os tramites e ver se entra na legalidade levar maiores con nenos que vai un número determinado coas paradas autorizadas sen poder parar onde non estea autorizado. Non sei ata que punto é posible. Falaba de rendibilizar o transporte escolar no que ao mellor hai doce prazas e van ocupadas catro. Nunca de diminuílo. Por outro lado eu diría que este servizo hai que mantelo ao mellor analizando onde e rendible e onde non ou en que épocas do ano é máis necesario. Incluso aínda que as persoas teñan que aboar un prezo.

Intervén o alcalde quen di:

Xa para rematar dicir efectivamente que cando a situación económica é mala afecta mais aos concellos que están máis próximos aos cidadáns e prestan máis servizos dos que deberan e con iso xa lle fan un favor á Xunta de Galicia, como vostede criticaba fai tempo co tema do tractor, e o que si, que se faga traballo político pero non a conta da financiamento local. Se quere presentamos unha moción e debatemos o financiamento local coas peculiaridades dos concellos galegos.

Sometida a votación a anterior proposta se aproba coas catro abstencións do grupo popular e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

Rematado o estudio da orde do día, por unanimidade se aproba a urxencia do punto seguinte:

1.08º.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DA REBEIRA SACRA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O Consorcio da Ribeira Sacra conta con financiamento das Deputacións de Lugo e Ourense, e está previsto que a da Xunta de Galicia se reduza considerablemente. A fin de aforrar gastos compre reduci-la estrutura administrativa do consorcio para o que é preciso modifica-los seus estatutos. Polo tanto, e vista a proposta de modificación dos estatutos do Consorcio da Ribeira Sacra, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar a proposta de modificación dos estatutos do Consorcio da Ribeira Sacra co texto que figura a seguir.

2.- Facultar á primeira Tenente de Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para asina-los novos estatutos.

Artigo 15.

As funcións de secretaría e intervención do consorcio serán exercitadas por habilitado/a estatal. Solicitarase do órgano competente da Xunta de Galicia que exista só a praza de Secretaría Intervención, en réxime de acumulación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
23/09/2010	<i>Recoñecemento de trienios Emilia González Sánchez e María carmen Fernández López</i>
28/09/2010	<i>Devolución de integra da matricula para a actividade de baile tradicional a Concepción Vázquez López</i>
7/10/2010	<i>Devolución integra da matricula actividades de acordeón e piano Elisa Macia Soto</i>
07/10/2010	<i>Devolución de integra da matricula para a actividade de coro de Marisol Vilela Pol</i>
08/10/2010	<i>Rexeitar o recurso de reposición da praza de auxiliar administrativo con carácter temporal Plan de cooperación 2010</i>
11/10/2010	<i>Concesión baixo da casa da cultura ao club Guimaro motor o 23/10/2010</i>
25/10/2010	<i>Orde pagamento factura 43 Antonino Castro Fernández</i>

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-13/10

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Para a concelleira de limpeza, vamos a ver, aquí... {o alcalde corríxelle: medio ambiente} ou de medio ambiente, ben, medio ambiente entón, vamos a ver, aquí, no seu momento, este grupo de goberno optou polo tema de deixar a contratación do lixo a unha empresa privada e entón contratou persoal para... que corre directamente a cargo do concello, non?. Eu teño entendido de que é agora, digamos, é en decembro cando caducan eses contratos, non? Porque non sei se se seguen facendo cada seis meses ou anualmente pero entendo de que agora van a... neste ano finaliza... fan tres anos de contratación. Entón gustaríame saber cal é as medidas que ten preparadas o seu departamento con respecto a este tema, se se van a convocar prazas, se se van facer fixos a este persoal, se se van a modificar os contratos, tendo en conta, para digamos, non gravar a este concello con persoal fixo, se fora o caso. Non? [sic]

+ A concelleira delegada responde:

A verdade é que estamos facendo un estudio das prazas que se necesitan neste concello. En función dos resultados deste estudio decidiremos o que imos facer. Pero tampouco quero darlle ningún dato concreto por temor a equivocarme e prefiro reservarme para responder no seguinte pleno.

- O portavoz popular di:

Gustaríame, como asesoramento técnico por parte do secretario, que nos indique se realmente hai algún problema de que un persoal que leve tres anos en un concello automaticamente pasa a formar parte, digamos oficialmente, deste concello, e dicir, se tiveran algúns dereitos consolidados a que se fixeran fixo este persoal. [sic]

* O secretario di:

Nos concellos, con respecto ao persoal laboral, hai que considerar dúas circunstancias. Por un lado a lexislación laboral que efectivamente establece a consolidación por permanencia no posto de traba-

llo, e por outro as limitacións de acceso a persoal fixo que establece o Estatuto Básico do Empregado Público. En todo caso poderían consolidarse como persoal laboral indefinido, pero non como fixos. No caso de que nalgún momento o concello quixese rescindir o contrato por causas obxectivas, debería, como con calquera traballador abonar a indemnización legalmente establecida.

- O portavoz popular di:

Gustárame, por mor desa crise e por mor que se esta facendo un estudio de todo ese persoal e tal, que se tivera en conta este punto, digamos, tanto no traballador quizás da limpeza que tamén me parece que está na mesma situación, non? o persoal de limpeza digamos de centros escolares e todo iso, un pouquiño para que non nos levemos unha sorpresa determinada, non?. Non sei se en algún momento estes traballadores xa fixeron uso dalgunha prerrogativa de intentar, digamos, acollerse, tanto polo Estatuto dos Traballadores, a ser fixos ou non. É un tema que xa me parece que o temos comentado con vostede {diríxese á concelleira delegada} e gustárame que se tomaran as medidas oportunas para, digamos, non encontrarmos cunha sorpresa laboral que condenara a este concello a determinadas cousas, e en cambio despois sabemos que non, e sobre todo tendo en conte que ao mellor, como van as cousas, que ao mellor tiveramos que optar por outra situación de recollida de lixo, como facelo con concellos limítrofes, etc. etc. non?

+ O alcalde responde:

Dende o meu punto de vista aquí o que se está a facer en un estudio para facer unha RPT, relación de postos de traballo, que haberá que negociar entre o grupo de goberno, os traballadores e os sindicatos. Aínda que se convertan en indefinidos non lles da máis dereito que a outros. Iso non significa que sexan fixos do concello, se non que habería que indemnizalos con 20 días por ano traballado. De todos modos nos estamos intentando solucionar esta situación co asesoramento dos servizos xurídicos da Deputación Provincial de Lugo e é curioso que vostede {diríxese ao portavoz popular} pregunte isto porque é unha situación herdada dos mandatos do grupo popular que tiñan tódolos contratos temporais e nomeados directamente, situación que nos imos solucionando pouco a pouco e remataremos coa RPT. Xa se fixeron probas para algunhas prazas, pero os mandatos dan de si o que dan, e as cousas non se solucionan en dous días. En todo caso cando teñamos o informe da Deputación estaremos encantados de poñelo á súa disposición.

- O portavoz popular di:

Digo que non lle pareza mal que nos, como partido da oposición, fagamos o que temos encargado pola parte que nos votou, é dicir, un control deste goberno e, digamos, naquelas cousas que creemos que deberamos puntualizar, pois que se faga, e dicir, evidentemente nos puntualizamos este tema precisamente porque entendemos {o alcalde di que non lle parece mal} non, é que parece {ri} que lle molesta que fagamos o noso exercicio de oposición. Entón é simplemente unha pregunta, por iso a fafo, e dicir, non traio nin como moción nin como nada. Simplemente é unha pregunta como fago outras nese sentido, é dicir, se tiveron en conta isto, en que situación e, en que punto está.

* P-14/10

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular.

Outra pregunta a vostede {se dirixe á primeira tenente de alcalde} é sobre a pista de Couso en que situación está realmente, porque parece ser que os veciños, ben os veciños, os poucos que hai aí que comentan de que houbo un compromiso de que estaría en agosto, setembro, que como esta...?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Como está iso, si. Houbo un compromiso cando se fixo a captación da auga en Couso para que autorizasen o paso polas fincas. O compromiso foi en facer o acceso as fincas que antes non o había e de camiño arranxar a estrada de Couso, o acceso a Couso dende a estrada de Parada de Montes. Non tivemos este verán o equipo de rego da Deputación. Tampouco tivemos traballadores para facelo de zorra. En canto se poda e se dispoña de equipo de rego, farase.

- Rogo oral que formula o portavoz popular:

Rogo que alí na baixada pola estrada da 120, a baixada Á Labrada, Á Labrada cando se incorpora outra vez na estrada vella, dáse conta? Non sei se agora ten..., vamos a ver, cando imos pola 120, imos pola 120 e metémonos cara A Labrada pola estrada vella xusto no stop que hai alí, pero iso está moi cerca da curva, cara a esquerda hai unha curva entón digo a posibilidade, non sei se e vostede, verdade? de colocar alí un espello porque é que realmente eu creo que desde o stop ata a curva pode haber uns 15 metros, 20 escasos, pois eu entendo de que é un punto perigoso, non sei se se sitúa *{inaudible ao falar a un tempo o portavoz popular e a terceira tenente de alcalde}* entón baixamos á vella, entón hai un stop, entón se queremos ir para A Labrada ou sexa para a parte da ponte, digamos, hai que xirar á esquerda, non? Porque para arriba saímos recto, pero para xirar a esquerda, alí xusto está unha curva pechada onde nos... entón digo a posibilidade que hai de colocar alí un espello. *{segue unha parte inaudible ao falar a un tempo varios membros da corporación}{sic}*

2.03º.- COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA.

Polo alcalde se informa ao pleno de que se recibiu no concello sentenza da Sección 1ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que revoca a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo e desestima o recurso contencioso administrativo interposto pro D. Luís Celestino Somoza Pérez contra a resolución da alcaldía de 27 de decembro de 2007 pola que se acordaba o nomeamento do operario do servizo de recollida de lixo, limpeza viaria e xestión do punto limpo.

Di o alcalde:

Esta é unha situación que entra dentro da autentica normalidade dentro do funcionamento da administración local e neste caso pois hai que estar contentos e satisfeitos porque a sentenza fose favorable ao concello o que serve para que aforremos uns cartos. Desde aquí dicirle ao partido popular e invitalo á reflexión e tamén a que rectifique, sobre todo eu creo que debería rectificar non só co alcalde se non tamén co presidente do tribunal e co mesmo tribunal, por aquí, durante moitos plenos, e coincidirá comigo, se intentou facer un xuízo paralelo, incluso se chegou a avanzar case o resultado dunha sentenza e hasta certo punto se chegou, entre comiñas, a converter o salón de plenos nunha sala de xustiza cando os salons de plenos están para outros mesteres. Houberamos aceptado que aquí se cuestionaran as bases ou unha cuestión de procedemento pero en máis dun pleno tivemos que escoitar do portavoz do partido popular (le fragmentos de actas anteriores) que a última palabra a tiña o alcalde quen non debeu asinar a proposta do tribunal, non sei que pasaría se o alcalde non obedecera a resolución deste tribunal, se di que non se critican as bases se non o resultado do proceso, o sexa que o tribunal se equivocou e agora non hai tempo para recorrer, se di que o PP xa avisou que isto pasaría, se foi con representación privada, isto vaille custar ao concello uns 15.000€, a decisión do tribunal tivo un compoñente político, que no xulgado se dixo que se o querían botalo fora que se fixesen unhas bases distintas. Pois isto foi, e eu llo digo sen ánimo de recriminalle, llo digo con toda... non sei, simplemente creo que isto pola miña banda tampouco podía quedar no aire, e tiña a necesidade neste momento de non só informar ao pleno se non tamén facer estes comentarios ao respecto, o mesmo sucede con Sandra, cunha persoa que se presenta aos programas de cooperación que nin sequera presenta alegacións e xa se resolveu rexeitando o recurso de reposición presentado, o que quere dicir que se converteu vostede (en referencia ao portavoz popular) nun defensor de causas perdidas, nin sequera das causas máis xustas, e invitalles desde logo, teño aquí unha copia de un periódico, me parece ben que se controlen os procesos selectivos, é a súa obriga, pero poderían facelo extensivo ao goberno da Xunta, xa que o outro día o Valedor, que non é do Bloque nin do PSOE, denunciaba irregularidades nos exames do SERGAS e esixe responsabilidades. Creo que non só ao presidente desta corporación, se non ao tribunal e ao presidente do tribunal lles debe unha escusa. E en todo caso, en política nos podemos equivocar, e eu me equivoco mil veces, pero a miña intención e respectar o ditames dos tribunais, e en segundo lugar que a intención deste alcalde no é nunca prexudicar a ningún veciño da Pobra se non que o motivo de que levásemos este asunto ao Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia foi o convencemento de que tiñamos razón e porque estabamos na obriga de defender os intereses de tódolos veciños, de todos, non dun en concreto.

O portavoz popular di:

Grazas por cederme a palabra. Vamos a ver. O portavoz do partido popular o que fixo foi entender de que en aquel momento se estaba cometendo unha gran inxusticia con un veciño de Puebla. O que solamente sea un veciño pois, dame igual, e decir, é unha inxusticia, e decir, non vou a ser eu o que va a rectificar ao, faltaría máis, ao Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e decir, eu, non teño que acatar esa decisión porque non iba connigo esa decisión en canto non é... non formaba parte eu deso. E que despois chámame a atención que sala o señor secretario deste concello, porque non sei se actúa como secretario deste concello, como representante do grupo de goberno, como presidente do do tribunal cando sale no periódico el anunciando ese tema e dicindo que o partido popular que estaba en contra... o partido popular nunca estivo en contra de que se fixera a... de que se fixera o tema de de recurrir a sentenza. O partido popular o que estivo en contra é de que lle costara cartos, como fai sempre, de que lle costara cartos ao concello eso é, de que lle costara cartos ao concello en tanto e canto non se había feito o recurso ou utilizado, e vostede, e de toda esa, r de toda esa hemeroteca que utilizou e chamame a atención que non utiliza a hemeroteca referíndose a que o partido popular o que pedía era que o abogado, o corpo jurídico fora o da Diputación e vostede preguntou porque non era o da Diputación, de que non tiñan tempo, etc. etc. non? É decir que foran cas... gustaría saber, que tamén vamos a preguntar eh? en outro si... en outro pleno de canto costou, digamos, o tema eco... o tema legal de ese tema, non?. Ben, vostedes xa, parece ser, que tiñan cuantificado esa cuantía e decir, en ningún momento dixeran na acta de, pero en ningún momento, en ningún momento, que eu sepa, que eu sepa, este concello xa sei... que deu responsabilidade, e decir, porque loxicamente tiña que chegar hasta o Tribunal Superior de Justicia para que se decidiran quen tiña a razón e tal. E despois, mire vostede, e... por encima de todo a actitude personal, xa nin siquiera como representante do partido popular, si nona título personal voulle decir unha cousa. Son veciño deste concello eh? E constame a min igual a todos os membros que sean deste concello, constalle cal era a persona, e decir, por encima da xusticia, por encima de todo e das resolucións judiciais, mire, creo que todo o mundo sabe quen recollía a basura e que tal... o que pasa e que entendo realmente que hai unha persona que, senpre estiven en contra da dualidad dos postos, porque realmente cuando unha persona está en dous postos probablemente... e decir que unha mesma persona certifique, certifique cando lle vai a vir unha persona sabendo que lle quere... que lle certifique para que, pero claro, despois, teño que agradecer ao señor Castillo que volvo a decir que non sei en calidade de que foi, si como secretario ou como presidente do tribunal ou como di... teñolle que agradecer que realmente para min definiuse no periódico clara... e decir cuando di textualmente “nos como concello o que necesitamos era un traballador da basura ou da limpeza e non un empresario”. Mire, para min eso é unha prevaricación, é unha prevaricación nunha persona que entende que aí o que se estaba presentando era un empresario e non un traballador que solicitaba un posto de traballo e presentaba unhas meritos. E despois a xusticia {inaudible} alégrome por parte do concello, que quere que lle diga, alegrome polo concello que non esté castigado ao mellor a ter que solucionar ese tema, pero é un tema que ao mellor se tuvo que solucionar doutra forma. Moitas gracias. [sic].

O alcalde dálle a palabra ao secretario por alusións.

Este di:

Eu voulle a pedir, por non dicir esixir que retire o que acaba de dicir de min, e voulle dicir por que. Eu non lle dixeran nada á prensa. Como fose decatáronse da noticia e un periodista dun medio me chamou pola tarde ao meu móbil para facerme unhas preguntas técnicas. Só o último parágrafo da noticia responde ao que eu dixeran. Se vostede me está acusando de dar eu a noticia e de prevaricación, entón só hai dúas solucións, ou o arranxan os tribunais ou o retira.

O portavoz popular responde:

Vamos a ver. Eu neste momento non dispoño aquí do, non dispoño aquí de eso, pero bueno, este tema podemos tratar e tal, ter un pleno monográfico se vostede quere. Eu cando leo na prensa, eu cando

leo a prensa vexo, non vexo nin nadie, e decir o periodista para nada nombra ni o grupo de goberno, nin na. Vexo a un señor, vexo a un señor, a fotografía dun señor e en todo momento o periódico, o periódico, está, digamos, eu o entendo así, e podémolo non sei, podémolo traer aquí, non sei se o ten vostede a man ou na... {*diríxese ao secretario quen responde que non*} non ten vostede? Pois realmente, en todo momento vexo que, entón, é dicir, eu, si unha persona, vostede, non o desminte en posteriores notas de prensa, pois resulta que dou por entendido que esa persona que está falando permanentemente, e falando da sentenza, dos aspectos técnicos, de que o partido popular está en contra de tal, e tamén dicindo ese párrafo concreto en donde se di de que o concello o que necesitaba era un, era un traballador da limpeza e non un empresario pois a min realmente vostede entenderá de que ese tipo de afirmación pois dáme a entender, e vosté compre... coincidirá conmigo que da a entender que esa persona entende de que se presentou ao concurso foi un empresario e non un traballador, cando eu entendo que calquer persona que se presentou a concursar era un traballador que quería ese posto de traballo se tiña a opción de conseguilo. Me gustaría xa, entrado en ese tema, e dicir, se usted non o dixo, pídolle disculpas evidentemente...[sic].

O secretario di:

Non se trata de pedir desculpas. Se trata de retirar o dito. Onde está esa frase concreta?

Pois, mire vostede que quere que lle diga. Pois, se me permite {*ri*} tardo cinco minutos en traer a folla do periódico. [sic].

Intervén o alcalde, quen di:

Vamos a vez, estamos deixando o tema de fondo. Do que teño que informar á corporación e aos veciños e a resolución do tribunal. O tema que están debatendo corresponde máis a unha sala do xulgado que a este salón de plenos. Vostede, {*diríxese ao portavoz popular*} polo que vexo, no leu a sentenza. Nos aforrámoslle gastos ao concello. Os servizos da Deputación non levaron o caso porque no había nese momento capacidade administrativa. E vólvolle a repetir que nos non ocasionamos gastos ao concello, ó contrario, aforrámosllos. A responsabilidade política non está no noso tellado. Con respecto ao demais, e ao debate que sosteñen vostede e o secretario, soamente se trata de se vostede ten que facerlle algunha pregunta técnica, a prensa acudiu como presidente do tribunal, sobre o do TSXG vostede pode facer as consideracións que crea oportunas, pero hai unha sentenza firme e polo tanto a miña obriga foi informar, e vostede facer as preguntas que considere oportunas e no seu caso desculparse.

O portavoz popular di:

Resulta que hai un vídeo dese, dese xuízo, do primeiro xuízo hai un vídeo, xa foi, bueno, por eso lle quero dicir, é dicir, non é o que eu diga, digo que nese xuízo hai un vídeo, porque se gravou ese xuízo, e mire vostede, unha das cousas, porque eu vin ese vídeo, resulta que unha das cousas que di o xuez a vostede, máis ou menos con estas palabras, si, a vostede, si, di de que forma se fan as cousas en ese concello. Unha das cousas, entende, no, no, é dicir, se quere facemos un monográfico {*paralelamente o alcalde di: facemos un monográfico*} e traemos o vídeo, é dicir, de que forma se fan as cousas en este concello. Entón mire, {*paralelamente o alcalde di: fanse ben as cousas neste concello, e sigue falando de xeito inaudible*} si, si, fanse ben {*en ton irónico*} nos da a razón, bueno. Pois non hai... simplemente dicir que mire, acato a sentenza punto primeiro. É dicir, alégrome, alégrome que este concello aforrara, aforrara... e aforrara... non porque en ningún momento se pideo cuantía, e dicir a cuantía efectivamente púxena eu, no, no, e dicir, eu non teño que poñer cuantía quen a ten que poñer e o señor si considera... digo, non eu a avantín calculando simplemente o sueldo do señor, e dicir, si reclamara o sueldo do señor, pero mire unha cousa. O que si está claro é que supoño que hai unos gastos, e hai unos gastos de... jurídicos por este tema, gastos jurídicos que, probablemente, si este tema si se houbese abordado desde outro punto de vista no houbesen tido que facerse. Moitas grazas. [sic]

Intervén de novo o secretario que di:

Eu necesito que quede claro se se retira a acusación de prevaricación ou non, porque isto pode dar lugar a unha actuación xudicial. Vamos a ver. Vostede, {*se refire ao portavoz popular*} ante este

pleno cuestionou repetidamente a miña ética profesional e persoal. Neste pleno se me ten dito que por a miña causa teríamos que indemnizar ao recorrente. Pois non foi así. O tribunal deulle a razón ao concello. No que respecta ao da prensa, so un periodista de La Voz de Galicia me chamou, e só o que figura no último parágrafo da noticia dese medio responde ao que eu dixen. No texto está claramente diferenciada a parte do que eu dixen respecto do resto do artigo. É o único que lle dixen ao periodista. O resto da información xa a tiña. E a tiñan o resto dos medios. Nin en El Progreso, TV7 ou Radio Principal me citan. Repito que só un periodista de La voz de Galicia me chamou ao meu móbil as 7 da tarde. Por iso lle esixo, e non llo estou pedindo, lle estou esixindo que en evitación de o tema se resolva noutro foro, lle estou esixindo que rectifique e que retire a acusación.

Intervén o portavoz popular quen di:

Vamos a ver, e vou a ir falando despaciño para que lle de tempo despois de redactalo, de redactalo palabra por palabra o que vou a decir agora. Cando eu leo na prensa de que se pon ese exemplo, dudo de que o periodista, un periodista faga ese tipo de anotación. E decir, que ven un periodista a decirnos de que este concello necesitaba dun operario e non . non entiendo esa participación activa do periodista. Entonces, en resumidas contas, se vostede non dixo, non dixo esa nota, se non salíu da súa palabra esa nota. Se vostede non dixo eso de que o concello necesitaba un traballador e non un empresario, retirelle todo o que lle haya podido, e decir, retiro o tema de prevaricación, prevaricación mental ao presupoñer ese tema, pídolle disculpas e retiroo. Se vostede o dixo, evidentemente non o podo retirar. Moitas grazas. [sic].

O secretario di que el non o dixo. O portavoz popular prosigue:

Pois entonces, si vostede non dixo e me di que non dixo, pois eu creo en vostede, evidentemente, eu leo unha información e téñome que ceñir ao que leo. Pero se vostede agora aquí me di que non, pois pídolle disculpas retiro todo o que dixen neste pleno, vamos, neste tema. [sic].

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezanove de novembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio Álvarez Sánchez
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia oito, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros José Antonio García Pérez, Marisol Vázquez Salgado e Juan Antonio Rodríguez Senra.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dezaseis de outubro de dous mil dez tras corrixir o erro producido na súa redacción xa que figura que asistiu a concelleira Estrella Páez Figueiras e que non asistiu José Antonio Álvarez Sánchez, cando o correcto é que asistiu José Antonio Álvarez Sánchez e non asistiu Estrella Páez Figueiras.

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Alugar por prazo dun ano, prorrogable en anos sucesivos de non ser denunciado por algunha das dúas partes con tres meses de antelación, unha superficie de 100m². no lugar de Os Medos, terreos do polígono industrial á empresa GAHEA con N.I.F. B-27.300.986 representada por D. Carlos Rodríguez Alonso con D.N.I. número 76.623.147-G polo prezo total anual de cento cincuenta e oito euros con corenta céntimos (158,40€).

2.- O concello poderá declarar unilateralmente a extinción deste aluguer e dos dereitos da mencionada empresa que resulten do contrato no caso de precisalos para a instalación permanente dunha empresa avisando á outra parte con tres meses de antelación. Nese caso ratearase o prezo polo tempo transcorrido ata o aviso.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aproba la inclusión no PEIM Rural 2009 das obras que se indican:

- Acondicionamento de pista en Pacios de Veiga.*
- Acondicionamento de pista en Canedo na Fonte.*

2.-Por a disposición, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

3.- Renunciar expresamente a reter da achega deste concello calquera tipo de tributo por mor das obras de referencia.

4.- Asumir, unha vez recibidas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

5.- Comprometerse expresamente a que as obras non se someterán a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo de cinco anos desde esta.

5.1.- Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución.

5.2.- Que resulten, dun cambio na natureza do réxime da propiedade da infraestrutura.

6.- Asumir todas cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

7.- Comprometerse a acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos e demais requisitos esixibles pola normativa que regula a contratación administrativa antes da adxudicación definitiva.

8.- Facultar ao Alcalde D. José Luís Maceda Vilariño para tódolos tramites precisos no cumprimento deste acordo e expresamente para asinar o correspondente convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Nomear como representante do concello no Consello Escolar do Colexio Público da Pobra do Brollón ao concelleiro D. Javier González González.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR OBRAS NO LOCAL SOCIAL DA ESTACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A Asociación de Veciños N^a. Señora da Cabeza da Estación presentou unha solicitude para a pavimentación dunha pista de baile no lugar da Estación na parcela 75 do polígono catastral 37 de titularidade municipal. Compre polo tanto que, ademais da correspondente licenza urbanística, o concello autorice a execución das obras como propietario. Consonte co exposto, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

- Autorizar á Asociación de veciños N^a Señora da Cabeza con N.I.F. E-27.196.948 representada por D. David López Goyanes con D.N.I. número 76.616.236-Q para facer dunha pista de baile no lugar da Estación, parroquia de Castroncelos na finca de propiedade municipal que figura no catastro como parcela 75 do polígono 37.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Antes do peche do exercicio compre facer uns gastos inaprazables con cargo a este orzamento. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo expediente número 2 de modificación de créditos do orzamento xeral de 2010 co detalle que se detalla a seguir.

2.- Facer público este acordo por prazo de quince días a efectos de exame e alegacións, considerándoo definitivamente aprobado se non se presenta ningunha nese prazo.

Bolsa	Programa	Ecoomica.	Orzamento actual	Proposta modificación	Orzamento Definitivo
1	0	3	16.000,00	1.400,00	17.400,00
2	0	9	7.000,00	-1.529,00	5.471,00
3	1	1	132.760,36	6.401,10	139.161,46
4	1	2	303.623,41	-11.690,00	291.933,41
7	2	2	11.393,29	5.400,00	16.793,29
11	3	6	471.558,40	1.000,00	472.558,40
12	3	1	64.546,86	300,00	64.846,86
16	9	2	119.184,92	-2.572,10	116.612,82
20	2	6	0,00	1.290,00	1.290,00
Total			2.679.570,37	0,00	2.679.570,37

Intervén o concelleiro delegado quen detalla as modificacións propostas xustificando a súa necesidade.

Polo grupo popular intervén como portavoz a concelleira Páez Figueiras quen di:

Como xa ven sendo normal en vostedes, habitualmente temos modificación dos orzamentos. Que supón que os orzamentos de 2011 non están aínda perfilados. Estanse sempre modificando créditos cando se presentaron os orzamentos en xuño e xa se empezaron as modificacións en xullo. Por iso son irresponsables, irrealis polo que o PP, seguindo a súa liña van a votar en contra.

O concelleiro delegado di:

Como habitualmente as críticas do grupo popular se repiten ano a ano. Non houbo tantas modificacións. Esta é a segunda e a súa contía e duns 15.000€. e a primeira foi para recoller un préstamo destinado a inversión. Respecto do orzamento de 2011 xa se está traballando nel.

Sometida a votación a proposta se aproba con seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista e dous en contra do popular.

1.05º.- PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

A proposta da 1ª tenente de alcalde este asunto se retira da orde do día.

Rematado o estudo da orde do día son declarados de urxencia por unanimidade os cinco puntos seguintes.

1.06º.- PRORROGA DA CESIÓN DUNHA MOTOBOMBA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para o funcionamento do servizo de loita contra incendios o concello tiña cedida pola Xunta de Galicia unha motobomba. Rematado o prazo de cesión, compre a súa prórroga, polo que propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aceptar a cesión pola Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia, por prazo de cinco anos, ao concello da motobomba matrícula C-5443-BB de conformidade coa Orde de 24 de xuño de 2010 (D.O.G. 123/2010 de 30 de xuño).

2.- A cesión estará suxeita aos dereitos e deberes que establece a orde citada.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e especialmente para a sinatura da acta de entrega.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.07º.- CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Dentro das actividades do concello en materia de servizos sociais é importante a labor de análise e difusión da situación demográfica para, coñecidos os problemas, atopar as mellores solucións. Tendo a posibilidade de organizar unha xornada subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar a realización dunha xornada sobre “análise demográfico e síndrome xerontolóxico”

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo unha achega de catro mil cincuenta euros (4.050,00€) para a realización de dita actividade.

3.- Aprobar o convenio a asinar entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para regular a achega devandita.

4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e especialmente para a sinatura do convenio.

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio

E obxecto do presente convenio a realización do proxecto denominado "Xornada: Análise demográfica c súndromes xerontolóxicas".

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade total de catro mil cincuenta euros (4.050,00€).

Considérame gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2010.

b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto.

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. A entidade comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta da entidade.

A entidade deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de catro mil cincuenta euros (4.050,00€).

Tendo o dito importe o carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade.

Cuarta.- () control económico,, supervisión, seguimento c inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a asociación deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título 1, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo 11, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2010.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación pola entidade da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades ou obras realizadas, temporalización, número de beneficiarios, os resultados obtidos e fotografías ou mostras en medio impreso da realización da actividade, debidamente datada e asinada.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
 1. Relación clasificada de gastos e investimentos da actividade subvencionada, polo custo total da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
 2. Certificación expedida polo Interventor ou Secretario municipal do custo total da actividade subvencionada, acreditando que a relación de gastos da actividade subvencionada atópase executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente. Asemade, acreditará que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

- *Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou entidade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.*
- *Se é o caso, se acompañarán documentos que acrediten que a imaxe corporativa da Deputación de Lugo -Área de Benestar Social- se inxeriu na publicidade da actividade ou comportamento subvencionado. Estes documentos acreditativos poden ser substituídos por unha declaración responsable do representante.*
- *Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*
- *No seu caso, declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do importe sobre o valor engadido, por non ter a posibilidade de compénsalo ou recupéralo.*
- *Certificación expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta do beneficiario na que se procederá, se é o caso, ao aboamento da correspondente subvención.*

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo beneficiario.

Sexta.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2010 con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2010.

Sétima.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de marzo de 2011. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, acórdase a súa aprobación cos seis votos a favor dos grupos nacionalista e socialista e dúas abstencións do grupo popular.

1.08º.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A FEGAMP E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA.

Dáse conta da seguinte proposta do concelleiro delegado de cultura:

Manuel María, aínda que nacido na Terra Cha, foi un escritor moi ligado á nosa comarca. A Fegamp e a fundación Manuel María de Estudos Galegos veñen de asinar un convenio de colaboración ao que se poden adherir os concellos galegos que o estimen oportuno. Tendo en conta que ese convenio será un importante apoio á cultura e á lingua galega, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar a adhesión do Concello da Pobra do Brollón ao convenio entre a Fegamp e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

2.- Comprometerse á achega anual de unha cota de douscentos euros (200,00€).

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e especialmente para a sinatura da adhesión ao convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto a colaboración entre a Fegamp e a Fundación Manuel María de Estudos galegos para a creación dun marco de acordos de mutua colaboración entre as Entidades Locais de Galicia e a Fundación que permita por unha parte a realización de actividades nos concellos relacionadas coa

promoción e desenvolvemento da cultura e lingua galega e por outra parte axudar á Fundación a realización de investimentos coa finalidade de contribuír á consecución do seu plan de actividades, entre as que figuran como máis destacables as de dotar á Fundación do inmoble no que naceu o grande persoeiro da cultura galega Manuel María, así como colaborar na rehabilitación necesaria do mesmo para que dispoña do espazo físico permanente máis axeitado e relevante, no que se expoña a obra, traballos e pertenzas do insigne escritor así como para promover a creación e a difusión da cultura galega.

De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese social da actividade así como a imposibilidade de promover a concorrência pública veñen dadas pola importancia da figura do escritor para as letras galegas. Son arredor de trescentas publicacións non seu haber, entre elas, o primeiro libro en galego despois da Guerra Civil (Muiñeiro de brétemas, 1950). Manuel María é autor dunha amplísima produción creativa que abriu novos camiños na poesía e que tivo grandes acertos na narrativa, no teatro, no ensaio e nas continuas colaboracións y xornalísticas nos máis diferentes medios. Distinguido con numerosos premios, entre os que destacan o "Premio Otero Pedraio", en 1999, "Celanova, casa dos poetas" en 1990, e membro da Real Academia Galega.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Aos efectos de realizar o seguimento do desenvolvemento das diferentes actuacións deste Convenio Marco, constituirase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes da Fegamp e dous representantes da Fundación.

Serán funcións desta Comisión, facer o seguimento das actuacións que se leven a cabo en desenvolvemento do presente Convenio de colaboración e resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

A Comisión reunirse ordinariamente, cando menos, unha vez ao ano, e extraordinariamente cando as circunstancias así o demanden.

SEXTA. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, renovándose anualmente de xeito automático de non mediar desconformidade dalgunha das partes.

SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución anticipada deste Convenio o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes ou a denuncia dunha das partes formulada cun aviso previo á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha, todo elo sen prexuízo da vontade de continuación de colaboración particular entre unha Entidade Local asinante de Protocolo de Adhesión e a Fundación.

O concelleiro delegado de cultura fai a presentación da proposta incidindo na importancia de Manuel María como escritos afincado na comarca de Lemos e a súa contribución á cultura galega e as vantaxes de ser entidade colaboradora da fundación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.09º.- CONTRATACIÓN DE OBRA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de contratación da obra que se indica, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar definitivamente a obra de "Instalación solar sobre cuberta pavillón polideportivo" á empresa Técnicas Eléctricas y Desarrollo Integral S.L. (TEYDY) no prezo ofertado de Cento corenta mil cento corenta e dous euros con setenta e oito céntimos (140.142,78€).

2.- A obra executarase de acordo coa memoria e o prego de condicións aprobados polo concello e as instrucións da dirección de obra.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.10º.- MOCIÓN DO GRUPO NACIONALISTA CONTRA OS RECORTES SOCIAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA DE 2011.

Dáse conta da seguinte moción do grupo nacionalista:

Exposición de motivos

Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011 recortan drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galiza, por medio dos orzamentos, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plan Concertado e de Servizos Sociais Comunitarios.

Ademais o goberno do PP na Xunta, reduce até deixar en 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que este ano dispoñía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais.

Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inclusión Social. Só dedica 150.000 euros para atender as persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de Atención a Comunidade Xitana.

Resulta tamén grave o feito de eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio as familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galiza e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo, preto de 1,2 millóns de euros.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:

- Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas as rendas de integración social (RISGA), as axudas de emerxencia social e ao Servizo de Asistencia no Fogar.
- Dedicar, como mínimo, ao Plan Concertado e ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente).
- Dedicar unha partida mínima de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inserción Social a través das oficinas de I+B, dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan Especial de Atención a Comunidade Xitana.
- Dedicar un partida mínima de 500.000 euros ao Programa de Atención a Persoas sen Fogar.
- Restabelecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio as familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas.

E, finalmente, os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar sen recorte algún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento galego a que, os orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Concretamente, os recursos destinados as rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.

2.- Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte algún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado.

O alcalde, como portavoz nacionalista explica o sentido da moción polo recorte do gasto social da Xunta de Galicia baixando as transferencias aos concellos e ao Consorcio Galego de Servizos Sociais.

A portavoz popular di:

Os orzamentos da Xunta de Galicia sufriron un recorte de financiamento superior aos 1.177 millóns de euros debido fundamentalmente a decisións do goberno socialista, como son a imposición dun novo límite para o endebedamento a redución de fondos finalistas do Estado a diminución das entregas a conta do modelo de financiamento a devolución das liquidacións negativas do ano 2008.

Polo tanto, os orzamentos da Xunta redúcense un 10,8%, sen embargo para o goberno do PP o gasto social é unha prioridade. Pois, con estes Orzamentos é a primeira vez en que as partidas destinadas a gasto social supoñen o 75% do total dos orzamentos.

En conclusión, os orzamentos da Xunta son realistas e austeros, ademais de garantir as prestacións sociais durante esta situación.

Como vostede saberá, o goberno central eliminou as pensións, os 426€ aos parados, conxelou as pensións e a redución que aplicou o Estado para 2011 da Lei da Dependencia é dun 17%, polo cal, e por todo isto, e se quere dígolle polo RISGA e polo Plan Concertado e demais, o partido popular votará en contra da moción a non ser que se acepte una emenda transaccional que temos para instar á Xunta. O contido da emenda é o seguinte:

Nos, o Concello da Pobra do Brollón,

Insta á Xunta de Galicia a que continúe preservando as prestacións e servizos sociais básicos para a cidadanía; e entre e/es que manteña o seu investimento no Plan Concertado e que incremente as dotacións destinadas á RISGA e as axudas Emerxencia Social.

Insta ao Goberno do Estado a que rectifique nas súas políticas antisociais recollidas nos Orzamentos Xerais do Estado de 2011, e en particular para o caso de Galicia que incremente as súas aportacións ao Plan Concertado e a que financie na porcentaxe legal do 50% as súas obrigas derivadas da Lei de Dependencia.

A portavoz socialista, di:

O goberno central tivo que reduci-lo gasto porque así o esixe a crise, aínda que os últimos datos din que se reduciu o endebedamento nun 40%. No que respecta aos 426€ de axuda aos parados os fondos vanse manter para fomento de emprego, pero daranse como axuda á formación.

Polo grupo nacionalista intervén o alcalde quen di:

Iso que trae aí {diríxese á portavoz popular} supoño que está moi mastigado e limitouse case a lelo, pero mire vostedes levan ano e medio gobernando na Xunta, bo, gobernando non, quentando a cadeira porque repiten constantemente que toda a culpa dos males de Galicia as ten Zapatero, porque o único que fan e votarlle a culpa ao goberno central, que se veñen transferencias de Madrid... eu pediríalle ao goberno da Xunta que se dedique a gobernar, porque non están, non se lles viu este ano, simplemente é votarlle as culpas a outros.

Di vostede que o 75% do orzamento se dedica a gasto social? Mire, é imposible, non vou discutir os datos, pero ese dato ten que estar mal. De todos xeitos está vostede cometendo un erro, porque se é unha porcentaxe respecto a un orzamento que diminúe realmente se reduce a contía. Os orzamentos para servizos sociais da Xunta de Galicia para 2011 son sensiblemente inferiores aos de 2010, e dicir, vai a haber recortes. Lles invito a que voten a favor porque precisamente o Concello da Pobra do Brollón necesita moito eses recursos.

Foi unha pena que non viñese a esa xornada que se fixo e vería que as previsións deste concello non son prometedoras. Como acción estratéxica de calquera goberno que dirixa este concello ten que ter en conta que o 10% da poboación é maior de 85 anos, temos xente moi maior, xente que vai necesitar RISGA, en exclusión social, con rendas baixas, polo tanto debemos de esixir que o goberno da Xunta manteña polo menos o nivel de 2010, xa non vamos a dicir o nivel acadado no bipartito que a vostedes non lle gusta e por iso se dedicaron a desmantelar o Consorcio de Servizos Sociais, as oficinas de I+B e todo o que estaba pensado para potenciar este carto pé do estado de benestar. Imos a esixirlle á Xunta de Galicia que manteña este estado de benestar. E invítalos a que voten conxuntamente con quen fai esta proposta.

A portavoz popular di:

Mire. Se comparamos a achega da Xunta bipartita de 2007 coa actual, que vostedes din que fixeron as Galescolas, os Centros de Día, todo iso que nos desmantelamos, o incremento é superior ao 50%, máis de 5 millóns de euros polo cal as cifras son as cifras. Se non estamos de acordo nas cifras, teremos que comparalas.

O alcalde, responde:

De 2010 a 2011 no Consorcio hai 5 millóns de euros de recorte, ao 2º Plan de Inserción Social 150.000€, que é unha cifra ridícula, e así sucesivamente. Vostedes teñen outro modelo de servizos sociais que nos, os de esquerda non compartimos. Nos pensamos que os servizos sociais teñen que basearse nos principios de igualdade e na solidariedade, non no espírito de beneficencia do que vostedes presumen. A parte desto, hai que dicir que todos estes investimentos que a Xunta non está disposta a facer, desde a Deputación Provincial de Lugo, cun goberno bipartito e de esquerdas do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, precisamente para corrixir todo este déficit de infraestruturas que a acción da Xunta vai xerar coa súa debilidade orzamentaria, se compromete a investir 11 millóns de euros para facer Centros de Día e Residencias espalladas por toda a provincia. Iso si que é facer un esforzo inversor, cousa que a Xunta do partido popular non fai. E vostedes o solucionan todo votándolle as culpas ao goberno central. Sorte que teñen que governe o partido socialista, porque se gobernasen vostedes, non sei a quen lle ían vota-las culpas. Vostedes falan da política antisocial do partido socialista. Política antisocial é a que se fai na Xunta de Galicia, que teñen competencias en servizos sociais e producen recortes. E non só son uns orzamentos antisociais, é que tampouco van xerar emprego como recoñeceu o mesmo presidente da Xunta de Galicia cando dixo que cos orzamentos se prevé a destrución de 400.000 postos de traballo. Se hai algo máis antisocial que non xerar emprego, dígame vostede o que.

A portavoz popular responde:

Falaba vostede do Plan Concertado. A redución faise sobre o gasto de persoal, que é menor ao 5% que se reduciron as retribucións dos empregados públicos. Polo que os investimentos da Xunta mantense igual que o ano pasado. En cambio, a achega estatal redúcese nun 12%.

O alcalde, responde:

Vostedes seguen a comparar cifras con transferencias do Estado. E non é iso. Se trata de priorizar. Eu podería ser moi demagórico porque vostedes falan das cadeiras de Touriño e eu poderíalle preguntar polas do Gaia, ou dos 5 millóns que custou a visita do papa. Poderían priorizar e ter máis sensibilidade e apostar polos servizos sociais. Pero o modelo de servizos sociais públicos vostedes non o entenden nin lles interesa. Vostedes apostan pola xestión privada dos servizos.

A portavoz socialista, di:

Como se volveu a reiterar o dos recortes, teño que dicir que houbo recortes porque estes últimos anos houbo unha grande crise, pero nos anos anteriores se fixo a Lei da Dependencia que constitúe o carto piar do benestar, e foi feita polo partido socialista. E, consecuencia desa Lei, non só se mellorou o benestar, se non que tamén se crearon postos de traballo. Por outro lado, grazas a esas medidas haberá superávit na Seguridade Social e se van a incrementar as pensións mínimas e as non contributivas.

O portavoz nacionalista di que o seu grupo non acepta a emenda transaccional.

Sometida a votación a proposta se aproba cos seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista e os dous votos en contra do grupo popular.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
25/10/2010	Orden pagamento factura Antonio Castro Fernández
29/10/2010	Concesión uso baixo casa cultura Asociación Prodeme
02/11/2010	Aprobación proxecto e prego condicións “Instalación solar sobre cuberta pavillón polideportivo municipal”
08/11/2010	Adxudicación contrato menor a Servitec Medioambiente obras “Restauración de camiños e Acondicionamento de elementos singulares de Outara e Salcedo
09/11/2010	Adxudicación contrato menor de obra a Excavaciones Goni obra “Mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno”
10/11/2010	Orden pagamento factura 2010-057 de Avante Ingeniería
16/11/2010	Concertar préstamo con Caixa Galicia por importe de 105.537,18 Euros con prazo de 120 meses
26/11/2010	Orden Pagamento Facturas número 277/09 a MGO, S.C. e facturas números 33388, 33765, 34135, 34483 e 34957 de Macro copia
26/11/2010	Orden pagamento
13/12/2010	Modificar saf a Rosa Diéguez López
17/12/2010	Concertar póliza de crédito Caixa Galicia por importe de 220.000 Euros con vencimento 31/12/2011
20/12/2010	Concesión SAF a Manuela Pérez López
22/12/2010	Concesión gratificación Alberto Fraga por substitución secretario durante 32 días hábiles

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* R-03/10

- Rogo oral que formula a portavoz popular:

Rogo que se convoquen os plenos coa anticipación necesaria para que a convocatoria estea en mans dos concelleiros con 48 horas de anticipación, xa que a deste pleno non lle chegou a moitos.

* P-15/10

- Pregunta oral que formula a portavoz do grupo popular.

Me gustaría que lle fixese ao grupo popular unha valoración sobre o funcionamento do servizo do B.T.T. neste verán.

+ O alcalde responde:

A día de hoxe non lla podo facer. en canto ao aluguer tería que falar antes con quen se ocupa do aluguer e do mantemento das bicicletas.

- A portavoz popular, pregunta:

Sabe vostede en que estado se encontran as rutas?

+ O alcalde responde:

Xa sei que a maleza medra, pero imos facer un convenio co Club Ciclista de Monforte e co Guímaro Motor que se comprometen a mantelas listas.

Segue un debate entre ambos sobre o tema e o estado en que se encontran as rutas.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as viente e unha horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e sete de xaneiro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,